



ÍNDICE XERAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE ALLARIZ

Referencia da fase: **32001-PECHA-202412-AI**

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBXECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE I INFORMATIVA

PARTE II XUSTIFICATIVA

ANEXO I. ESTUDO DA COLORIMETRÍA

ANEXO II.- ESTUDO DO COMERCIO

ANEXO III.- ESTUDO DA PAISAXE

ANEXO IV.- ESTUDO DA PAISAXE URBANA

ANEXO V.- ESTUDO DA MOBILIDADE

ANEXO VI.- ANÁLISE DA PEGADA DE CARBONO

ANEXO VII.- INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMATIVA URBANÍSTICA

DOC 05.- CATÁLOGO

DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA



ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN	4
1.1 ANTECEDENTES	4
2 MARCO URBANO E TERRITORIAL	5
3 INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL	7
3.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	7
3.2 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO	9
4 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE	9
4.1 O PECHA DE 1995	9
4.2 O PXOM DE 2003	11
5 CARACTERIZACIÓN DO TERITORIO	12
5.1 TOPOGRAFÍA	13
5.2 XEOLOXÍA	14
5.3 HIDROGRAFÍA	14
5.4 CLIMA	15
5.5 ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN	16
5.6 FLORA E FAUNA	17
5.7 PAISAXE	19
5.8 RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS	20
5.8.1 Risco de inundación	20
5.8.2 Risco de incendio	21
5.8.3 Risco de contaminación das augas	21
5.8.4 Risco sísmico	22
6 HISTORIA	22
6.1 FONTES DOCUMENTAIS E BIBLIOGRÁFICAS	22
6.1.1 Fondos documentais	22
6.1.2 Bibliografía	23
6.2 AS ORIXES DA VILA	24
6.3 PRIMEIRO PERIODO: REALENGO	25
6.3.1 Primeira etapa: os reis leoneses	25
6.3.1.2 EVOLUCIÓN SOCIO-ECONÓMICA E URBANÍSTICA	27
6.3.2 Segunda etapa: os reis casteláns	29
6.4 SEGUNDO PERIODO: SEÑORÍO	34
6.4.1 Demografía	39
6.5 TERCEIRO PERIODO: A IDADE CONTEMPORÁNEA	43
6.5.1 O século XIX	43
6.5.2 O rexurdir da vila	47
7 O DESENVOLVEMENTO DO PECHA	57
7.1 CONVENIOS E PROGRAMAS	59
7.1.1 Convenios de rehabilitación no período 1996-1999	59
7.1.2 Programas de rehabilitación no período 2000-2005	60
7.1.3 Programa de revitalización social e económica	61
7.1.4 Proxectos desenvolvidos con posterioridade	61



7.2 ACTUACIÓNS EXECUTADAS	62
7.2.1 Rehabilitación de fachadas	62
7.2.2 Rehabilitación de locais	64
7.2.3 Rehabilitación de vivendas.....	65
7.2.4 Intevencións en edificios públicos.....	66
7.2.5 Urbanizacións	70
7.2.6 Recuperación das marxes do Río Arnoia.....	76
7.2.7 Eliminación de cableado aéreo e antenas	76
7.2.8 Mobiliario urbano e sinalización	77
8 ANÁLISE SOCIOECONÓMICA	78
8.1 DEMOGRAFÍA	78
8.1.1 Evolución.....	78
8.1.2 Nivel de instrución.....	81
8.1.3 Previsións demográficas	81
8.2 ACTIVIDADE ECONÓMICA	83
9 ESTRUTURA DA PROPIEDAD	88
10 ACTIVIDADE URBANA. USOS DO SOLO.....	88
10.1 RELACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO CO SEU BORDE.....	89
10.1.1 O solo urbano circundante	89
10.1.2 As aldeas de Vilariño e A Frieira	90
10.2 O PATRIMONIO EDIFICADO	90
10.3 O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO	92
10.4 O PATRIMONIO INMATERIAL	93
11 INFRAESTRUTURA URBANA	94
11.1 COMUNICACIÓNS, TRÁFICO E MOBILIDADE.....	94
11.2 ABASTECIMENTO DE AUGA	96
11.3 SANEAMENTO	96
11.4 ENERXÍA ELÉCTRICA E ILUMINACIÓN PÚBLICA	96
11.5 REDES DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS E OUTROS SERVIZOS ADICIONAIS.....	96
12 DOTACIÓNS URBANÍSTICAS	97
12.1 EQUIPAMENTOS	97
12.2 ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES	98
12.3 INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS	99
12.4 INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS	99
13 EDIFICACIÓNS	99
13.1 DATOS XERAIS	99
13.2 VALORACIÓN DA EDIFICACIÓN	100
14 VALORACIÓN CRÍTICA	102
14.1 PROBLEMAS	102
14.2 RETOS.....	102
14.3 OPORTUNIDADES	103
14.4 NECESIDADES	103



DOC I.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE I. INFORMACIÓN

1 INTRODUCCIÓN

De conformidade co disposto no artigo 184.1.a) do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG), aprobado mediante o decreto 143/2016, do 22 de setembro, o presente documento constitúe a parte informativa da MEMORIA XUSTIFICATIVA do Plan Especial do Casco Histórico de Allariz.

1.1 ANTECEDENTES

a) O Ministerio de Educación e Ciencia, por medio do Decreto 1319/1971, de 20 de maio, declarou como Conxunto Histórico-Artístico ao Casco Histórico de Allariz, e procedeuse á redacción dun Plan Especial para ordenar o espazo do dito Conxunto, aprobado definitivamente en sesión da Comisión Provincial de Urbanismo do 9 de maio de 1995.

b) Tras máis de vinte e cinco anos de exitosa aplicación práctica co Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Allariz (en diante PECHA), a Xunta de Goberno Local de Allariz acordou na súa sesión do 17 de setembro de 2021, proceder á súa revisión, co gallo de axustarse ao novo marco xurídico, en particular á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), e á Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Na sesión celebrada o 13 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local, á vista do Ditame sobre do Concurso Público elaborado pola Mesa de Contratación, acordou adxudicar a Alfonso Botana S.L. a realización da revisión do PECHA.

c) Os meses transcorridos entre a data de adxudicación e a elaboración do presente borrador, serviron para a realización dunha primeira aproximación á información urbanística dispoñible para o ámbito e dunha diagnose inicial, que foi presentada ao Concello, describindo a metodoloxía de traballo e diversas propostas de intervención. Asemade, desenvolveuse a planimetría necesaria para abordar axeitadamente a realización do Plan Especial do Casco Histórico de Allariz así como unha ortofotografía a escala 1/500 da zona, elaborada con tamaño de píxel entre 2 e 4 cms.

d) Con data do 20 de xullo de 2023 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático resolveu non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica o "Plan especial de protección do casco histórico de Allariz", posto que do borrador presentado non se prevén efectos ambientais adversos significativos. Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do plan establece unha serie de



condicións ou determinacións a recoller no documento.

2 MARCO URBANO E TERRITORIAL

A Declaración de Conxunto Histórico-Artístico feita polo Decreto 1319/71, de 29 de maio non conleva un ámbito definido, un perímetro pechado, senón que consistiu no sinalo dos elementos ou bens definitorios e conformadores dese Conxunto; a saber:

- Igrexa de Santiago e os seus arredores.
- Igrexa de Santo Estevo, adro e rúas que a envolven
- Convento de Santa Clara e os seus arredores
- Zona da igrexa de San Pedro.
- Rúa Xardín, cos seus entronques -antiga muralla medieval.
- Zona da Casa e Balcón de Amoeiro.
- A ponte e igrexa de Vilanova, con avance de vista ao río.
- Zonas de Acearrica e Paseo do Arnado, incluída a Alameda.

A partir de ahí, o criterio seguido para fixar a Delimitación concreta do ámbito propio do Conxunto Histórico-Artístico, por parte das Normas Subsidiarias Municipais de Allariz non foi outro co de converter en perímetro o que de seu xa o forma.

De certo, os arredores das igrexas citadas: Santiago, San Estevo e San Pedro, xunto coa Rúa Xardín (a día de hoxe de Don Pepe Puga) e os seus entronques coa antiga muralla veñen supor a delimitación do último dos recintos amurallados medievais. O Convento de Santa Clara, xunto coa súa finca e o Campo da Barreira -no que se inscribe a igrexa e adro de San Bieito e ao que se asoma o vello arrabalde do Couto-, conéctanse con ese casco, do mesmo xeito que o fai a zona situada por baixo da Casa e Balcón de Amoeiro.

Doutra parte, a Acearrica na marxe esquerda e o Paseo do Arnado -incluída a Alameda- na ribeira dereita incorporan o río Arnoia a ese Conxunto Histórico, collendo así no seu interior ao Castelo e as hortas da súa aba setentrional.

Fóra, alomenos aparentemente, do Conxunto así configurado, pero que se entendeu como necesaria a súa incorporación a el, están: na banda dereita a vella Fábrica de Coiros de Nogueira, augas abaixo da ponte de San Isidro, e a Torre Lombarda, na banda esquerda do río.

Así mesmo tamén se recolle a vista do río dende a ponte de Vilanova e as represas do complexo de aceas da Acearrica tal e como se describe no decreto de protección do conxunto histórico-artístico.

O resto da delimitación só ven sendo a unión entre o entronque da estrada de Celanova co adro de San Bieito (rúa E. Pardo Bazán), xa doutra volta que colle no seu interior os arredores da Igrexa de San Pedro (Colexio dos Salesianos e hortas colidantes coa rúa Entrecerca).

O conxunto urbano así delimitado polo PECHA vixente acadaba unha superficie total aproximada 289.000m². Porén, o presente PECHA propón a incorporación ao ámbito da



Pasarela Noria que comunica Torre Lombarda co comunicación co parque etnográfico, a Caseta dos Camiñeiros, que foi lugar onde se pagaba o imposto para acceder á vila, e a totalidade da rúa Aceñas ata a súa chegada a Acea Rica. Estas modificacións, contempladas no art. 65.2 LSG e 157.2 do RLSG, supoñen un incremento na superficie do ámbito de apenas un 1%, acadando os 293.837,05 m², polo que non supera o 10% permitido por lei.

No dito Conxunto, formado ao longo da historia a través da expansión sobre os chanzos que significaron os sucesivos recintos defensivos, poden advertirse a día de hoxe diversas partes, segundo sexa a perspectiva que elixamos.

Así, se o enfoque elixido ven condicionado por unha visión histórica teríamos que falar dunha primeira división entre o espazo intramuros e o espazo de fora de murallas. A muralla aínda permanece en anacos de considerable lonxitude, sendo recoñecible a simple vista a inmensa maioría do trazado. Mais fora dos recintos amurados situáronse xa dende moi atrás elementos de indubidable valor histórico e urbano, cal son, poñamos por caso, o Convento de Santa Clara, San Bieito e barrio do Couto, a igrexa de Vilanova e a Ponte do mesmo nome, a Lombarda ou o Arnado.

Máis interesantes resultan quizais outras perspectivas. Así, poderíamos distinguir entre zonas de indubidable carácter urbano e zonas de recoñecible carácter rural. Dentro das primeiras -absolutamente maioritarias- situaríanse non só aquelas áreas con notoria densidade edificatoria, senón tamén os grandes baleiros urbanos: A Barreira, O Arnado, a Zona Deportiva de Vilanova ou O Castelo. As zonas rurais cínxense, a día de hoxe, as terras situadas ao norte e nordés do Castelo, sobre da pronunciada topografía caendo cara ao río.

Ata hai moi poucos anos, a vila de Allariz viña coincidir co marco urbano que estamos a describir, ampliado soamente nas marxes do viario de relación da vila co seu territorio e co exterior: estrada de Madrid cara a Nanín ou cara ao Piñeiro e Orraca, estradas de Sta. Mariña, Vilavoa, Xunqueira e Celanova.

A vila, protexida ata o século XIX polo Castelo, foi de sempre un punto chave nas comunicacións de Galicia coa Meseta outorgando tradicionalmente o rol de punto de obrigada parada para as comunicacións de longo percorrido e, ao tempo, punto de incorporación a esas comunicacións para as terras da Comarca de Allariz e, mesmo para algunhas comarcas veciñas (poñamos por caso, a de Celanova).

Antes de terse construído no século XIX, a estrada de Castela (N-525) as comunicacións facíanse a través do propio C.H.A. Portelo e a saída por Castela cara a anterior ponte de San Isidoro, que unían o Balcón de Amoeiro coa rúa da Calzada, ponte aínda recoñecible nas bases dalgún dos seus arcos. A estrada de Vilanova entraba por San Estevo e Fonteiraña; e a de Celanova por San Lázaro; conformando así os percorridos SL-W e NW-SW, que unidos ao que circunvala o Castelo (Cárcel e Vilanova) e que, viña da zona de San Pedro (Hospital e Cruz) levaban ao Centro da vila Histórica, formado polas prazas situadas ao carón da igrexa de Santiago: a Praza Maior e a Praza de Abaixo.

A vila de Allariz xogou diversos roles ao longo da historia -coma irnos ver axiña. A día de hoxe é o centro urbano para un centenar, aproximado, de núcleos rurais de poboación- situados maioritariamente sobre da conca do Arnoia e máis concretamente sobre dese foxo de 10 Kms.



de diámetro pechado ao norte pola sucesión de elevacións que forman o Pico de Cástrelos, o Outeiro de Boa Madre e os Montes de Santa Mariña e ao sur polo San Cibrao, a Penamá e os Montes de San Marcos, formando unha paisaxe única na que o Arnoia ven ser un eixo e unha referencia constante. O territorio que atinxe os roles que xoga Allariz é el mesmo un soporte físico de indubidable valor natural (ben apreciado polas xentes que moran en outros medios urbanos xa degradados), medio que se conserva, en boa parte, pola baixa presión poboacional e o espallamento dos asentamentos humanos, todos -ademais- de moi pequenas dimensións.

Situado nunha das beiras máis salientables do Arnoia, o Casco Histórico de Allariz ven ser un prodixio de equilibrio entre edificación relixiosa e civil, entre edificios públicos e edificación privada, entre edificación de porte patego e humildes casiñas de menestreis; entre "grandes" superficies outrora adicadas ás tradicionais industriais alaricanas (coiro e moenda) e as pequenas edificacións complementarias de carácter agropecuario que aínda subsisten en algunhas zonas do Conxunto Histórico e non só nos espazos de borde; equilibrio entre un sistema arterial de rúas estreitas con trazados de notoria impronta histórica, e os grandes espazos da periferia: A Barreira, a Acearrica ou o Amado; equilibrio entre os espazos públicos (rúas, prazas, curros), e os privados (hortas nos interiores dos quinteiros, de desigual tamaño e fasquía nunha boa parte delas); equilibrio entre usos residenciais e uso de carácter mais produtivo: comercio, artesanía, hostalaría, servicios...

Quizais por mor deses equilibrios, así como por terse alonxados do C.H.A. o rol secular de punto de paso, se teña conservado suficientemente o marco urbano básico de Allariz ata que a conciencia social entendeu que era preciso proceder á adopción de medidas para a súa conservación, medidas que se se quere que sexan efectivas deberán compatibilizar esa conservación e posta en valor do inestimable Patrimonio Histórico (do marco urbano) coa súa mellora, perfeccionamento e desenvolvemento.

3 INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL

3.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Segundo as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) o núcleo de Allariz constitúe un dos 26 nodos para o equilibrio do territorio distribuídos por todo o territorio capaces de acoller funcións urbanas básicas, garantir o acceso da poboación rural aos servizos que a sociedade actual require e para proporcionar unha estrutura de poboamento viable, xestionar o territorio e aproveitar as oportunidades existentes nel. Estes Nodos pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal.

Entre as liñas de acción que establecen as DOT para estes Nodos destacan as seguintes:

- Mellora das infraestruturas de comunicación, aumentando a accesibilidade dos nodos para o equilibrio do territorio, facilitando os desprazamentos entre eles e a súa conexión cos elementos superiores do sistema de asentamentos.
- Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o



atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.

- Potenciación das súas infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición relativamente afastada dos principais centros urbanos.
- Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a valorización dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.
- Deseño de iniciativas territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endógeno que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade, especialmente aqueles vencellados aos recursos do territorio. Neste senso cómpre destacar a necesidade de favorecer a concentración e axeitado dimensionamento das industrias da madeira, potenciando desde as Administracións públicas unha maior competitividade e equilibrio que induza ao desenvolvemento da cadea da madeira no seu conxunto, fomentando a cooperación interempresarial e a dispoñibilidade de infraestruturas comúns.
- Potenciación das sinerxías con espazos máis dinámicos e a valorización das iniciativas e oportunidades locais para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.
- Determinación das áreas ou elementos que, polos seus valores e funcións ambientais (incluíndo os culturais), deban ser obxecto de protección, procurando a correcta integración no conxunto das áreas estratéxicas de conservación e no conxunto de ámbitos de interese do patrimonio cultural. Procurarase a formación de corredores ecolóxicos e prestarase especial atención aos espazos naturais e aos elementos do patrimonio cultural.
- Fixación dos usos do solo e o equilibrio entre as distintas partes do territorio, baixo a perspectiva da súa sostibilidade, baseándose para iso na "capacidade de carga" entendida como a aptitude dun territorio para soportar un nivel de intensidade de usos sen que, en ningún caso, se produza un proceso de deterioración ambiental, social ou cultural.
- Establecemento de medidas ou normas de coordinación precisas para que as determinacións dos instrumentos de planeamento urbanístico municipal sexan coherentes entre si, tanto no relativo á clasificación do solo como na previsión de redes de infraestruturas e servizos, equipamentos, e na localización de novos desenvolvementos residenciais, industriais ou terciarios, así como nas respectivas estratexias de protección ambiental e conformación de redes de espazos verdes e libres.
- Definición de medidas de mellora do metabolismo urbano co obxectivo de reducir a



pegada ecolóxica destes ámbitos e incrementar a súa sostibilidade.

- Estimación das necesidades de reserva de solo para vivenda sometida a algún réxime de protección pública.

3.2 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O Plan Básico Autonómico (PBA) é un instrumento de planeamento urbanístico que ten por obxecto delimitar, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes; así mesmo, establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación.

As determinacións contidas no Plan básico autonómico son as seguintes:

- Relación cos instrumentos de ordenación do territorio.
- Determinación das afeccións derivadas das lexislacións sectoriais sobre o territorio.
- Identificación dos asentamentos de poboación existentes.
- Regulación dos usos do solo e da edificación.
- No caso de Allariz, por tratarse dun concello con plan xeral de ordenación municipal vixente, o Plan básico autonómico ten carácter complementario deste, sendo de aplicación unicamente para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

4 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE

4.1 O PECHA DE 1995

Como se dixo ao inicio, a delimitación do ámbito foi establecida polas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas en 1994 e foi obxecto dun Plan Especial para a protección e reforma interior do centro histórico de Allariz e para o de Santa Mariña de Augas Santas previsto en ditas normas (PECHA).

O PECHA foi aprobado inicialmente en data 19 de xaneiro de 1995 e sometido a información pública, sendo aprobado definitivamente en sesión da Comisión Provincial de Urbanismo do 9 de maio de 1995.

a) OS OBXECTIVOS, DETERMINACIÓNS E CRITERIOS DO PECHA 1995

Este plan desenvolveuse co obxecto de incidir na protección de todas as unidades catastrais do conxunto, a tipoloxía construtiva, garantindo o respecto ao parcelario existente, encadrando o mesmo dentro da estratexia de ordenación do territorio que tentaba preservar os seus valores esenciais e facilitar a optimización dos seus recursos para conseguir un desenvolvemento sostible.




Certamente a súa redacción non partía unicamente da obrigación legal de conservación do patrimonio, senón do convencemento de que no labor de posta en valor do patrimonio histórico do municipio atopábase a chave do seu futuro desenvolvemento económico. Nese sentido, e en consonancia cos principios que orientaban as propias Normas Subsidiarias do municipio, o Plan consideraba a Natureza e a Historia de Allariz non só como os sinais de identidade do pobo, senón como un importante recurso económico.

O PECHA consta de memoria, planos de información e ordenación, normativa urbanística (na que se integran as fichas de edificación e catálogo de elementos a protexer) e estudo económico-financeiro. Estrutura o ámbito en cinco zonas de ordenanza en función do seu tratamento homoxéneo, con independencia dos tratamento singular que a ficha individual asigne a cada edificio ou parcela, diferenciando ordenanzas de Edificación intensiva, edificación extensiva, equipamentos, espazos libres e zonas verdes e usos agrarios.

Delimítase unha Área de Rehabilitación Integrada, formada polos quarteiros onde resultan de aplicación as ordenanzas de edificación intensiva, equipamentos e espazos libres, e prevense tres actuacións prioritarias (no Campo de A Barreira, O Castelo e o Campo de Fútbol).

O desenvolvemento do Plan especial do Casco Histórico foi un dos exemplos da acertada política urbanística e territorial que se desenvolveu no municipio a partir dos anos 90 e que levou a Allariz a ser galardoado en 1994 co Premio de Urbanismo da Unión Europea polo proxecto de ordenación e recuperación do conxunto histórico e do seu río, a obtención no ano 2000 da cualificación GOOD sobre boas prácticas para a mellora da contorna urbana por parte do Centro de Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos, e tamén a ser seleccionado para formar parte da Reserva da Biosfera de Allariz que foi declarada pola UNESCO no ano 2005.





4.2 O PXOM DE 2003


Posteriormente, no ano 2003 aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Allariz (PXOM) que, mantendo os principais obxectivos marcados polas Normas configúrouse para corrixir as carencias detectadas tras o desenvolvemento das Normas e poder adaptalo ás novas necesidades do municipio que permiten seguir impulsando o desenvolvemento económico e manter os criterios de sostibilidade que tan bos resultados estaban dando.

a) OS OBXECTIVOS, DETERMINACIÓNS E CRITERIOS DO PXOM DE 2003

Os obxectivos xerais do PXOM pasan por :

- Seguir apostando pola procura da maior calidade de vida.
- Procurar unha ordenación que sen alterar o modelo vixente axuste as indefinicións, corrixa os erros advertidos pola experiencia dos anos pasados, e afonde nas novas posibilidades de desenvolvemento que a botaron do funcionamento polo modelo elixido con anterioridade,
- Conservar e mellorar a parroquia como institución básica da convivencia cotiá no medio rural, adoptando as medidas de todo tipo que favorezan o mantemento da poboación nos seus asentamentos, potenciando a explotación racional dos seus recursos produtivos e solventando as carencias dotacionais existentes en algunhas parroquias.
- Manter as cautelas que demanda a correcta explotación dos dous recursos que fixeron posible o desenvolvemento sustentable experimentado na década dos noventa: a natureza e a historia.
- Distinguir, a efectos da ordenación, entre o norte e o sur do Arnoia, en razón das potencialidades e valores de cada unha das marxes da conca do Arnoia e das outras dúas concas nas que participa Allariz.

O PXOM establece unha serie de criterios xerais de ordenación relativos ás infraestruturas de comunicacións (nos que se prevén solucións de circunvalacións ou incorporación de carril bici), a infraestruturas de servizos (onde se considera o mantemento das redes existentes), os equipamentos (nos que se prevén novas dotacións ou ampliación das existentes –tal é o caso do cemiterio municipal-), e aos espazos libres e zonas verdes.



b) REVISIÓN DO PECHA

Segundo establece a Disposición transitoria quinta, da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, vixente “Os concellos que á entrada en vigor desta lei contén cun plan especial de protección anterior á entrada en vigor da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, relativo a un conxunto histórico e ao amparo de leste exerzan as competencias de autorización previstas na lexislación anterior, seguirán exercéndooas durante un prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, durante o cal deberán de proceder á súa adaptación a esta lei, para poder exercer as competencias previstas no artigo 58.”


Polo tanto, sendo este o caso do PECH de Allariz debe procederse a súa revisión.

5 CARACTERIZACIÓN DO TERITORIO

O municipio de Allariz sitúase na metade occidental da provincia de Ourense formando parte da comarca de Allariz-Maceda.

O territorio municipal abrangue unha superficie de 86Km² que se reparten en 16 parroquias con 92 núcleos de poboación e a vila capital na que se inclúe o Conxunto Histórico-Artístico de Allariz, declarado BIC.


Trátase dun ámbito que abrangue unha extensión de 288.451,20 m². Porén, o presente documento considera necesario ampliar o mesmo no bordo sur do río Arnoia, co gallo de incorporar a edificación de información turística (antiga Caseta do Camiñeiro) a Pasarela Noria que comunica Torre Lombarda coa fábrica de coiros de Nogueira, acadando unha superficie final de 293.837,05 m².



5.1 TOPOGRAFÍA

A vila e concello de Allariz aséntanse no curso medio do río Arnoia, que atravesa o concello de leste a oeste, xunto co Miño ao norte e o Limia ao sur.

O ámbito do PECHA aséntase no val do Arnoia, en altitudes que abranguen desde os 425 m do cauce, ata os 493 m do Monte do Castelo. Destaca a planicie dos terreos situados no interior do Convento de Santa Clara e na curvatura do Arnoia, en contraposición coas acusadas pendentes do Monte Castelo, que superan en ocasións o 50%.



Pendientes no ámbito



5.2 XEOLOXÍA

A vila de Allariz aséntase na solaina dun montículo granítico, o Castelo, que preside a volta do Arnoia. Na súa cima, probable recinto castrexo, levantouse na Baixa Idade Media unha fortaleza que dominaba o paso do río e que serviu de paraugas defensivo á vila.

O ámbito atópase situado, dende un punto de vista xeolóxico, na zona IV, Galicia Media-Tras Os Montes definida por MATTE en 1968, nunha zona de relevos e outeiros suaves formados por granitoides alcalinos. Litolóxicamente está formado por leucogranitos, que producen efectos térmicos nos xistos que os bordean e nos enclaves destes que hai dentro do granito, con xeración de sillimanita $\pm$ andalucita nas rochas xistosas, e ás veces procesos de moscovitización.

Hidroxeoloxicamente, estes materiais destacan pola súa fisuración (no macizo non alterado) e porosidade intergranular (se hai capas superficiais alteradas).

5.3 HIDROGRAFÍA

O Conxunto Histórico-Artístico (C.H.A) está dominado por un promontorio de 493 metros de altura nas marxes do río Arnoia de onde xurdiu a vila tras o levantamento dun poboado castrexo fai máis de 2.000 anos. O río Arnoia segue a ser a día de hoxe, grazas ás importantes labores realizadas para a súa recuperación e a do seu contorno, un elemento estratéxico e identitario da vila de Allariz. As actuacións desenvolvidas no río e no seu contorno fixeron que non fose un simple borde ou lindeiro, se non que o converteron nun elemento central da vila establecendo un vínculo natural entre o casco histórico e as áreas de expansión mais recentes, servindo por tanto de área de amortecemento entre o novo edificado e parte mais antiga.

Así, o río Arnoia converteuse nunha peza fundamental sobre a que se sustenta boa parte do atractivo de Allariz cun forte vínculo desde o punto de vista ambiental, paisaxístico, cultural, etnográfico e tamén recreativo xa que actualmente é empregado como unha gran zona verde para o lecer da poboación residente e dos numerosos visitantes que acoden a vila. Nas súas marxes atópanse as praias fluviais do Arnado e de Acearrica, paseos creados a ambas marxes que permiten un percorrido circular, pontes como a románica de Vilanova ou a de A Acearrica, o Paseo da Alameda, o parque de Portovelo ou a Área recreativa de Vilanova.

O ámbito de estudo pertence polo tanto á conca do río Arnoia e á Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, formado parte do sistema Miño baixo- Limia.

Código da masa	Nome	Natureza	Número IPH	Tipoloxía	Lonx.(Km)
ES482MAR002080	Río Arnoia II	Natural	31	Pequenos eixes cántabro-atlánticos silíceos	45,35


As actuacións realizadas no río reflicten o bo estado da masa de agua correspondente ao tramo de río Arnoia que discorre polo núcleo de Allariz.



Estado ecolóxico	Estado químico	Estado global	Tendencia	Cumprimento Obxectivos Medioambientais
Moi Bo	Bo	Bo ou Mellor	Mantense	Si

A masa de auga subterránea sobre a que se asenta o ámbito é a denominada Conca Baixa do Miño (011.002).

Segundo o Plan de Xestión de Riscos de Inundación da Demarcación 4,84 Km do tramo do río Arnoia que discorre polo núcleo de Allariz, desde A Acea ata Castrelo, presentan risco de inundación (ARPSIS ES010-OU-01-06 no tramo do río Arnoia ES010-OU-01-06-25663-10). Este tramo atópase en zona de fluxo preferente e presenta risco de avenidas para os períodos T100 e T500.



Hidrografía Río Arnoia ao seu paso por Allariz. Zona de fluxo preferente e Zona de Policía de Augas

5.4 CLIMA

O tipo de clima de Allariz correspóndense co o suboceánico interior Sur. Allariz encóntrase na subrexión fitoclimática subhúmeda de tendencia centroeuropea (Allué). As condicións climáticas presentan contrastes fortes segundo a época do ano derivadas dos certos resgos de continentalidade do ámbito pois nos meses de Novembro a Marzo existen temperaturas baixas, aumentan o número de xeadas e a concentración das precipitacións anuais; situacións estas derivadas da súa posición interior e da menor influencia do mar e por outra banda do descenso en latitude do anticiclón das Azores que permite a entrada de perturbacións asociadas á fronte polar. Pola contra nos meses de estío as temperaturas medias ascenden notablemente e as precipitacións redúcense ás de tipo convectivo producidas polo quecemento natural da terra.

As redes de meteoroloxía da Xunta de Galicia non posúe estación no concello de Allariz, polo



que os datos climatolóxicos haberán de extraerse das estacións da contorna. Segundo os datos desprendidos da Estación de Xinzo, situada nas coordenadas UTM-ETRS89 (X/Y/Z): 606030/4661872/616 obtéñense os seguintes parámetros referidos ao ano 2020:

- Temperatura media anual a 1,5m: 12,35 °C
- Temperatura máxima anual a 1,5m: 37,2 °C
- Temperatura mínima anual a 1,5m: -6,6 °C
- Chuvia diaria máxima: 27,4 l/m²
- Número de días de chuva: 122 días con chuva superior a 0 l/m², 96 días con chuva superior a 1 l/m², 21 días con chuva superior a 10 l/m², e ningún día con chuva superior a 30 l/m².
- Humidade relativa media anual a 1,5m: 83,08%

Conclúese por tanto que o clima allaricano é relativamente seco e extremado, pese á influencia atlántica. Presenta grandes oscilacións térmicas entre o día e a noite, e entre o verán e o inverno, cunha temperatura media anual superior aos 10°C, poucas precipitacións, na súa maioría de escasa intensidade, e cun balance hídrico negativo.

5.5 ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN

As DOT determinan que as Áreas estratéxicas de conservación, como ámbitos de especial valor natural e ecolóxico, corresponderanse coas áreas protexidas establecidas pola lexislación estatal e autonómica, en materia de espazos naturais e conservación da natureza, así como as futuras declaracións de novos espazos protexidos, e outras posibles áreas ou formacións que poidan presentar valores de calquera tipo físico ou natural cun interese local ou supramunicipal, e que complementen a funcionalidade das xa protexidas.

Segundo establece a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, a Rede galega de espazos protexidos está constituída polos espazos naturais protexidos de competencia autonómica declarados e que se declaren no futuro nas seguintes categorías: Reserva natural, parque, monumento natural, zona húmida protexida, paisaxe protexida e espazo protexido Rede Natura 2000.

No ámbito do PEPOID non se atopan áreas con estas características pertencente á Rede galega de espazos protexidos nin a Rede Natura 2000. Asemade, non se atopan espazos naturais de interese local nin espazos privados de interese natural.

O ámbito do PECHA intégrase no espazo da Reserva da Biosfera da Área de Allariz pola UNESCO no ano 2005 co código ES010ZEPR1110100223, co obxectivo de servir de exemplo práctico de equilibrio entre o desenvolvemento económico e social, o mantemento dos valores culturais propios e a conservación da diversidade biolóxica.

Respecto á zonificación da Reserva:


- A zona núcleo inclúe os espazos que reúnen os valores naturais máis significativos e representativos (ecosistemas e especies) do conxunto da superficie da Reserva da



Biosfera, incluíndo Parques Naturais e Rede Natura 2000.

- A zona tampón comprende espazos naturais protexidos pola Rede Natura 2000 e outros espazos que compren unha función de amortecemento de posibles impactos negativos provocados na zona de transición ao redor das zonas núcleo.
- A zona de transición está constituída polo resto do territorio proposto como Reserva da Biosfera e acolle a maioría de actividades económicas (agrarias, industriais e de servizos), así como os sistemas urbanos e de comunicacións.

O casco antigo de Allariz sitúase nunha zona exterior de transición, rodeado de zona tampón e mais de 1,5 Km das zonas consideradas como núcleo.



Zonificación da Reserva da Biosfera Área de Allariz

5.6 FLORA E FAUNA

Tendo en consideración a distribución dos taxóns segundo os mapas corolóxicos de Rivas Martínez (1987), o municipio de Allariz encádrase na rexión Eurosiberiana, Provincia Cantabro Atlántica, Sector Galaico Portugués e subsectores Miñense e Xuresiano Queixense. Polo cal estamos nunha área de ecotono e transición onde a flora mestúrase o que leva consigo unha maior diversidade florística.

Os bosques característicos destas terras ao oriente da dorsal galega (vertente de sotavento; máis seca e cálida que barlovento) pertencen por tanto á asociación *Holco molli Querceto pyrenaicae* en concreto a serie 18 b): Serie supra-mesomediterránea carpetana occidental, orensano-sanabriense y leonesa humedo-hiperhúmeda silicícola de *Quercus pyrenaica* o roble melojo (*Holco mollis- Quercetum pyrenaicae sigmetum*).VP, robledades de melojo. Faciación típica con *Quercus robur*.

Por tanto as especies máis representativas das frondosas, son os carballos e os cerquiños. Tamén destaca a vexetación de ribeira con predominio de especies caducifolias demandantes de



elevada humidade do solo. A elevada evapotranspiración neste ámbitos tradúcese na aparición de multitude de especies vexetais arbustivas e herbáceas adaptadas á inestabilidade destes hábitats.

No ámbito e nas súas proximidades non se identifican árbores o formacións incluídas no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

A vexetación autóctona está formada fundamentalmente por carballos, piñeiros, castaños e ameneiros na marxe norte do ámbito, nun espazo cada vez máis deforestado co conseguinte avance do monte baixo de toxo, xesta e carqueixa.

Segundo se pode observar do mapa de coberturas e usos do solo (SIOSE 2014) a cobertura vexetal do ámbito está dominada por arborado caducifolio nas ribeiras do río Arnoia, por mato vinculado a este curso de auga e aos cultivos e polas zonas verdes.

Segundo o Inventario Español de Especies Terrestres a información cartográfica correspondente á cuadrícula de 10x10Km na que se inclúe o ámbito do PECHA (29TNG97) poden atoparse as seguintes especies inventariadas pola normativa autonómica (Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas, CGEA) ou estatal (Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas, CEEA):

CADRO Nº 1.- Especies protexidas potencialmente presentes no ámbito

GRUPO	ESPECIE	CGEA_DECRETO 88/2007	CEE_A RD 139/2011
Anfibios	<i>Rana iberica</i>	Vulnerable	Protección especial
Réptiles	<i>Anguis fragilis</i>	Vulnerable	Protección especial
Réptiles	<i>Emys orbicularis</i>	En perigo de extinción	Protección especial
Réptiles	<i>Natrix maura</i>	Vulnerable	Protección especial
Réptiles	<i>Rhinechis scalaris</i>	Vulnerable	Protección especial
Réptiles	<i>Timon lepidus</i>	Vulnerable	Protección especial
Mamíferos	<i>Galemys pyrenaicus</i>	Vulnerable	Vulnerable

Respecto os plans de conservación e recuperación de especies vixentes, o ámbito atópase na área potencial do Plan de recuperación do Sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.) en Galicia (Decreto 70/2013, do 25 de abril).

A área de distribución potencial defínese como a área que polas súas características naturais e estado de conservación reúne condicións como hábitat da especie. Forman tamén parte desta área de distribución potencial as áreas identificadas e verificadas como zonas de conexión entre os actuais núcleos de poboación.

O Plan inclúe na área de distribución potencial as masas de auga lénticas e zonas húmidas, así como as súas correspondentes zonas de policía de 100 m de largo en cada banda, das zonas sinaladas como áreas de presenza e prioritarias que se atopan a mais de 2 Km de distancia cara o nordeste do Casco histórico de Allariz, augas arriba do río Arnoia.

Respecto do Plan de xestión do Lobo, e dado o elevado grao de urbanización da vila, inclúese



na zona 3, na que a densidade desta especie e a probabilidade de danos á gandería é menor.

5.7 PAISAXE

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, incorporou a crecente sensibilidade social pola paisaxe, elevándoa a rango de lei por vez primeira en Galicia, e fíxoo desde a máis actual concepción daquela, que emana do Convenio europeo da paisaxe, asinado en Florencia o 20 de outubro de 2000.

Posteriormente, mediante o Decreto 119/2016 (DOG do 25/08/2016), aprobouse o Catálogo das paisaxes de Galicia, no que se identifican os tipos de paisaxe, delimitan as unidades de paisaxe, inventarían os valores paisaxísticos, analizan as causas que determinaron cada tipo de paisaxe e faise unha diagnose xeral sobre o estado da paisaxe, en cada área paisaxística.

A través do Decreto 96/2020, aprobouse o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (RLPPG), deixando constancia da cada vez maior importancia da paisaxe para abordar calquera tema urbanístico.

Así, segundo o artigo 35 deste regulamento, os estudos da paisaxe fundamentaranse nos Catálogos da Paisaxe de Galicia, pomenorizando nos aspectos que resulten necesarios.

Ademais, elaborárase unha análise da paisaxe do ámbito e do entorno no que se inxire, identificando os tipos e unidades de paisaxe. Reflexáranse as zonas de valor paisaxístico, así como unha análise da visibilidade, e a identificación dos impactos paisaxísticos existentes e a incorporación de medidas correctoras.

Segundo as Directrices de paisaxe de Galicia, aprobadas mediante Decreto 238/2020, do 29 de decembro, os instrumentos de ordenación do territorio deberán estudar a paisaxe do seu ámbito territorial, en canto aos aspectos sinalados na determinación DX.01 e DX.03 que procedan en cada caso, en atención á natureza e ámbito territorial do instrumento en cuestión.

A tal efecto, o PECHA incorpora no seu Anexo 03.3 á presente Memoria Xustificativa o correspondentes Estudo da paisaxe e o Estudo da paisaxe urbana.

O ámbito pertence segundo a Estratexia Galega da Paisaxe ao Grande Área Paisaxística (GAP) número 4 que forman as Chairas, Fosas e Serras Ourenás, e a súa vez, comarca paisaxística do Alto Arnoia (4.1). A comarca Alto Arnoia abrangue partes dos concellos de Allariz, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Maceda, Esgos, Xunqueira de Espadañedo, Montederramo, Castro Caldelas, Vilar de Barrio e Laza.

Segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia a zona de estudo pertence, segundo a súa xeomorfoloxía e clima, á unidade paisaxística formada por chairas e vales interiores; Rururbano (diseminado); Mesotemperado inferior. Segundo a cuberta predominante, as unidades de paisaxe que identifica o Catálogo no ámbito son a de Conxunto histórico, urbano (cara o noroeste) e rururbano diseminado na contorna do Casco histórico.

Ademais do valor arquitectónico e etnográfico do casco antigo, destaca polo seu valor natural e paisaxístico o río Arnoia tanto pola vexetación de ribeira, como pola percepción da auga en movemento, as pontes, as construcións singulares das súas beiras no tramo que atravesa o C.H.A



e mesmo como principal elemento configurador da orografía e da paisaxe.


5.8 RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS

5.8.1 Risco de inundación

Segundo o Plan de Xestión de Riscos de Inundación da Demarcación 4,84 Km do tramo do río Arnoia que discorre polo núcleo de Allariz, desde A Acea ata Castrelo, presentan risco de inundación (ARPSIS ES010-OU-01-06 no tramo do río Arnoia ES010-OU-01-06-25663-10). Este tramo atópase en zona de fluxo preferente e presenta risco de avenidas para os períodos T100 e T500 polo que se deberan ter en conta no PECHA as normas sectoriais de aplicación.

FICHA EVALUACIÓN HIDROMORFOLÓGICA DE ARPSI - SUBTRAMO			
CÓDIGO ARPSI	ES010-OU-01-06	NOMBRE ARPSI	Allariz
CÓD. SUBTRAMO	ES010-OU-01-06-25663-10	Nº DE MASAS ASOCIADAS	1
CÓDIGO MASA ASOCIADA	ES010MSPFES482MAR002080		
% ARPSI EN MASA ASOCIADA	76-100%	NOMBRE	Río Arnoia II
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES HIDROMORFOLÓGICAS - RÉGIMEN HIDROLÓGICO DE LA MASA DE AGUA ASOCIADA AL ARPSI			
Grado de alteración del RÉGIMEN HIDROLÓGICO: CAUDALES LÍQUIDOS (Icahs)			Bajo
Grado de alteración del RÉGIMEN HIDROLÓGICO: CAUDALES SÓLIDOS (Q sol)			Muy bajo
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES HIDROMORFOLÓGICAS - CONEXIÓN CON LAS AGUAS SUBTERRÁNEAS DE LA MASA DE AGUA ASOCIADA AL ARPSI			
Grado de alteración conexión de la MAS con masas de agua subterránea (MASb)			Muy bajo
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES HIDROMORFOLÓGICAS - CONTINUIDAD FLUVIAL DEL SUBTRAMO ARPSI			
Grado de alteración de la continuidad fluvial estimada con información disponible y caracterización peligrosidad			Alto
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES MORFOLÓGICAS - VARIACIÓN DE LA PROFUNDIDAD Y ANCHURA DEL CAUCE SUBTRAMO ARPSI			
Grado de alteración de las orillas del cauce por obras de estabilización de taludes (escolleras, gaviones, muros, etc.)			Muy bajo
Grado de alteración de la zona de flujo preferente y/o zona de policía por obras de protección frente a inundaciones (motas, recrecimientos, rellenos, terraplenes, etc.)			Muy bajo
Grado de urbanización o impermeabilización de la zona de flujo preferente y/o zona de policía			Moderado
Grado de alteración por remansos del perfil longitudinal del cauce			Muy bajo
Grado de incisión o dinámica vertical acelerada			Bajo
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES MORFOLÓGICAS - ESTRUCTURA Y SUSTRATO DEL LECHO DEL SUBTRAMO ARPSI			
Grado de alteración de la estructura y sustrato del lecho			Bajo
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES MORFOLÓGICAS - ESTRUCTURA DE LA VEGETACIÓN DE RIBERA DEL SUBTRAMO ARPSI			
Grado de alteración de la continuidad ecológica longitudinal			Moderado
Grado de alteración de la continuidad ecológica transversal			Moderado
POSIBLES ACTUACIONES DE MEJORA			
Retirada / Permeabilización de elementos transversales en el cauce			

Ficha da ARPSIS para o subtramo do río Arnoia contido no ámbito



Mapa de risco de inundación (ARPSIS Tramo ES010-OU-01-06-25663-10)

5.8.2 Risco de incendio

O municipio de Allariz pertence ao Distrito Forestal XII Miño-A Arnoia e á Demarcación de Allariz – Maceda formada ademais polos concellos de Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Maceda, Paderne de Allariz e Taboadela.

Debido a incidencia de lumes acontecidos no territorio, o municipio esta considerado como Zona de Alto Riscos de Incendio (ZAR) pola Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco espacial de incendio forestal.

Segundo o PLADIGA 2022 non se identifican parroquias con alto risco de incendio.

Dadas as características do ámbito, a única zona susceptible de sufrir incendio forestal e a contorna do Castelo onde predomina a maleza e o tipo de vexetación mais susceptible de ser combustible.

5.8.3 Risco de contaminación das augas

Segundo o Plan hidrolóxico vixente toda a masa subterránea é susceptible de contaminación difusa de orixe agrícola-gandeiro.

As actuacións desenvolvidas durante anos para o saneamento e conservación do río Arnoia contribuíron a garantir a súa integridade e calidade das augas como demostra o cumprimento dos obxectivos medioambientais fixados pola Directiva Marco da Auga.



5.8.4 Risco sísmico

Para a consideración do efecto das accións sísmicas na zona de estudo séguense os criterios proporcionados pola Norma de Construción Sismorresistente: Parte Xeral e Edificación (NCSR-02) aprobada o 27 de Setembro de 2002 polo Real Decreto 997/2002. A citada Norma especifica no seu artigo 1.2.3 que será obrigatoria a súa aplicación cando a aceleración sísmica básica sexa igual ou superior a 0,04g, sendo g a aceleración da gravidade.

O Mapa de Perigosidade Sísmica da citada Norma establece para o ámbito de estudo unha aceleración sísmica básica ab igual a 0,04g, sendo g a aceleración da gravidade. Polo tanto, os proxectos de construción deberán ter en conta o efecto das accións sísmicas.

6 HISTORIA

6.1 FONTES DOCUMENTAIS E BIBLIOGRÁFICAS

Reconstruír, aínda que sexa someramente, a traxectoria socio-económica e urbanística da vila e concello de Allariz tropeza cun obstáculo fundamental: A perda de toda a documentación municipal no incendio do arquivo do ano 1937.

Consérvase afortunadamente moita documentación de carácter relixioso, sobre todo a relativa a Santa Clara, e a maior parte da documentación notarial moderna. Pero a documentación relixiosa, a pesares do seu interese socio-económico e urbanístico, resulta sempre lateral e sesgada no que atinxe á vida municipal. En canto á notarial, resulta insuficiente para a época medieval; e excesiva, por inabordable nun traballo desta natureza, para a época moderna e contemporánea, polo que a compulsa rigorosa da traxectoria económica (evolución da actividade artesanal e comercial, e o impacto producido pola introdución de novos cultivos como o millo ou a pataca) e urbanística (ventas ou foros de propiedades urbanas) terá que esperar a novas publicacións.

En todo caso, o tesouro que representaban os libros do concello, imprescindibles para estudar o labor de goberno municipal, e a evolución demográfica (veciñanza ou repartimentos), social (fidalguía, burguesía, artesanado e, mesmo, marxidados), económica (prezos anuais do gran, sisas sobre artigos de consumo, etc.) e urbanística (licencias de obra e arruamento da veciñanza) perdéronse para sempre.

Por conseguinte, para a realización deste traballo resulta de enorme utilidade a documentación recompilada polo PECHA anterior, no que se lograron extraer algunhas catas dos protocolos notariais e consultar fondos documentais conservados ou citados bibliograficamente, así como consultas aos traballos publicados relativos a Allariz que, en síntese, son os seguintes:

6.1.1 Fondos documentais

- 1) Libro de propios do municipio de Allariz dos anos 1584-1626, conservado no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Leg. 267.
- 2) Libro de acordos do concello correspondente a 17Q7 no que se recollen diversas causas xudiciais e sentencias así como unha relación de aceeiros (AHP de Ourense, Leg 262).



3) Documentación relativa ao Catastro da Ensenada (Interrogatorio, Real de Legos, e Real de Eclesiásticos) conservadas no Arquivo Histórico Provincial, que nos ofrece unha rigorosa instantánea socio-económica da vila e concello a mediados do século XVIII.

4) Protocolos notariais de Allariz.

5) Censos de poboación publicados polo I.N.E. 1750 (Catastro); 1850 (Madoz); 1873; 1877; 1884 . 1950; 1960; 1970; 1980 e 1986. Padrón continuo por unidade poboacional do INE: ano 2000-2021.

6.1.2 Bibliografía

- 1) Diccionario de Madoz (Datos socio-económicos relativos a Allariz a mediados do século XIX.)
- 2) "Geografía del Reino de Galicia" de Carreras Candí, que inclúe o traballo de D. Vicente Risco sobre Allariz, na terceira década deste século.
- 3) Cid Rumbao, Alfredo. Historia de Allariz. Villa y corte románica. Deputación provincial de Ourense, 1984.
- 4) Cid Rumbao, Alfredo. Reseña histórica del castillo de Allariz. B.C.P.M. de Ourense, III, 1907.
- 5) Cif Rumbao, Alfredo. Voz Allariz na "Gran Enciclopedia Gallega".
- 6) Conde Balvís, Francisco. El castillo de Allariz y su emplazamiento. B.C.P.M. de Ourense, XIV.
- 7) Puga Brau, José.- El primer señor de Allariz. B.C.P.M. de Ourense, XIV.
- 8) Vázquez Núñez, Arturo.- El fuero de Allariz. B.C.P.M. de Ourense, III, 1907.
- 9) Péres Outeiriño e Fariña Busto.- Excavación de urxencia na Praza Maior de Allariz. Boletín Auriense. Museo Arqueológico Provincial, XI, 1981.
- 10) Fray Felipe de la Gándara y Ulloa. Armas y Triunfos, Hechos heroicos de los hijos de Galicia: elogios de su nobleza y de la mayor de España y Europa. Madrid 1622.
- 11) Fray Jacobo de Castro.- Arbol Chronológico de esta santa provincia de Santiago. Santiago 1727.
- 12) Benito F. Alonso.- Crónica de los obispos de Orense. Ourense 1897.
- 13) Couselo Bouzas, José.- La guerra hermandiña. Santiago de Compostela 1926.
- 14) Ferro Couselo, Jesús.- Vida e fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XII ao XV Galaxia, 1967
- 15) Martínez Salazar, A.- Documentos gallegos de los siglos XII al XV.
- 16) Lucas Labrada, José.- Descripción económica del Reino de Galicia. Ferrol, 1804.
- 17) Fray Atanasio López.- Apuntes históricos sobre el convento de Santa Clara de Allariz. B.C.P.M. de Ourense, VIII, 1927.
- 18) Varios autores.- Santa Clara de Allariz. 7Q Centenario de su fundación. Anexo 5 do Boletín Auriense do Museo Arqueológico Provincial. Ourense 1986..



19) Varios autores.- Santa Clara de Allariz. Historia y vida de un monasterio. Santiago de Compostela, 1990.

6.2 AS ORIXES DA VILA

As orixes de Allariz, vila militar e itineraria, están ligadas ao outeiro do Castelo e á ponte romana do Arnoia, situada no lugar que ocupa hoxe a ponte medieval de Vilanova; pertencera esta ao tramo entre Sandiás (Geminas) e Baños de Molgas (Salientibus), da calzada XVIII do Itinerarium de Antonino como propón Estefanía Álvarez, ou a unha vía secundaria entre Sandiás e Ourense segundo o parecer de Rivas Fernández e Caamaño Gesto.

En todo caso, "a existencia" en Allariz dun núcleo de poboación que domina o paso do Arnoia, asentado en época romana practicamente dende o cambio de era, isto é, inmediatamente logo da conquista do N.W. permite unha das conclusións obtidas nas escavacións de urxencia realizadas na Praza de Abaixo en 1979. Escavacións que confirman tamén a existencia, e probable continuidade altomedieval, dese núcleo poboacional nos séculos IX a XI, xa que os muros da igrexa de Santiago están cimentados sobre unha necrópole desta época.

O propio nome de Vila Alarici ou Alaritii ten resonancias altomedievais, como outros topónimos da comarca (Roiriz, Gundiás...), aumentadas pola persistencia de onomásticos de orixe xermánica como Adosinda, Felisindo, Rudesindo, Genserico, etc.

Podemos, pois, afirmar que a vila ten orixe itineraria romana manténdose ocupada durante o período suevo-visigodo, ou sendo repoboada nos séculos VIII ou IX con poboación mozárabe procedente do sur, o que explicaría a existencia dunha igrexa como San Martiño de Pazo, descuberta por Vicente Risco e estudada por Ángel del Castillo, que situou a súa construción no século X, identificándoa coa de Palatiolu que aparece resinada en varios documentos de Celanova.

En canto ás suposicións de que foi fundada polo rei Alarico, que Sisebuto celebrou nela cortes, ou que foi residencia do rei Witiza, non pasan de ser lendas "ad maiorem gloriam" da vila.

A historia documentada de Allariz comeza co renacemento urbano baixomedieval. A súa importancia destacada nos séculos XII e XIII vén derivada da súa importancia militar e da súa situación nun punto clave das confrontacións fronteirizas entre os reis leoneses e o recién nado reino de Portugal.

Por razóns de exposición e continuando a traxectoria do PECHA anterior, divídese a súa historia en tres grandes períodos, para logo definir as principais actuacións executadas mediante distintos convenios e programas.

1) Realengo (1100-1446), correspondente, *grosso modo*, coa época medieval.

Período que subdividiremos en dúas etapas:

- a) A dos reis leoneses (1100-1230); e
- b) A dos reis casteláns (1230-1446).

2) Señorío (1446-1812), que atinxe dende finais da Idade Media ata a abolición dos señoríos polas Cortes de Cádiz.



3) A idade contemporánea.

6.3 PRIMEIRO PERIODO: REALENGO

6.3.1 Primeira etapa: os reis leoneses

Allariz aparece na historia documental no contexto das loitas fronteirizas precedidas á morte de Alfonso VI (1109), entre as súas fillas Urraca, casada con Reinaldo de Borgoña, ata ese momento gobernadora da Galicia Compostelana, e Tereixa, casada con Henrique de Borgoña, gobernadora do "conventus bracarensis", berce do futuro Portugal.

É un período enormemente axitado e turbulento. Pola parte galaico-leonesa debemos consignar tanto o accidentado matrimonio da Raíña con Alfonso I "o Batallador", a sinuosa política xelmiriana, o intento de converter en rei de Galicia ao futuro Alfonso VII, o emperador, así como as bandeiras nobiliarias e os intentos dalgúns municipios, como o de Santiago, de sacudirse a dependencia señorial. Pola parte leonesa, a teimuda vontade de converter en reino, o futuro Portugal, o condado administrado por Dona Tareixa.

Na ampla zona de litixio fronteirizo quedaba o sur de Galicia. E nun lugar destacado, o castelo e vila de Allariz, que acadarían un protagonismo de primeira orde nas guerras de Portugal por acadar a categoría de reino e por fixar os seus límites con Galicia.

Aínda que xa nos anos 1099 e 1116 (sublevación de Menendo Núñez) as crónicas rexistran a presenza de Dona Urraca en Allariz e a derrota dos portugueses nesta comarca, a primeira reseña documental, ben que apócrifa e interesada no seu contido, pero exacta na elección da data, corresponde á ocupación da vila por Dona Tareixa.

O documento, datado o 21 de agosto de 1124 en Allariz, e redactado segundo Sousa Soares en 1188, polo que a raíña portuguesa doaba as terras da "Rivoira Sacrata" para a fundación de Montederramo, serviu de pretexto para a confirmación do privilexio fundacional do mosteiro por Alfonso IX.

Con anterioridade a 1122, aparecía xa unha referencia ao castelo e mercado de Allariz. Segundo Cid Rumbao, un privilexio polo que se concedía a feira ourensá, levaba a seguinte apostila: "*del mismo modo que en virtud del fuero se reúne el primer día del mes en el castillo de Allariz unha gran muchedumbre con diversidad de cosas*".

As loitas fronteirizas acentúanse á morte de Dona Urraca (1126). Entre os anos 1130 e 1133 Alfonso Enríquez realizar varias incursións na Limia, levanta o castelo de Celme, e obriga a Afonso VII a acudir en defensa da comarca e apoderarse do levantado castelo. A presenza momentánea de Afonso VII na comarca non impediría outras incursións portuguesas igualmente infrutuosas, como a de 1136.

Neste contexto de disputa territorial debe situarse a concesión de certos privilexios aos alaricanos (exención de portádegos en toda a Limia), coñecidos pola súa ampliación en 1131 aos veciños de Ourense, e, sobre todo, a decisión real de colocar a fortaleza e vila de Allariz baixo o paraugas dos bispos ourensáns.

O 18 de agosto de 1136 Afonso VII concedía "ao bispo Martín e aos seus sucesores a igrexa de



San Xacobe de Allariz'.

Concesión ampliada dez anos despois, no contexto de novas loitas fronteirizas nas que o castelo de Allariz está baixo o mando de Fernando Eanes, heroe da conquista de Almería, coacesión ao bispo Martín das décimas da vila de Allariz e Cea, e as rendas reais do castelo.

Este último documento confirma a aparición dunha poboación nas proximidades do castelo, aglutinada arredor da igrexa de Santiago. Poboación que non tardará en ser denominada "vila", o dinamismo demográfico da cal queda patentizado pola rápida aparición dunha segunda freguesía, San Estevo, igualmente cedida polo comarca ao bispo ourensán, D. Pedro Seguí, en 1157.

Pero o mellor indicador dá importancia da nova vila, e do interese real nela, é a concesión, entre 1153 e 1157, dun amplo "fuero" que, tomando como modelo o de Sahagún, vai servir de referencia ás restantes concesións forais galegas dos monarcas leoneses: Ribadavia e Padrón (1164), Noia (1168), Bonoburgo de Caldetas e Ponteveteri (1169), Viveiro (1173), A Coruña (1180), Baiona (1202), e Betanzos e Ribas de Sil (1225).

Aínda que o "fuero de Sahagún" é o modelo do alaricano ("*cetera vero iudicia que hic non sunt scripta stent per forum Sancti Facundi*") e a el terán que presentarse as alzadas ata 1263, data na que Afonso X acorda que se presenten ante o rei (ante Nos), non se trata dunha simple copia ou adaptación. Pouco máis da metade das disposicións son de cuño de Sahagún, as 15 restantes son orixinais e resposta á singularidade da vila da comarca.

Os interesados neste importante texto poden consultar o documento traballo de Arturo Vázquez Núñez (B.C.P.M. de Ourense III, 1907) que inclúe a transcrición do orixinal latino e a tradución castelán, aquí limitáremos a salientar algunha das súas singularidades.

a) Aparece constituído o concello como órgano de autogoberno, limitada a autoridade e competencia dos "malorimus" e saldos (excepto en certas "voces" ou causas, como morte ou ferida mortal) e regularizada a solidariedade veciñal (tódolos veciños deben axudar en caso de agresión por un non veciño ao seu veciño, baixo a pena de seren considerados aleivosos segundo o "fuero" de Sahagún).

b) Especificanse os dereitos veciñais (dereito a ser enxuciado na propia vila, presunción de inocencia en delito non probado, inviolabilidade de domicilio...) e os delitos, tanto de carácter penal (mortes ou feridas) como civil (débedas e fiadorías, insultos, etc.).

c) Enuméranse as cargas de veciños e forasteiros (portádegos, vivenda...) e os privilexios e exencións veciñais: rouso, mañería, fonsadera, así como os impostos de tornos, muíños, propiedades agrarias, etc.

d) Regúlanse as actividades artesanais e comerciais, como a obriga de vender pan e vino polas medidas autorizadas polo concello e ós prezos regulados.

Pola súa importancia militar, Allariz configúrase dende moi cedo como unha vila foralmente paradigmática e privilexiada polos reis leoneses. As exencións recollidas no "fuero" serán ampliadas en anos posteriores. En 1153 será eximida de "aloxamentos" e en 1164 de pagar



portádegos en Ribadavia, segundo se recolle na cláusula final do "fuero" daquela vila.

Pero non eran concesións gratuítas dos monarcas senón o recoñecemento da súa importancia estratéxica na loita contra Portugal, como se puxo de manifesto na campaña de Afonso Enríquez 1165 que rematou na paz firmada no Lérez ("*súper flumen lerice in vetula ponte*"), na que se acordou o casamento do rei leonés coa filla de Afonso Enríquez.

Esta importancia estratéxica vén corroborada polas frecuentes visitas reais á vila e ao castelo: 1161, ano en que Fernando II subscribe na vila catro importantes documentos (cesión da herdade de Nanín, donación do Burgo de Faro ao arcebispo de Compostela, donación dunha herdade ao mosteiro de Castañeda, e sentenza do pleito entre os mosteiros de Melón e San Paio de Antecaitares); 1164, ano no que concede na vila o "fuero" a Ribadavia; 1170, en que cede certos dereitos e propiedades á igrexa de Astorga e ao mosteiro de Santa María de Lepedo, etc.

Pero o recoñecemento máis explícito da importancia que seguía tendo a vila para o rei leonés é a concesión, subscrita en Zamora en 1181, dunha ampla área xurisdiccional ("*para que mejor nuestra villa se pueble*"), máis extensa que o actual concello sinalizada entre outras, polas seguintes localidades: Nonelle, Pitón, Boa Madre, San Vitorio, Entramboscastros, Forxós, Ponte de San Vicente, Riveira Vedra, Liñó ou Castro de Forcas.

Dereitos forais, privilexio e señorío xurisdiccional non tardan en traducirse nun rápido crecemento demográfico testemuñado pola aparición de dúas novas freguesías: San Pedro (1179-73) e Santa María de Vilanova (arredor de 1180), construída o pe da ponte e posta pouco máis tarde baixo a custodia dos cabaleiros de San Xoán de Xerusalén.

Aínda que no reinado de Afonso IX as confrontacións fronteirizas tenden a amainar (a única incursión portuguesa de certo relevo en terras da Limia é a de 1218), non mingua a importancia da fortaleza e vila alaricana, como se pon de manifesto pola súa primacía sobre outras da comarca, poñamos por caso, Monterrei, que a petición de Allariz o rei prohibe fortificar en 1223; pola frecuencia das visitas reais, contrastadas documentalmente en sete ocasións (1194,1204,1210,1213,1222,1223 e 1228), ou pola categoría dos xefes militares encargados da defensa da fortaleza: Armengol de Urgel, Fernando Ponce, Pedro Rodríguez, Bermudo Alvarez, Manrique Rodríguez, Pero Fernández, o Castellano, Fernando Gutiérrez, Gonzalo Eanes, Martín Sánchez, e o propio infante Don Fernando, futuro rei Santo.

6.3.1.2 EVOLUCIÓN SOCIO-ECONÓMICA E URBANÍSTICA.

A importancia militar do castelo de Allariz, torre de homenaxe de toda a Limia, é o estímulo-recompensa dos monarcas leoneses, materializado na concesión dun amplo "fuero" de numerosos privilexios, e, sobre todo, na doazón á vila dun extenso territorio xurisdiccional, son as principais razóns do acelerado crecemento demográfico da vila, en grande medida alimentado pola inmigración. Crecemento constatado pola sucesiva ampliación das súas freguesías: Santiago (1133), San Estevo (1157), San Pedro (1170-74), e Santa María de Vilanova, construída arredor dos anos oitenta do mesmo século.

A escasa documentación conservada non nos permite, sen embargo, adiantar cifras. Só falar, como orde de magnitude, dunha poboación de arredor de cen veciños para o final do



período, en base a contabilizar uns trinta veciños por parroquia.

A mesma falta de documentación impídenos compulsar a actividade económica dos veciños. Só podemos constatar que o cereal (centeio) e a gandería (as viñas non aparecen ata a fin do século e nunha chegan a ter importancia económica (eran as dúas principais actividades agropecuarias e que na vila tiña lugar un importante mercado comarcal, que se celebraba cada mes probablemente no Campo dos Brancos, xunto a San Estevo.

En canto ás actividades artesanais e comerciais só aparecen recollidas no “fuero” a muiñaxe e cocción de pan, a carnicería, e a venda de coiros e tecidos. Un cadro inicial que corresponde a unha vila aínda moi ruralizada e con incipiente actividade artesán-comercial, pero que, sen dúbida, se complexiza e urbaniza nos anos seguintes.

Semellantes dificultades atopamos ao querer diacronizar a evolución urbanística da vila a partires dos tres elementos determinantes: Unha ponte romana, unha fortaleza no alto do outeiro alaricano e un pequeno núcleo de poboación arredor da igrexa de Santiago.

Sobre a ponte non sabemos nada, excepto a súa propia existencia, nin sequera cando a vella ponte romana foi substituída por outra medieval.

Sobre a fortaleza destruída “a cimentis” logo da desamortización, a mediados do século XIX, mesmo ten habido dúbidas sobre a súa ubicación. Conde Balvís chegou a sitúala na praza dos Brancos, quizais por confusión cun pazo fortificado levantado naquel lugar, en base aos datos proporcionados por unha novela inédita, “El castillo de Allariz”, escrita en 1847, antes por tanto da súa destrución, por un tal D.V.M.F., e dun superficial estudio topográfico.

A súa ubicación, sen embargo, non ofrece hoxe dúbidas, tanto por razóns militares e documentais, como pola precisión con que a sitúa, na chaira superior do outeiro, o autor do plano da vila publicado por Madoz.

A súa primitiva traza sufriría reconstrucións e ampliacións nos séculos seguintes unha delas, a finais do século XII está documentada. O rei Alfonso IX libera ao bispo de Ourense, beneficiario das rendas do castelo dende 1145, da obriga de contribuír ás obras que se realizaban na mesma en 1197.

Moito máis difícil resulta aínda secuenciar o proceso de ampliación e urbanización do recinto da vila ao longo deste período. Da análise da documentación e dos restos conservados in situ podemos adiantar as seguintes conclusións:

1º) O castelo. aparece rodeado dende os primeiros tempos por un recinto amurallado, de forma elíptica como o outeiro no que se asentaba que pola zona norte aínda é en parte visible e pola zona sur avanzaría ata camiño da ponte, rúa de Vilanova e Tripeiría (hoxe “Cárcel”), nas que se poden recoñecer aínda hoxe restos da cimentación e parte dos antigos muros. A poboación da pequena vila quedaría cinxida por este muro aínda que o seu cemiterio estaría extramuros, nas actuais Praza Maior e Praza de Abaixo.

2º) A construción en 1131 da igrexa de Santiago extramuros do primitivo recinto, é unha proba palpable da ampliación da superficie amurallada. Ampliación que viría a dar resposta ao crecemento demográfico e á demanda de solo urbano. Ao mesmo tempo, facilitaría o control do paso do río (o camiño da ponte) pola vila, que podería así Incrementar os seus



ingresos con máis substanciosos portádegos. Aínda que non hai probas concluíntes, todo parece indicar que o recinto da vila se ampliaría ata as rúas de Fonteiriña e Arroreiro (actual Castela) avanzando ata as proximidades do río dende a nova porta de Vilanova.

3º) Vintecinco anos máis tarde e coincidindo coa concesión do "fuero" edifícase a igrexa de San Estevo e amurállase o espazo que a rodeaba, que dominaba en altura grande parte da vila.

4º) No último terzo do século levántase a igrexa de San Pedro. O que non sabemos é se tería carácter de freguesía rural como a de Vilanova, construída a finais do século, ou quedaría incluída intramuros, o que esixiría un grande avance do recinto amurallado aínda que o máis probable é que permanecera extramuros ata un século despois, momento en que parece realizarse o grande avance da muralla ata acadar un trazado que permanecería sen modificacións dende aquela ata o seu derrubamento.

5º) Arredor de 1200, a vila, que tería multiplicado por tres os seus iniciais efectivos demográficos e a súa superficie, inicia a construción dun hospital de peregrinos, situado na que despois sería rúa do Seixón (hoxe Hortas), e dun hospital de leprosos, un simple grupo de chabolas situado nas proximidades da Lombarda, hospital documentado nunha venda realizada en 1201.

6º) Pouco antes, en 1181, o rei Fernando II concedéralle á vila a xurisdición sobre unha ampla comarca, que delimitamos anteriormente, na que non tardarán en construíres dúas novas e importantes igrexas que presentan entre si grandes semellanzas: Santa Mariña de Augas Santas e a colexiata de Xunqueira de Ambía, aínda que a antigüidade dun santuario en Augas Santas parece moito maior, quizais visigótico ou mozárabe, a vulgar polos restos atopados entre os que habería que salientar as catro columnas visigóticas que serven de fondo á Santa.

Segundo Vicente Risco, a construción deste santuario na honra da Santa da Limia, de tres naves rematadas en tres ábsides, foi a obra dos regulares agostiños que rexiron tamén Xunqueira de Ambía. Anos despois pasou a depender dos templarios, que realizaron nela importantes obras de ampliación, ata a desaparición da orde. Durante un tempo dependeu de Celanova, pero en tempos de Felipe II foi cedida aos bispos ourensáns que construíron ao seu carón un pazo de verán e a capela apegada de Santo Tomé.

Cerca de Santa Mariña atópase o chamado "*forno da Santa*" (forno do que segundo a tradición foi sacada por San Pedro). Sobre da cripta, insuficientemente estudada e en penoso abandono, comezou a construír no século XIV unha nova igrexa unha dona da casa de Figueroa. A construción quedou interrompida, pero os sólidos muros consérvanse tal como os deixaron os canteiros.

6.3.2 Segunda etapa: os reis casteláns

Coas unificacións de Castela e León na coroa de Fernando III o eixo político-económico da nova monarquía oríentase decididamente na dirección norte-sur.

Cara ao norte anglofamenca diríxese o principal excedente castelán, a lá das ovellas meiriñas,



protexidas por Alfonso X coa creación do "*Honrado Concejo de la Mesta*". Cara ao sur diríxese o esforzo militar reconquistador que ampliou enormemente os territorios casteláns coas conquistas de Córdoba (1236) e Sevilla (1248) e que rematará en tempos dos Reis Católicos coa conquista de Granada.

Esta orientación supuxo o engrandecemento de Burgos, logo da creación do consulado de Bilbao, o porto exportador, e da mariña vasca, protexida polos privilexios das chamadas "*Cuatro Villas*". E polo sur, a aparición dunha nova fronte marítima para Castela que a levará ás Canarias e ás Américas.

Como consecuencia desta política norte-sur, Galicia quedará nunha situación excéntrica para os intereses casteláns, nunha zona pacificada, unha vez estabilizada a fronteira portuguesa, que só se verá afectada polas contendas civís ou pola onda antiseñorial dos irmandiños.

Para a vila de Allariz, a diminución da importancia militar, constatable en diversas decisións reais, como a construción do castelo de Monterrei (1264), malia a que aínda a consideren "*chave do reino de Galicia*" (1286), non terá unha tradución socio-económica por ter consolidado a vila a súa condición de capital comarcal e artellado unha dinámica actividade artesán-comercial.

De praza forte converterase pouco a pouco en centro económico, do que o crecemento demográfico e urbanístico se vai manifestar nunha progresiva institucionalización do goberno e da vida municipal, na aparición dunha importante colonia xudea, no dinamismo das actividades artesán-comerciais, na ampliación do solo urbano e construción do definitivo recinto amurallado, e na substitución dun urbanismo anárquico pola tendencia a aliña-las casas en rúas.

Porén, a importancia militar seguirá sendo relativamente forte segundo podemos comprobar pola importancia dos posuidores do castelo e gobernadores da vila, como o infante Felipe, que en 1319 confirma os seus privilexios, o pertegueiro maior Pedro Fernández de Castro (1328) ou o meiriño maior Roi Páez de Biedma (1340), así como pola súa importancia nas liortas civís.

Os Castros e os Biedma enfróntanse de maneira definitiva durante a Guerra Civil entre D. Pedro e D. Henrique, que tivo numerosos feitos de armas na comarca alaricana e importantes consecuencias para a vila.

O paso ao bando henriqueño do posuidor Juan Rodríguez de Biedma obrigou a Fernando de Castro a sitiar o castelo, non sen antes decretar unha especie de amnistía para ganar a vontade dos alaricanos. Durante o sitio o castelo sufriu importantes desfeitas que obrigarán á súa reconstrución e quizais, ampliación, nas décadas seguintes. Como testemuña das obras, Cid Rumbao recolle a inscrición dunha das portas na que figuraba a data de 1390.

O resultado da confrontación civil, decidido no Campo de Montiel, supuxo a fin dos Castro, o comezo do ascenso dos Biedma, e a cesión de Allariz, como dote de Dona Leonor, ao monarca portugués Fernando I. O dote, por avatares do matrimonio e da política, nunca se fixo efectivo, pero estivo a piques de establecer unha nova fronteira con Portugal (a do Arnoia), e o paso da vila e comarca á dependencia daquel reino.

Como sacudida última deste enfrontamento sucesorio tivo lugar a invasión de Galicia polo Duque de Lancaster, aspirante ao trono de Castela polo seu matrimonio coa princesa



Constanza, en 1386. Os feitos de armas desta cabalgada feudal, un dos cales tivo por escenario Allariz, e que rematou en peste e pacto, foron recollidos polas Crónicas de Froissart, que segue a esperar a tradución galega das campañas do Duque de Lancaster, non incluídas na edición castelán das ditas Crónicas.

Pero deixemos as fazañas bélicas e volvamos ao que para nos é moito máis interesante: o seguimento da evolución institucional, socio-económica e urbanística da vila.

No ámbito do goberno municipal é de salientar, ademais das confirmacións forais e do recoñecemento do dereito de recorrer en alzada perante o rei, e non perante os xuíces de Sahagún, concedido por Afonso X en 1263, a progresiva institucionalización da vida municipal e a aparición dos primeiros cargos públicos coñecidos, como xuíces, alcaldes ou notarios.

Queda baixo a sombra documental se os alcaldes eran de designación real ou elección veciñal, o que parece máis probable, e as datas de aparición dos "*homes bos, xurados*" (os futuros rexedores) ao pasarse dos concellos abertos aos pechados, e da figura dos procuradores xerais, defensores dos intereses veciñais contra da obriga dos "*xurados*".

Tampouco coñecemos o lugar de celebración das sesións. O máis probable é que, como noutras vilas, se celebrasen nas igrexas parroquias (probablemente na de Santiago, a única integralmente urbana) "*a son de ampama tañida*".

En canto á evolución socio-económica neste período só podemos resaltar a aparición dunha importante colonia xudea, a constitución da confraría de oficios, a importancia do cereal e do gando na economía alaricana, e o traslado da feira dende o Campo dos Brancos á Barreira.

A colonia xudea aparece confirmada documentalmente por primeira vez en 1289, data do acordo entre o meiriño Pedro Eanes, e Isaac Ismael, "*Xudeu maior dos xudeus moradores nesía vila*", na que se comprometen a manter a paz e respectar a liberdade relixiosa e se circunscribe o ámbito da xudería ao lugar de extramuros chamado Socastelo.

Pero Eanes, Meiriño da Vila de Allariz, con máis homes da dita vila e cregos de ela, don Xoán Mendo, de San Pedro, Nuño Ramiro e Rodrigo Eanes, todos a unha voz e un só pola de todos; con Isaac Ismael, Xudeu Maior dos Xudeus moradores nesta Vila; en presenza de Miguel Pérez, escribán de El Rei e seu notario en Allariz e en terra de Limia, das cuas testemuñas dou fe. Xuntados os homes a Concello ao son de campana, según é nosa costume, diputaron en nós o dereito de acordar con dito Isaac, Xudéu Maior en esta Vila, por sí e polos demais Xudéos que ahí viven, o que posto ahí vai:

Nas rogas e festas que os ditos Xudéus fan nos suburbios da Vila, por baixo do noso Castelo, non vaia ahí ningún cristián, morador da dita Vila, por os prender e moestar nas súas rogas; que o dito Xudéu Maior nin súa xente, merquen, troquen nin moren en vivenda fora da Xudería, e non nas outras rúas da Vila, onde moran os cristiáns. E cando nós saquemos o noso Deus e súa Nai Santa María polas rúas, non ha de estar ahí presente ningún Xudéu; e os cristiáns tornamos han das rúas onde pasaren con noso Deus, porque se non mofen, e non haxa ahí quimerías nin ruindades. E ha de dar Isaac en prenda a casa do Burgo que mercou a Xoán de Amoeiro, polos danos que seus Xudéus ahí fixeren; e ha de donar en xuro de heredade polo prezo que conviren, a Sancha Eanes, abadesa do Mosteiro de Santa Clara



que se está a facer, a horta que ten nos suburbios da vila, porque as Donas do Mosteiro que alí fundou a reina dona Violante podan agrandar a horta e facer seu cimitero.

E ningún cristián morará na xudería, nin fará alí ningún desaguisado. E entre os Xudeus polas portas da vila para a Xudería os bastimentos se tiveren no menester.

En presenza dos ditos homes e Xudeus, a todo estuwen eu presente, e de elo dou testemunio; e fixen o meu signo, que é o tal.

Feita en Allariz, aos vinte días de Maio de 1289.

A "avinça" non debeu ser moi duradeira, a xulgar pola tradición da actuación de Xan da Arzúa na festa de Corpus de 1316.

Este latente enfrontamento tiña, sen dúbida, razóns distintas ás relixiosas, e que tiñan que ver co oficio de recadadores de impostos que detentaban algúns xudeus, como o almoxarife Zulema, irmán de Samuel (1334), ou Mosé Marcos e Xudá (1335).

A aparición de confrarías de oficios está constatada pola propia celebración do corpus, por algunha escasa testemuña documental, e polas laudas sepulcrais aparecidas ao levantarse o cemiterio de San Pedro.

No eido económico, tanto os foros, como as vendas, testamentos, ou as rendas de Santa Clara, testemuñan a importancia do gando vacún e lanar (o do mosteiro oscila neste período entre as 1.500 e 2.000 cabezas), do centeo e das castañas, e, a partires do século XIII do viño, aínda que a súa baixa calidade e oscilación dos rendementos limitaría a súa expansión na comarca e explicaría o interese dos alaricanos por renovar o privilexio que os eximía de pagar portádegos en Ribadavia onde ían mercar os afamados viños do Ribeiro.

A importancia da feira alaricana, onde se trocaban produtos agropecuarios e artesanais de toda a comarca, ven confirmada polo seu traslado dende a Praza dos Brancos ata o Campo da Barreira (século XIV), cedido polo convento por un canon anual de 5 fanegas de centeo. Entre os produtos artesanais intercambiados na feira destacan os coiros e o calzado, que terían tan longa tradición na vila, e os tecidos de la e liño.

Dende o punto de vista urbanístico podemos distinguir tres ordes de actuación: municipal (construción da nova muralla), relixiosa (simbolizada pola construción do mosteiro de Santa Clara) e privada.

a) A muralla.- Entre finais do século XIII e comezos do XIV, a día de hoxe non é posible maior precisión, o concello de Allariz acomete a construción do que sería a cerca definitiva, un recinto amurallado que se mantivo en pé ata o seu derrubamento a prol do progreso, a mediados do século XIX, se ben aínda se conservan en pé algúns importantes panos.

Este acotamento cronolóxico ven determinado tanto pola repercusión socio-económica (a obra é anterior á peste negra de mediados do século XIV) como pola tipoloxía dos novos muros. Fronte á mampostería dos máis antigos, visibles nalgunhas partes e, en todo caso, nas partes baixas dos muros conservados, aparece unha sillería regular, composta de fiadas horizontais de largo semellante (entre 30 e 50 cms.) por sesenta a noventa de longo, nas que abundan as marcas dos canteiros, habituais nesta época.



Polos restos conservados sabemos que tiña unha lonxitude duns 1.100 metros, unha altura de catro a cinco, nalgúns tramos bastante máis, un largo medio de dous metros, e que estaba reforzada por numerosos cubos rectangulares duns 5 por 6 metros, que sobresaían dos lenzos da muralla arredor dun metro.

No seu trazado sitúanse seis portas: Vilanova, San Isidro, San Lázaro ou da Vila, San Pedro, Pórtelo e San Estevo.

Non atopamos confirmación da afirmación de Cid Rumbao, segundo a cal se desfixera un suposto pazo arcebispal existente na vila, para acometer a ampliación da cerca.

b) A construción do mosteiro de Santa Clara.- Nos anos finais do século XIII, en virtude das disposicións testamentarias da raíña Dona Violante (1282), viúva de Afonso X e pai do rei Don Sancho, que conteñen a doazón de 200.000 maravedís para a obra do mosteiro e para herdanza así como "*toda mina capilla...*", comeza a construírse o mosteiro de Santa Clara.

O acotamento do lugar "*do ellas han de facer el monasterio*", realizado polo alcalde Juan Rodríguez, por orde do rei, así como a adquisición da herdade do Pombar a Lorenzo Eans Garabito, están datadas en 1286, e a liberación dos vasalos do mosteiro de "*martiniegas, servicios, fonsaderas, hueste, yantares, facendera y todos los pechos y pedidos, salvo el de moneda forera*", foron concedidos polo rei e os seus fillos ao ano seguinte á morte da raíña (1293).

Favorecido por varios privilexios do rei Don Sancho, que autoriza ás monxas a ceder ao mosteiro as súas herdades, e por varias bulas papais de Nicolás IV (1290-91), acelerouse a construción do mesmo, aínda que tivo que superar a violenta oposición do bispo de Ourense, Yáñez Novoa, que obrigou á superiora a acudir ó bispo de Silves, Frei Domingo, para a colocación da primeira pedra.

En 1292 estaba próximo a rematarse, a excepción da capela e ao ano seguinte conseguía de Sancho IV tres cartas chumbadas polas que se autorizaba a "*puebla*" para os obreiros que traballaban na súa construción, eximíndose de "*pecho, pedido, fonsado, hueste y facendera*", e que sería o xermolo do actual barrio do Couto, e se eximían de "*pechos*" tódalas súas herdades.

En 1302 o mosteiro tiña xa unha importante cabana gandeira pois un privilexio de Fernando IV concedíalle a exención de portádego, montádego, diezmo, asadura, ronda e outros servicios para as súas mil cincocentas cabezas de gando.

O carácter real do mosteiro, no que se enterraría a raíña dona Violante e o infante Felipe e a súa dona, os numerosos privilexios concedidos e as cuantiosas rendas acumuladas converteron o mosteiro nun importante centro de poder e nunha referencia obrigada para o goberno municipal da vila.

c) Arquitectura civil.- O crecemento demográfico da vila, aguillado polo "*fuero*" e polos diversos privilexios concedidos e confirmados polos sucesivos reis, e en certa, aínda que descoñecida medida, pola labor de goberno do concello, van transformando a estrutura anárquica das edificacións intramuros, rodeadas de hortas e enxidos e dando lugar a unha progresiva aliñación das casas en rúas, termo que aparece na documentación a finais do



século XIII. En 1274 aparece citada por primeira vez unha rúa: a de San Pedro.

Esta aliñación das edificacións modifica substancialmente o urbanismo alaricano e configura o trazado das rúas que aínda hoxe se mantén no recinto de intramuros.

Non se conservan, en troques, restos de edificacións civís medievais agás a primeira das casas de Amoeiro.

En resumo, poderíamos dicir que entre mediados dos séculos XIII e XV a vila estrutura o seu goberno municipal, aumenta a poboación e a actividade artesanal, acubilla unha colonia xudea ubicada extramuros, e consolida a súa importancia económica na comarca coa feira da Barreira.

Cando os ventos parecían soprar de popa para Allariz vaise producir a perda da súa condición realenga e o paso á dependencia señorial dos condes de Benavente.

6.4 SEGUNDO PERIODO: SEÑORÍO

O cinco de marzo de 1446, por carta privilexio de Juan II, a propiedade e señorío da vila e da súa xurisdición, así como do castelo, pasaban a depender dos condes de Benavente, especialmente interesados en implantarse en Galicia.

A resistencia dos alaricanos a perder a súa condición realenga, aínda que non tivo o éxito da de A Coruña, quedou suficientemente contrastada. As propias diferencias políticas entre o rei e o conde encirraron a insurrección que durou sete anos, ata que finalmente en 1453 o conde puxo sitio ao castelo volvendo a señorearse da vila co recoñecemento de Henrique IV.

No primeiro período señorial (finais do século XV), especialmente axitado, social e politicamente, habería que salientar o levantamento irmandiño e a guerra civil que prolonga o reinado dos Reis Católicos.

O levantamento irmandiño, a conmoción social máis intensa da Galicia medieval, resultado das reaccións antiseñoriais que sacoden o catrocentos galego, chegou a converterse nun movemento autenticamente revolucionario, no que a burguesía asumiu a dirección política, a pequena fidalguía a dirección militar, e as masas urbanas e campesiñas constituíron a súa base social e a forza revolucionaria.

A revolta, animada inicialmente polo rei e por moitos sectores da igrexa, puxo en fuga durante dous anos aos principais señores de Galicia, entre eles o conde de Benavente, apoderándose das súas fortalezas, focos de latrocinio, e implantando unha xustiza exemplar.

Por falta de documentación non coñecemos polo miúdo os feitos ocorridos en Allariz durante estes dous anos, aínda que supoñemos que serían semellantes aos que tiveron lugar noutras localidades: Organización das irmandades, cos seus alcaldes e cuadrilleiros, ocupación e, en moitos casos, derrocamento das fortalezas señoriais, persecución dos pobres e administración de xustiza. Só sabemos que non puido resistir a presión da nobreza, apoiada polo rei despois do tratado dos Toros de Guisando, dirixida polo arcebispo Fonseca, por Pedro Madruga e polo irmán do Conde de Benavente, Juan de Pimentel, que volveu así señorearse da vila.

Tampouco coñecemos os feitos de armas ocorridos na vila durante o conflito sucesorio entre



Dona Isabel e Dona Xoana, apoiada esta polo rei de Portugal e por algúns nobres fronteirizos como Pedro Madruga. Despois moitos cercos e asaltos a vila volveu ás mans dos Benavente, dos que pasaría anos despois aos marqueses de Viana (1587) e Malpica que retiñan o seu señorío ata a caída do antigo Réxime.

O feito político de máis transcendencia social e económica do ocaso do século XV foi o decretazo de marzo de 1492 polo que se expulsaba do país aos xudeus que non se converteran ao cristianismo no improrrogable prazo de tres meses.

Os xudeus, que constituían unha florecente comunidade en Allariz, estaban ubicados na zona de extramuros chamada Socastelo. Antes do Decretazo xa viñan tendo problemas en varias localidades (en Ourense foran obrigados a trasladarse á rúa Nova), pero en Allariz non parece que acontecera isto. Pouco antes da expulsión, en 1487, o párroco de San Estevo aforáralle a Rabí Mosén Cohen, Salomón Albuchen e Samuel Cohen, en nome de tódolos xudeus da alxama alaricana, un terreo para cemiterio no Campo da Mina, situado polo informador de Madoz a uns cen pasos ao E.-NE. da igrexa de San Estevo.

Pero non sabemos se a maioría optou polo desterro ou pola conversión. Só que desapareceron como colectivo cultural e relixiosamente diferenciado, aínda que dando lugar, como no resto de España a aparición doutro colectivo marxinado e vixiado, o dos conversos ou cristiáns novos, e a unha obsesión enfermiza pola limpeza de sangue. En 1500 secularizouse o cemiterio.

Pasado este período accidentado dende o punto de vista político e social, iníciase a comezos do século XVI a historia moderna alaricana, na que as únicas convulsións bélicas foron a guerra da independencia portuguesa, a guerra de sucesión e a invasión napoleónica.

Dende o punto de vista institucional, a modernidade caracterízase pola estabilización dos órganos de goberno dos concellos, cos seus xuíces, alcaldes, rexedores, procuradores xerais, e funcionarios, que irán aumentando ao longo destes séculos a medida que se incrementen os servizos da administración municipal (mestres, médicos e sangradores, veedores, porteiros, escribáns, etc.).

No aspecto educativo tivo grande importancia para Allariz a fundación en 1616, por Gaspar López Salgado, da primeira institución educativa da vila: a igrexa e colexio da Asunción, situados no alto da rúa da Tripería (actual "Cárcel"). A igrexa custou 13.000 ducados. Era de planta rectangular con fachadas en frontón e influencia herreriana. Medía 21 metros de longo, por 11 de largo e 8 de alto. Polo lado sur sobresaía do corpo principal a sancristía e a torre. Non queda rastro dela. O colexio foi utilizado anos despois como cadea, e na actualidade, moi restaurado, como Casa da Cultura Municipal.

No eido asistencial é de salientar a construción do hospital do Conde, semellante ao de Benavente, e o albergue de San Pedro para proposta a cargo dos dominicos de Ribadavia.

Seguiu funcionando; aínda que en condicións precarias, o hospital de leprosos de San Lázaro, ata o seu derrubamento en 1804. No catastro figuran médico, catro sangradores e un boticario.

A falla de datos impídenos avaliar a evolución demográfica da vila, que dende o punto de vista cuantitativo triplica os seus efectivos. Os escasamente cen veciños de intramuros a principios do século XVI (pouco máis de trinta por freguesía) acadan os 140 en 1591 (sétima parte do



concello), para transformarse en 288 a mediados do século XVIII, segundo os datos do Catastro de Ensenada. Máis non podemos compulsar o impacto da fame e peste bubónica da década dos setenta do século XVI, nin a incidencia, sen dúbida importante na economía e demografía alaricana, da guerra con Portugal do século XVIII, ou da implantación do millo e da pataca a finais dese mesmo século.

No ámbito social o máis salientable é a crecente implantación da fidalguía intermediaria, acaparadora de rendas, e a súa progresiva instalación na vila, na que edifican pazos e casas-torre, algunhas das cales se mantiveron en pé ata hoxe.

Outro fenómeno de singular incidencia no comportamento social e relixioso foi a chegada da Inquisición e a aparición dos familiares do Santo Oficio.

Por último, débese constatar a importancia social acadada polas confrarías de oficios ao longo do século XVI (a primeira documentada é a Vera Cruz en 1581), e a súa importancia nos actos sociais, entre os que figuran os touros e, no século XVIII, a representación de comedias.

Tampouco é doado trazar unha ampla gráfica da evolución da actividade económica.

A actividade agropecuaria estivo presidida durante todo o período pola gandería, o centeo, e a castaña. A implantación do millo e da pataca ten lugar a finais do século XVIII, probablemente como resposta á forte crise agraria de 1779. No Catastro (1752) non aparece rexistrado ningún destes dous cultivos americanos, pero a principios do XIX (1804) Lucas Labrada consigna a súa importancia na economía da comarca.

O viño, sempre de mala calidade e de produción moi irregular, a “*purrela*”, non pasou de ser un produto de autoconsumo. A comercialización prefería os afamados viños do Ribeiro.

Tivo tamén grande importancia o gando, tanto lanar, como porcino, vacún, ou cabalar, o capítulo máis importante das transaccións das feiras de Allariz.

Para a evolución da artesanía os datos son tamén escasos, destacando os cortumes ou curtidos e a zapatería, os tecidos de liño e a confección, a muiñaxe e a panificación e confeitaría, na que axiña destacarían os famosos amendoados de Allariz.

O resto dos oficios (canteiros, carpinteiros, albanais, pintores, ferreiros e ferradores) non pasaron de cubrir as necesidades da propia vila, como podemos constatar ao estudar a documentación do catastro de Ensenada.

O radio de acción do comercio da vila non pasou máis alá dos límites da comarca agás para os coiros (Portugal e Castela) e o viño.

As transformacións urbanísticas.- A actividade edificatoria ou, cando menos, constatación da existencia de numerosos edificios, é máis detectable documentalmente por xerar escritos rexistrados notarialmente (ventas, foros, alugueres, etc.).

A concentración na vila da fidalguía rendista e a aparición dunha minoría burguesa potente que levantan as súas residencias aquí, e a reconstrución ou construción de numerosas capelas e igrexas, trouxo á vila, ao longo do século XVI, a un grupo de artistas montañeses que implantaron o seu estilo edificatorio e crearon unha escola alaricana responsable das singularidades do barroco na comarca.



Dividiremos o estudo da actividade edificatoria en dous grandes apartados; arquitectura relixiosa, e arquitectura civil.

Dentro da relixiosa distinguiremos á súa vez tres tipos de actuación: templos parroquiais, capelas, e Mosteiro de Santa Clara.

Templos parroquiais.

- Santiago.- O vello templo románico foi ampliado polo norte a principios do XVI, edificándose tamén a capela de Santa Lucía, cos enterramentos de González Puga e a súa dona. En 1541 levantouse a sancristía; en 1571 encargóuselle a Juan de Juni a Virxe da Asunción; en 1580 compúxose o retablo, e en 1691 o altar de San Bartomeu.
- Santo Estevo.- Foi tamén ampliada e reformada ao longo do século XVI. As obras remataron en 1581.
- San Pedro.- En 1640 ampliouse polo sur coa construción da capela de Aranda e levantouse sobre a torre románica o corpo do campanario. En 1773 sufriu outra fonda remodelación.
- Vilanova.- Foi amplamente restaurada debido ao mal estado dos muros durante o século XVI. En 1606 apegóuselle a capela de San Antonio.
- Capela.- Ademais da construción, xa comentada, da capela da Asunción, edificáronse na vila durante o século XVIII outras tres cápelas, e moitas outras no rural.
- Capela de San Isidro.- (Arredor de 1650). Fundada polo correxedor Francisco Conde, levantouse ao outro lado da ponte do mesmo nome, nas inmediacións da actual fonte.
- Capela de San Lourenzo.- Foi inzada en 1691, para a irmandade de cregos, na Praza de Abaixo, onde despois estivo o mercado vello. Privatizada na desamortización, foi, xa no século pasado e en parte, trasladada á saída da estrada de Xunqueira.
- Capela de San Bieito.- Comezada en 1770, sobre o solar doutra vella capela, rematouse a finais do século XVIII. É un dos máis logrados modelos da arquitectura relixiosa de Allariz.
- Santa Clara.- O mosteiro das clarisas sufriu nestes tres séculos, tales transformacións que o que hoxe vemos pódese dicir que é obra integramente do século XVIII.

Como obras auxiliares habería que reseñar a traída de augas dende a Fonte do Castañal, realizada en 1505. A fonte do claustro foi construída en 1650, e en 1705 fíxose unha nova traída de augas dende Nanín.

No edificio do mosteiro realízanse nos anos setenta do século XVIII diversas obras de restauración e algunhas ampliacións. Pero as grandes obras de ampliación que chegaron a facer do claustro de Santa Clara, o máis grande claustro barroco de España, comezaron na década dos trinta para rematar avanzados os setenta. En 1758 incendiouse a igrexa, que foi reedificada nos anos seguintes.

Arquitectura civil.- Aínda que sen o esplendor da relixiosa, maxistralmente simbolizada en Santa



Clara, ao longo da Idade Moderna florece unha importante actividade arquitectónica civil, promovida polo concello e pola veciñanza, especialmente pola fidalguía e a burguesía.

Os dous períodos de maior actividade son os século XVI e XVIII, quedando no medio un longo período de amnía edificatoria que coincide sensiblemente co século XVII.

Entre as obras realizadas polo concello merecen destacarse as casas do Concello, na Praza Maior da vila, o edificio do "*pósito do pan*", vulgarmente coñecido como "*A Paneira*", o hospital do Conde e o albergue de San Pedro, as reconstrución da Ponte de Vilanova, a construción da ponte de San Isidro, e a traída de augas á vila.

Non coñecemos a data da edificación das casas do concello, parece indicar que se levantaron na primeira metade do século XVI. Durante os séculos seguintes sufriron varias restauracións e unha importante ampliación para a construción da escola na parte posterior.

Para paliar a irregularidade das colleitas e tratar do abaneante e oscilante prezo do gran o concello edificou en 1581 a casa da Paneira, dando fronte á praza da vila. A súa fachada, con arco sobresaínte, foi reutilizada posteriormente (1793) para instalar unha das fontes públicas.

Non temos máis referencias cunha do Catastro sobre o hospital do Conde, e sobre o albergue de pobres de San Pedro.

A ponte de Vilanova foi obxecto de varias reconstrucións. A primeira en 1555, ano que unha riada derruba un dos seus arcos; e a máis importante, a finais do século que remata en 1600.

Sobre a ponte de San Isidro sabemos que foi construída, ou acaso reconstruída, en 1608, sendo correxedor o licenciado Gándara, segundo unha inscrición no pretil. No dicionario de Madoz descríbese do seguinte xeito: tiña 85 varas de lonxitude, tres e media de largo, e unha altura sobre o nivel do río de 14 varas. Era de tres arcos de 12, 17 e 10 varas de luz. Desembocaba por diante da porta da Zapatería ou de San Isidro e foi derrubada na segunda metade do século XIX ao construírse a nova ponte da estrada a Madrid.

A traída de augas á vila foi construída en 1793 por Miguel Ferro Caaveiro, autor tamén da fonte da Barreira e da instalación dunha segunda fonte na fachada da Paneira. Case tres séculos antes de que o fixese o concello, as monxas construíran a súa propia traída de auga ao mosteiro dende a fonte de Castañal (1507), substituída en 1705 por unha nova condución procedente do manancial de Nanín.

Arquitectura civil privada.- O progresivo afinamento na vila da maior parte dos fidalgos do concello (27 segundo o "*censo de Castilla*" de 1591, vulgarmente chamado dos millóns), entre os que sobresaen os Amoeiro, Oxea, Feijóo, Gándara, Enriquez, Puga, Salgado, Altamirano, etc., e o paulatino crecemento e enriquecemento dunha minoría burguesa, son as causas da aparición no recinto da vila de numerosas casas-torre, pazos, ou casas burguesas de grande porte, algunhas das cales seguen en pe, ben modificadas polas sucesivas restauracións. As máis salientables son as seguintes:

- Casa dos Enríquez.- Construída a finais do século XV, dando fronte ao lateral norte da igrexa de Santiago (nº 6 da rúa de Vilanova), foi intensamente reformada no século XVIII. Chaman a atención na súa fachada os imponentes canzorros da súa balconada. Outras casas con balcóns sostidas por grandes canzorros pódense ver



aínda preto da antiga Porta da Vila, na esquina das rúas Lobariñas e Hortas, e na cara norte das casas de Amoeiro.

- Casa do Balcón de Amoeiro. Da mesma época (finais do século XV) é a primeira das casas dos Amoeiro (lado leste do balcón). No século XVIII levantáronse as novas casas da banda do río e o balcón.
- Casa dos Ojea, (nº 9 da rúa da Cruz), construída en 1748 por González Ojea, segundo di Cid Rumbao, sobre unha antiga casa propiedade dos Castro. Ten unha singular fachada barroca tardía, con forma de capela e gran escudo central.
- Casa do Xulgado (hoxe Centro Social), (no Nº 5 da rúa do Pórtelo), construída xa a comezos do XIX por un indiano. Fronte ao Centro Social hai dúas casas con escudos e portais en arcos de gran dovelaxe de finais da Idade Media. A que hoxe leva o nº 5, con balcón corrido, foi en tempos reitoral. A do nº 1 ten tres plantas; as dúas superiores sufriron varias reconstrucións.
- Casa Nº 22 da rúa do Arroio. Orixe baixomedieval-moderno, moi restaurada. Presenta arco de mediano dovelaxe , con escudo enriba, e restos doutro arco hoxe adintelado. No número 14 da mesma rúa, outro arco de grande dovelaxe delata a súa antigüidade.
- No nº 19 da rúa Hospital (Marcial López) consérvase unha casa de arco rebaixado moderno, do mesmo tipo do conservado na rúa Fonteiriña.
- Casa nº 11 da rúa Fonteiriña. Conserva portada do século XVII.

Allariz no Catastro de Ensenada.- O catastro feito a mediados do século XVIII para substituír o complexo e obsoleto sistema impositivo vixente por unha Contribución Única, foi, dende o punto de vista fiscal, un completo fracaso. Porén, para os historiadores segue a constituír a mellor radiografía socio-económica e urbanística do Antigo Réxime.

6.4.1 Demografía

Segundo o libro “*Personal de Legos*” a vila contaba no ano 1751 de 288 veciños, e o rural das catro freguesías con 179 distribuídos do seguinte xeito:

CADRO Nº 2.- DEMOGRAFÍA

Parroquia de Santiago:	Arrabaldo de Roimelo	10
	Arrabaldo de S. Salvador	1
Parroquia de San Pedro:	Arrabaldo de Paiocordeiro	7
	Arrabaldo de Penamá	6
	Arrabaldo de Cambatorís	1
Parroquia de San Estevo:	Arrabaldo de Nanín	22
	Arrabaldo de Vilaboa	25
	Arrabaldo de Portela	11
	Arrabaldo de Airavella	10



	Arrabaldo de Vilariño	11
	Arrabaldo de Guimarás	9
	Arrabaldo de Pumedelo	2
Parroquia de Vilanova:	Arrabaldo de Meire	56
	Arrabaldo de Mato	5
	Arrabaldo de Frieira	3
TOTAL:		179

Figurábase como forasteiros 142 persoas e como eclesiásticos 86, dos cales 15 son abades e presbíteros e 71 corresponden a Santa Clara (Monxas 46, en educación 6, criadas da comunidade 3, criadas de enfermos e particulares 11, vicario 1, e persoal auxiliar 4 (un presbítero, un criado, un hortelano e un recaudador).

A distribución socio-profesional dos veciños é a seguinte:

CADRO Nº 3.- DISTRIBUCIÓN PROFESIONAL

Cargos burocrático-administrativos e titulados	60
Artesáns	243
Comerciantes	96

CADRO Nº 4.- CARGOS BUROCRÁTICO-ADMINISTRATIVOS E TITULADOS

Xuíz	1
Alcalde	1
Rexedores	5
Procurador xeral	1
Escribáns do Concello	1
Porteiro e alcaide do cárcere	1
Veedor	1
Campaña	1
Correo	1
Avogados	2
Escribáns de número	6
Ministros ordinarios	7
Procuradores de causas	4
Notarios legos	4
Oficiais de pluma	7
Médico	1
Sangradores	4
Boticarios	1
Mestre	1
Sancristáns	4
Administrador de propios	1
Axente de compras	1
Arrendatario de "Cuchara"	1
Arrendatario de propios	1



CADRO Nº 5.- ARTESÁNS

De coiro (92)	Curtidores	11
	Zapateiros de obra prima	37
	Zapateiros para feiras	40
	Zapateiros remenda foles	2
	Silleiros (talabarteiros)	2
Do téxtil (70)	Tecetáns-as	50
	Xastres	19
	Calceteiras	1
Do metal (10)	Ferreiros	2
	Ferradores	2
	Caldereiros	1
	Prateiros	3
	Armeiros	1
	Reloxeiros	1
De construción (17)	Canteiros	3
	Carpinteiros	10
	Albaneis	2
	Pintores	2
De alimentación (25)	Forneiros	4
	Panadeiras	10
	Confiteiras	9
	Cortadores	3
	Chocolateiros	1
Varios (29)	Cereiro	3
	Alugueiros	6
	Banasteiros	1
	Aceeiros	12
	Pescadores de troitas	7
TOTAL		243

CADRO Nº 6.- COMERCIANTES

Comerciantes en coiros	63
Revendedores de sola	10
Mercaderes por menor e tendeiros	6
Comerciantes de peixe	7
Abastecedores de carne	2
Froiteiras	3
Taberneiros	2
Mesoneiros, pousadeiros	2
Axentes de compra de lenzo	1
TOTAL	96

Coma podemos comprobar, á vista dos datos, a vila ten unha importante actividade artesanal (60 %), seguida da comercial (25 %), e das funcións burocrático-administrativas (15%).

O máis salientable é o peso na economía da vila da industria e comercialización do coiro, nada menos que 92 artesáns e 73 comerciantes, actividade que se mantivo ata os anos cincuenta do pasado século, seguido a grande distancia do téxtil (70 artesáns).



Os restantes oficios e actividades comerciais son os propios dunha vila capital de concello e comarca, agás a alimentación, na que destaca o número das confeitadeiras (xa tiñan sona daquela os amendoados de Allariz). A destacar tamén a presenza dun chocolateiro, actividade que se mantén na actualidade.

Como os datos se refiren á vila intramuros non figuran as actividades agropecuarias.

Ademais dos datos sociolóxicos, o catastro proporciónanos outros datos de interese, como propiedades do concello, bens comunais, rendas municipais e señoriais, aceas, muíños, etc.

Entre os bens inmobles do Concello figuran:

- Casa do Concello, na Praza da Vila, esquina a Triparía.
- Escola de nenos, na parte de atrás do Concello, na tripeira.
- Cortadoría, tamén na rúa da triparía.
- Cadea, sobre o antigo colexio da Asunción (hoxe Casa da Cultura).
- Paneira, na praza da vila (hoxe fonte).
- Fornos. O concello ten seis, nos arrabaldes (Nanín, Vilaboa, Guimarás, Portela, Airevella e Paiocordeiro).

Coma bens comunais figuran:

- Bebedeiro da Tellada.
- Lama de Nostre.
- Campo da Barreira,
- Campo de Subcastelo.
- Campo de Amado.
- Monte de San Marco.
- Lama de Vilaboa.
- Laceiras.
- Lama das Cabanas.
- Monte de Casarrica.
- Campo de Vilariño.

Ten o concello tamén en foro 34 propiedades que pagan rendas en centeo. Entre os impostos señoriais e municipais figuran o cucherádego, o portádego, as sisas do viño, alcabala, pedido aceite e velas, e os impostos de cortadoría, feira, pesas, etc.

Figuran tamén resinadas 7 aceas e seis muíños.

Outra importante fonte de datos sobre a vila nos anos finais do século XVIII é a "*Descrición Económica del Reino de Galicia*" de Lucas Labrada, na que se pode constatar a presenza e significación económica do millo e da pataca, a importancia dos curtidos, que ocupan a 24



persoas, e unha curiosa fábrica de cristal tártaro que ten o boticario. Polo seu interese reproducimos os datos remitidos ao Consulado de Comercio da Coruña:

"De la villa de Allariz inmediata al extremo occidental del valle, se comunicaron al Consulado las noticias siguientes: Que allí hay seis fábricas de curtidos, 4 de suela y 2 de becerrillos: las primeras antiguas y las últimas establecidas habrá unos 30 años; que en todas se reconoce aumento; y que un año con otro salen de estas tenerías más de tres mil cueros en suela y doble cantidad en pieles; que en las inmediaciones de la misma villa hay otras dos de iguales curtidos, a donde se trabajan pieles, ocupándose en todas diariamente de 20 a 24 personas; de manera que sus manufacturas sirven para calzar a toda la gente del país que se halla diez leguas al contorno; que la industria ordinaria de la mujeres es la de las hilazas de lino; que en la agricultura de aquel distrito se observan algunos progresos, los cuales no se duda serán mayores mediante los esfuerzos con que el Gobierno procura quitar las trabas que los impiden; que los frutos del territorio son el trigo, centeno, maíz, lino, patatas y todo género de frutos y hortalizas, pero que no siendo los granos suficientes para el consumo de las gentes del país y de las que transitan por él, se compran los que faltan en el mercado que se celebra allí semanalmente en el día martes, en uno de los domingos del mes en que también concurren a venderle, o en los días primeros de cada uno en que se celebra feria, concurriendo la mayor parte de ellos de la Limia. También ha establecido en esta villa don José González, boticario, una fábrica de cristal tártaro, la primera y única que se conoce en España. Aprovecha las heces del vino que antes se vendían al extranjero y saca un cristal tártaro que compite en calidad, sino excede al mejor extranjero. Se gasta en las boticas de Madrid, y se han comprado varias partidas de él para la Botica Real y la del Ejército".

6.5 TERCEIRO PERIODO:A IDADE CONTEMPORÁNEA

6.5.1 O século XIX

A caída do antigo Réxime veu supoñer para Allariz a fin da dependencia señorial e a aparición dos concellos constitucionais.

Supuxo tamén a desamortización dos bens eclesiásticos, coa excepción das igrexas parroquiais e do mosteiro de Santa Clara, que quedou reducido ao propio edificio conventual coa horta circundante.

A transición, nembargantes, non foi doada. Despois dun axitado período de revolución-reacción que atinxe ao reinado de Fernando VII, foi precisa unha longa, cruel e sanguenta loita, a guerra carlista, para que trunfara o réxime constitucional.

Tampouco foi un camiño de rosas a nosa historia constitucional. A igrexa, aínda que perdeu coa desamortización o seu privilexiado "status" económico, seguiu a ser unha forza socio-ideolóxica importante que condicionou, en grande medida, a evolución política e a constitución dun estado laico. O exército, que no século XIX protagonizou moitos pronunciamentos progresistas tivo no século seguinte unha actitude profundamente reaccionaria. Abonda recordar a Lei de Xurisdicións, as Xuntas de Defensa, o golpe de estado de Primo de Rivera (1923) e os sete anos de ditadura seguintes, e o golpe do xeneral Franco, seguido dunha dramática guerra incivil e de corenta anos de "longa noite de pedra". E o carlismo, vencido na guerra dos sete anos, pasou a



converterse nunha oposición latente, como unha testemuña do Antigo Réxime.

Pola índole no noso traballo non nos irnos deter nos acontecementos bélicos, como a guerra da independencia, a carlista ou a guerra civil, que poden consultarse nos manuais ou no libro monográfico sobre Allariz de Cid Rumbao, senón na evolución socio-económica e urbanística da vila.

Coma punto de partida compulsable temos os datos recollidos no Dicionario de Madoz a mediados do século XIX, que nos ofrece o seguinte cadro socio-laboral, referido aos 349 veciños da vila.

CADRO Nº 7.- SOCIO-LABORAL

FUNCIONARIOS-TITULADOS	55
Empregados públicos	12
Eclesiásticos	24
Avogados	7
Médico e cirurxiáns	4
Boticario	1
Mestres e mestras	4
Albéitares	3
AGRICULTURA E ARTESANÍA	46
Agricultura	46
Labregos	21
Xornaleiros	25
Artesanía	109
Curtidores	3
Zapateiros	72
Xastres	10
Canteiros	4
Carpinteiros	10
Ferreiros	4
Forneiros	5
Barbeiros	3
Pintores	1
COMERCIO	41
Comerciante	3
Tendeiros	3
Mesoneiros	3
Taberneiros	12
Arrieiros	15
Carniceiros	5

A pesares do limitado dos datos, chama a atención o lugar prioritario que seguen a ocupar as actividades relacionadas co coiro, coa increíble cifra de 72 zapateiros. Seguen a ser significativas as relacionadas co fiado e tecido, non reflectidas no cadro pero si no informe, e coa confección (10 xastres), así como a panificación e confeitaría, da que se citan os típicos amendoados.



O dicionario proporcionáanos outros interesantes datos socio-económicos e urbanísticos.

Entre os de interese demográfico figuran, ademais da poboación total do municipio, a residente intramuros (349 veciños con 1752 almas), que en unión da do rural das freguesías da vila forman un total de 550 veciños con 2766 almas.

Dende o punto de vista asistencial e de servizos é de destacar a escolarización, con 86 alumnos na escola pública e 57 na privada, e o enlace por correo con Madrid, Ourense e Santiago tres días á semana. Non se dan datos sobre o funcionamento da casa-hospital de peregrinos fundada polos Condes de Benavente.

Entre os de tipo económico convén salientar a importancia da produción agraria na que destaca o volume da produción de millo especialmente intensa no val do Arnoia, augas abaixo da vila que cos seus 2.600 ferrados vai por diante do centeo con só 2.400; e a de pataca (14.000 ferrados), seguidos a grande distancia polo trigo (380 ferrados) e o liño, así como da gandeiría, tanto bovina e ovina como de porco.

A artesanía está representada, ademais de polos artesáns individuais, polas tres fábricas de curtidos, os oito muíños, as tres confeitías- (cos xa famosos amendoados) e numerosos teares. E no comercio salienta a exportación de curtidos e calzado, e de gando. A feira celébrase tódolos primeiros de mes.

Máis interese aínda teñen os datos urbanísticos entre os que convén salientar os seguintes:

1º) O Plano da vila, o primeiro coñecido.

Nel podemos identificar tódalas rúas actuais do recinto amurallado (que segundo se afirma, están pavimentadas en pedra) do que sobresaen os barrios do Couto Socastelo, e unhas edificacións ao pe da porta de San Lázaro, nas inmediacións da Lombarda.

Tamén aparece perfectamente situado o Castelo e perfilado o recinto amurado, dos que se fai a seguinte descrición:

"Al norte de la villa y desde las últimas casas se eleva un cerro de rocas escarpadas a la altura de 82 varas sobre el pavimento de la plaza, es de figura elíptica, su base tiene 625 varas de circunferencia y en el vértice está colocado el castillo del que fue último poseedor el marqués de Malpica: era fortaleza inexpugnable antes del descubrimiento de la pólvora. Desde este castillo se desprendía una muralla de mucha solidez de 10 a 14 pies de espesor y 20 a 25 varas de elevación [debe querer decir pes] circundando al pueblo en un perímetro de 1.347 varas, dejándose sólo cinco puertas principales y dos falsas, encima de las que se elevan torres, unas y otras de piedra labrada hoy está el castillo arruinado y las murallas se han convertido en casas conservándose sólo dos portadas que manifiestan lo que fueron en tiempos antiguos".

2º) O número de edificios: (409 intramuros e 41 nos barrios do Couto e Socastelo; e a súa altura media (entre 21 e 30 pes) e materiais (case que todos de pedra).

3º) Outros moitos datos como o trazado da nova "*carretera general de Vigo a Castilla*" (en construción), aínda pola vella ponte de San Isidro, o acueduto do mosteiro e a fonte da Barreira, a ermida da Asunción, co vello colexio (hoxe Casa da Cultura), o novo cemiterio



construído en 1841, etc.

Outra importante instantánea, neste caso do Allariz dos anos vinte do século XX, é o traballo de D. Vicente Risco publicado na “*Geografía de Galicia*” dirixida por Carreras Candí.

Nel podemos observar as seguintes analoxías e diferencias co publicado por Madoz:

1º) A poboación do municipio pasa de 5.245 a 9.043 habitantes, un aumento do 80 % en 70 anos, sen dúbida favorecido polos maiores rendementos agrarios propiciados pola expansión do millo e da pataca, que rachan o anterior teito poboacional. Aínda que xa é perceptible o cambio de tendencia polo aumento da emigración: 100 emigrantes a América en 1925.

2º) A actividade agropecuaria, na que destaca a importancia do bovino con 3.087 cabezas, non experimenta outros cambios que a expansión do millo e da pataca.

3º) A artesanía segue centrada nos produtos derivados do coiro, con certa importancia da alimentaria. Hai 29 fábricas de curtidos no concello (4 na vila, 2 en Valverde, 6 en Vilaboa, 11 en Portela, 4 na Acea, 2 en Meire, e 1 en Vilar de Flores), e a zapatería segue a ser o oficio máis xeneralizado. Os zapatos de Allariz están presentes na maioría das feiras da provincia. No ramo da alimentación os amendoados e doces de Allariz son famosos en toda Galicia.

4º) A construción da estrada a Madrid, así como a de Xunqueira de Ambía e Celanova (próxima a rematarse), melloran notablemente as comunicacións da vila, pola que empezan a pasar os automóviles de liña; con catro viaxes diarios a Ourense. A luz eléctrica e o teléfono son dúas pezas importantes na modernización da vila.

5º) O Concello, composto de 12 concelleiros, ten xa un presuposto que ronda as 100.000 pesetas, parte do cal serve para sufragar a crecente escolarización pública (22 escolas no termo municipal, das que catro corresponden á vila), complementada pola relixiosa en mans dos Salesianos e das Terciarias franciscanas.

Este cadro que se mantivo nos primeiros anos da posguerra civil sufriu unha fonda transformación nos anos sesenta. A activa artesanía do coiro desapareceu por completo, o mesmo ca do liño, e a vila comezou a sentir os efectos da drenaxe demográfica provocada pola emigración, que se dirixe principalmente ao País Vasco (e máis concretamente a Eibar), da que trata de recuperarse na actualidade por vía do turismo e outras iniciativas.

En resumo, podemos sintetizar as transformacións económico-sociais de Allariz na época contemporánea do seguinte xeito:

1º) Economía.- A actividade agrícola alaricana acusa os problemas derivados do minifundio, dos escasos rendementos e da caída dos prezos a finais da etapa autárquica. Despois dun período de forte expansión do millo e da pataca, iniciouse nos anos cincuenta-sesenta a diminución da superficie cultivada que tamén afectou ao centeo e, sobre todo ao trigo e ao liño, en vías de desaparición.

En canto á gandeiría, a bovina recuperouse algo coa introdución da raza pardo alpina, está en decadencia a ovina e en auxe a avicultura, con numerosas granxas.

Na artesanía, desapareceron completamente as trinta fábricas de curtidos que chegaron a estar en funcionamento e decaeron moito as de confección de calzado e zocos, de forxa, e



de lenzo e encaixes. Quedan como testemuñas as confeiteirías e a fábrica de chocolate.

O comercio veuse moi afectado pola construción de novas infraestruturas de comunicación e a proximidade de Ourense.

2º) A demografía.- A evolución demográfica reflecta claramente as transformacións económicas, como podemos ver neste cadro sacado dos censos realizados polo Instituto Nacional de Estatística:

CADRO Nº 8.- INE

ANOS	FONTE	POBOACION DO CONCELLO		POBOACIÓN DA VILA	
		Veciños	Habitantes	Veciños	Habitantes
1850	Madoz	1.049	5.245	349	1.752
1873	Nomenclator	3.375	8.415	416	1.500
1877	Censo	---	8.649	---	---
1887	Censo	---	9.115	---	---
1900	Censo	---	9.083	---	---
1910	Censo	---	8.985	---	---
1920	Censo	---	9.043	---	---
1930	Censo	---	8.707	473	1.762
1940	Censo	---	9.403	---	---
1950	Censo	---	9.366	---	2.534
1960	Censo	---	9.291	---	---
1970	Censo	2.315	7.950	---	---
1980	Censo	---	5.009	529	1.643
1990	PECHA 1995	---	5.735	837	2.050
2000	Censo	---	5.158		2.198
2010	Censo	---	5.910		3.328
2020	Censo	---	6.245		4.041

6.5.2 O rexurdir da vila

No ano 1989, despois dun conflito político motivado pola degradación do río Arnoia ó seu paso polo Casco Histórico, o desacordo sobre como abordar a problemática leva a un peche na Casa do Concello a unha gran parte da poboación. Peche que remata cun cambio do Goberno Municipal. O río Arnoia volvía ter protagonismo, estábase a converter na forza motriz do rexurdir dun patrimonio arquitectónico, paisaxístico, etnográfico e arqueolóxico que permanece todo este tempo adormecido ben pola precariedade económica das últimas décadas, ben porque Allariz sempre mirou e viviu mirando ó río.

A idea motriz era a transformación en recursos económicos da natureza e da historia de Allariz. Actuar sobre o medio natural e sobre o patrimonio edificatorio para convertelas no motor dunha nova industria de carácter turístico. Foi preciso comezar de inmediato marcando as pautas no eido da rehabilitación ao mesmo tempo que se fixaban os criterios a seguir para elaborar un instrumento de Ordenamento Integral, tendo como peza fundamental desta actuación o propio río Arnoia.

Dada a envergadura económica da intervención e os poucos recursos económicos con que se contaban, esta intervención tivo que desenvolverse en dúas fases, segundo a información



facilitada pola Oficina de Rehabilitación de Allariz. Para atender todas estas necesidades creouse unha empresa pública, REATUR, que se encargou de xestionar as intervencións e un padroado do Parque Etnográfico do río Arnoia (PEDRA) que se encarga de determinar as condicións de xestión do parque e de outorgar as concesións de uso e explotación das edificacións. Todas estas intervencións dotan ao conxunto dun alto valor paisaxístico, medioambiental, etnográfico e arquitectónico, conseguindo articulalo cun uso público e uns beneficios municipais que reverten nos cidadáns, directa e indirectamente, a través da propia intervención e a través dos ingresos xerados polo turismo.

Un dos criterios económicos que inspiran o proxecto é conseguir a súa autosuficiencia, de tal maneira que, mediante a explotación das funcións produtivas de orixe de cada edificación, posibilitase a atracción do sector turístico, que a súa vez, deixa diñeiro nas pousadas, restaurantes abertos na propia edificación e nos museos.

Tal é a embergadura do proxecto que no ano 1994 recíbese o PREMIO EUROPEO de urbanismo e Planificación Rexional da Comunidade Económica Europea, en recoñecemento á planificación e recuperación dun espazo morto. Desta forma recoñeceuse un gran traballo no que se conxugaron as ideas e proxectos dunha Corporación Municipal, a ilusión e empeño da poboación para que saíse adiante ese proxecto e un equipo técnico comprometido que soubo captar a idea e darlle forma.



As intervencións realizadas descríbense de seguido:




1ª FASE PARQUE ETNOGRÁFICO

A primeira intervención foi dirixida ao saneamento das marxes do río Arnoia e á recuperación dos espazos verdes e edificios (muíños e fábricas de coiros) en estado de ruína. O saneamento do río fíxose de inmediato, eliminado tódolos verquidos incontrolados na trama urbana e construíndo unha depuradora cunha capacidade para 8.000 habitantes. Nesta primeira fase recuperáronse:

a) ENTORNO DE SAN ISIDRO: Entorno fonte de San Isidro, en estado de abandono utilizado para almacenamento de madeira e hoxe convertido en zona verde.

b) PROLONGACIÓN DA ALAMEDA: Espazo que vai dende a antiga alameda ata a ponte románica. Tratábase dunha pista asfaltada de 6 m. de ancho que circulaba paralela ao río Arnoia. Con esta actuación creouse un novo vial de acceso con amplo aparcamento para dar solución á problemática de aparcamento en época de verán. Prolongouse a actual trama da alameda con criterios máis abertos de deseño onde se combinan amplas zonas verdes con recantos de descanso.

c) AMPLIACIÓN DA ZONA VERDE DA ACEARRICA: Grazas á compra de terreos lindantes, completouse un espazo de espaxamento duns 10.000 m², rodeado polo río e a canle e onde se sitúa un conxunto etnográfico composto por muíño, pasarela e presa aínda sen rehabilitar.





d) PARQUE DE PORTOVELLO: Zona duns 6.000 m² situada na entrada ó Casco adicada no seu día a uso agrícola pero en estado de abandono, predominando a silveira e os desaugadoiros da rede de sumidoiros producindo cheiros, insalubridade e a morte anunciada do río. Este foi o motivo do conflito que desatou a polémica que cuestionou a situación e o estado en que se encontraba Allariz e o seu contorno. A aplicación de medidas urxentes deu lugar á primeira intervención en espazos privados adquiridos por expropiación que marcaría a pauta a seguir para outras actuacións e a concienciación e implicación da poboación cun proxecto global que se deseñou dende un principio. Hoxe en día todo este espazo está convertido en zona verde e de espaxamento provisto dun parque infantil, pérgola e estanque. No seu deseño procurouse manter as mesmas cotas naturais do terreo e os mesmos muros de cachotería de contención de terras das antigas leiras.



e) CENTRO CÍVICO A FÁBRICA E O SEU ENTORNO: Antiga tintería, comprada polo Concello, situada no lateral dereito da entrada a alameda que se atopaba en estado de ruína total con lenzos de paredes a piques de derrubo. Como todas as fábricas de coiros, dispuña dun predio anexo, tamén abandonada. O edificio foi rehabilitado para destinalo a sala de exposicións e a clube de piragüismo; o seu entorno cheo de silveiras destínase actualmente a zona de espaxamento.

f) MUÍÑO DO BURATO: Antigo muíño que funcionaba ata o ano 1975 e que se recuperou para museo etnográfico, funcionando na actualidade tódolos domingos e festivos. Trátase dun muíño de



turbina con dúas moas francesas.

g) ACEA DA COSTA: Coñecido polo muíño da "Costiña", en estado de ruína total, foi rehabilitado para dedicalo a restaurante, conservando tódolos elementos propios dun muíño, como a roda de moer, a canle interior e a cuberta de ventilación.



h) MUSEO DO TECIDO: Recuperación de baixo adicado no seu día a matadoiro e reconvertido en museo do liño, no que se recollen útiles empregados na elaboración do liño, e mostra de traballos artesanais por medio de cursos e talleres.



i) CONSTRUCCIÓN DA PASARELA NORIA: Para darlle unha maior unidade e comunicación ó conxunto de actuacións no parque etnográfico, constrúese unha pasarela de madeira de dous vanos, interrompidos por un cenador. Tanto os arranques como a base do cenador están resoltos en cantería do país picada a man. O tratamento da madeira fíxose con aceite de liñaza e mazarrón a semellanza das fábricas de coiros. O ámbito do PECHA modifícase para dar acubillo este elemento.





j) RECUPERACIÓN DA PASARELA DE VILANOVA: Construída no seu día con vigas de formigón de gran canto, que foron revestidas con madeira para marcar proporcións mais axeitadas e conseguir unha maior integración no medio.



2ª FASE CONSOLIDACION PARQUE ETNOGRÁFICO

As Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico que serían aprobadas no ano 1994 serven de base para que o Concello, por medio de convenios urbanísticos se faga cunha serie de propiedades que consolidarán o Parque Etnográfico do río Arnoia e ao mesmo tempo siga recuperando espazos abertos para o goce de toda a xente. En particular:



a) ENTORNO DA FÁBRICA DE NOGUEIRAS: Situado fronte ó parque "Portovello" e entorno á fábrica de Coiros Nogueiras duns 2.400 m². Por medio de convenio e compra adquiríronse estas fincas de cultivo que se convertería nunha ampla zona verde que comunica baixo a ponte co Centro Cívico "A Fábrica".



b) AMPLIACIÓN DE ARNADO: Espazo lindante coa ponte Románica de Vilanova na súa marxe dereita que se verá incrementada a costa de trasladar o antigo vial uns 10 m. ó norte, quedando toda a masa arbórea en zona verde. Coa recuperación - ampliación deste espazo estamos potenciando a propia ponte e o seo entorno ; paraxe de obrigada visita para o amante da natureza, da arte e da tranquilidade.





c) RECUPERACIÓN DO RECINTO DE VILANOVA: Dúas premisa importantes marcaron esta actuación: Intentar conseguir unha maior integración do espazo no conxunto e darlle maior funcionalidade. O recinto albergaba un campo de fútbol delimitado por baranda metálica, unhas casetas adosadas á fábrica de coiros e dúas gradas de formigón de 20 m. de longo cada unha que impedía ver a igrexa de Vilanova. Ao sur situábanse as piscinas municipais que xa non se axustaban a normativa. Todos estes elementos atemporais foron substituídos por unha piscina climatizada, dúas piscinas exteriores e un novo parque infantil. O recinto, bordeado polo río, case na súa totalidade, converteuse nunha ampla pradería de 12.000 m² destinada para uso e goce durante todo o ano pero principalmente no verán como praia fluvial. Neste recinto está tamén a Fábrica de Vilanova apegada á ponte románica, na marxe esquerda do río.



d) RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE VILANOVA: Igrexa románica datada do ano 1.180, pertenceu á Orde de San Xoán de Xerusalén ou de Malta. Presenta unha estrutura basilical de nave única cuberta con bóveda de canón. O seu fronte estaba presidido por un terreo público residual dedicado a vertedoiro incontrolado. O respecto polos niveis, as rochas do recinto eclesiástico e o muro de cachonería perimetral, xunto co axardinamento e a construción da escalinata transformaron a entrada á igrexa polo seu fronte oeste.



e) APARCADOIRO VILANOVA: Unha das medidas máis meditadas e acertadas foi a eliminación do aparcamento no Casco Histórico, mais foi necesario dar solucións axeitadas e xustificadas que permitisen unha suavidade na propia aplicación da norma, para o que se construíu un aparcadoiro en Vilanova en fincas privadas adquiridas polo Concello que deu solución á problemática do Casco e máis aínda á do propio parque etnográfico. A solución adoptada foi rebaixar o terreo para amortecer o impacto visual dos coches. Como pavimento utilizouse formigón trasladado con helicóptero.

Mediante convenios urbanísticos o Concello de Allariz adquiriu varios inmobles industriais que despois dedicaría a museos e hostalería e que completarían o Parque Etnográfico do Río Arnoia.

f) FÁBRICA DE CURTIDOS NOGUEIRAS: Foi fundamental a súa recuperación polo seu valor histórico, etnográfico (como exemplo do proceso industrial artesanal que resultou fundamental para a economía da comarca) e arquitectónico (representa un exemplo tipolóxico como nave industrial). A súa rehabilitación levouse a cabo en dúas fases; nunha primeira acometéronse traballos de demolición, cuberta, solaina e consolidación da estrutura. Nunha segunda fase acondicionouse o seu interior para dedicalo a museo de coiro e a bodegón - restaurante. Na súa rehabilitación tratouse de respectar o edificio tal e como era tanto dende o punto de vista construtivo (muros, ocos, estrutura de madeira, solaina, cuberta) como dende o punto de vista industrial (pilos, bombos de curtir, zona de traballo, secadoiros etc.) Este conxunto foi adquirido mediante convenio urbanístico.





g) TORRE LOMBARDA: Antiga fábrica de coiros, adquirida tamén por convenio urbanístico. Levántase esta edificación do século XIII, creada como torre defensiva para protexer a porta de San Lázaro do recinto amurallado da vila. Hoxe en día dedícase a pousada e a museo etnográfico. Na súa rehabilitación tratouse de recuperar tanto o material (vigas, pontóns, entaboados, cerchas de cuberta), como os pilos e o muíño de casca. O seu interior resolveuse con novos elementos (cubos de taboleiro vernizado) superpostos sobre o vello entarimado. Como elementos a destacar é a súa estrutura de cuberta coas vellas cerchas que durmen sobre pilastras de cantería do país picada a man, típico da construción industrial do coiro daquela época.





h) CASETA DO CAMIÑEIRO: Antigo lugar onde se pagaba o imposto para acceder á vila. Pertencía á COTOP e foi cedida ó Concello a petición del mesmo. Foi rehabilitada para adicala a servizos públicos a súa planta baixa e a Oficina de Información a súa planta alta. O ámbito do PECHA modifícase neste punto para dar acubillo este elemento.

i) FÁBRICA DE CURTIDOS VILANOVA: Edificio adquirido por convenio urbanístico. Encóntrase apegado á ponte Románica de Vilanova, a súa orixe é do século XII como vivenda. Entre os séculos XIX e XX, converteuse nunha fábrica de coiros. Foi rehabilitada nunha primeira fase para dedicalo a "Museo do Coiro" e nunha segunda fase acondicionouse e adaptouse o seu interior e exterior para dedicalo a restauración e museo-biblioteca do coiro. Ó igual que a maioría das rehabilitacións tratouse de respectar o inmobile tal e como era, eliminando os elementos perturbadores para a estética e a propia construción. Na súa rehabilitación interior tratouse de darlle un toque persoal moderno.





Da análise destes datos podemos sacar as seguintes conclusións:

1º) A poboación do concello experimentou un forte incremento logo de promediado o século XIX, manténdose relativamente estacionaria arredor dos 9.000 habitantes, aínda que en crecemento ata os anos sesenta do século pasado. Na década dos sesenta iniciase o declive que é especialmente acusado entre 1960 (9.300 habitantes) e 1980 (5.009 habitantes). Declive que parece tocar fondo nesa última data ao entreverse un pequeno ascenso entre 1980 e 1990 e confirmarse nas primeiras décadas deste século.

2º) Mentres a poboación global do concello descendía de forma acusada, a da vila mantíñase máis estabilizada, mesmo tendo en conta que as cifras de poboación da vila das últimas décadas inclúe un ámbito superior ao do PECHA.

3º) A evolución demográfica reflicte claramente a conxuntura económica. O grande descenso dos sesenta-setenta coincide co peche das costumes existentes e coa apertura das comportas migratorias. Os feitos acontecidos nos anos oitenta supoñen un punto de inflexión para o rexurdir da vila.

4º) O nivel de alfabetización aumentou ao ritmo medio galego. O índice de analfabetismo que en 1850 estaba preto do 85 % foise reducindo dende comezos do século XX, cun salto importante na década dos trinta, como consecuencia da política educativa republicana, ata desaparecer practicamente na actualidade.



7 O DESENVOLVEMENTO DO PECHA

O Concello de Allariz era consciente do potencial Histórico-Artístico e Monumental do seu Casco Histórico e que debía actuar nel de inmediato e baixo unhas pautas prefixadas que marcarían en boa medida o futuro de Allariz.

Encárgase a redacción dun PERI que despois dun estudado traballo foi aprobado definitivamente o 9 de maio de 1995, e que permitiu a sinatura de varios convenios encamiñados a recuperar espazos abertos e edificacións significativas e de gran valor etnográfico e artístico. Por medio destes convenios, adquiriu os seguintes edificios e espazos abertos:



a) - Edificios

- Fábrica Vilanova
- Casa Paneira
- Torre Lombarda
- Casa Gardería

b) - Espazos abertos

- Aparcadoiro Vilanova
- Praza Torre Lombarda
- Praza Brancos

Asemade, creouse unha Oficina Municipal de Rehabilitación que se sitúa no Casco Histórico, nunha casa adquirida e rehabilitada para aloxar nela a oficina e ao mesmo tempo servise de modelo de rehabilitación. Na súa recuperación mantívose o seu propio carácter, adecuando o seu uso ás necesidades da oficina dotándoa de sala de xuntas e exposicións, arquivo, aseo, atención ó público, despachos e zona de traballo.



Esta Oficina de Rehabilitación, apoiándose no PECHA aprobado, asumiu como obxectivo a realización dos estudos e o establecemento das disposicións necesarias para a solución da problemática urbanística e arquitectónica deste Conxunto. Aínda que a recuperación do patrimonio que encerra dentro de si o Núcleo Histórico teralles que corresponder nunha boa parte aos propietarios das edificacións existentes dentro del, serán as Administracións Públicas a quen lles corresponda o papel de dinamizador no proceso de rehabilitación.

O Concello de Allariz considera que a intervención nesta Área non debe de reducirse a



determinadas fórmulas esquemáticas, o que supón a simple definición de normativas. A través da Oficina de Xestión da Rehabilitación Municipal realizou un estudio económico financeiro completo da realidade rehabilitadora do núcleo, un estudio quinteiro a quinteiro, casa por casa e vivenda por vivenda.

O obxectivo era acadar un nivel adecuado das propostas desa Oficina, que se levase a unha intervención medida e mesurada, cun exhaustivo nivel de información, para o cal dispoñían dun planeamento, o PECHA, co grao de definición adecuado á intervención que se pretendía realizar.

As pautas a seguir nesta Oficina son:

- 1ª.- Nunha primeira intervención asesórase ó veciño de como debe ser a intervención para mellorar a calidade da intervención e con que obxectivo.
- 2ª.- Realízase unha visita á edificación para un primeiro diagnóstico e poder definir con máis exactitude a intervención.
- 3ª.- Tramitación das axudas que permitan realizar e definir as obras.

7.1 **CONVENIOS E PROGRAMAS**

No presente apartado detallaranse os principais acordos acadados entre diversos organismos para a posta en marcha da actividade rehabilitadora no Casco Antigo, así como o criterio empregado pola Oficina de Rehabilitación como axente coordinador das actuacións.

7.1.1 **Convenios de rehabilitación no período 1996-1999**

No ano 1996 asinouse o convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Allariz, para a financiación de actuacións de rehabilitación, urbanización e reurbanización no Casco Histórico de Allariz ao amparo do Real Decreto 2190/1995. Esta primeira fase da rehabilitación do Casco Histórico desenvólvese en 3 anos. Durante este tempo conséguese facer participar á poboación do proceso de rehabilitación, dun modelo de desenvolvemento urbanístico municipal, que se recoñeceu como asumible. O investimento total nesta 1ª fase resúmese no seguinte cadro:

Organismo	%	Importe (€)
Ministerio de Fomento	40,00	2.402.281
Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)	5,42	325.322
Concello de Allariz	18,13	1.088.554
Veciños	36,46	2.189.546
TOTAL	100,00	6.005.703

No período 1996-1999 creáronse diferentes programas de subvencións encamiñadas a recuperar o Casco Histórico non só dende o punto de vista arquitectónico senón económico e ambiental, entre os que cómpre citar:



- PROGRAMA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS: Subvención do 40% a fondo perdido do orzamento protexido das obras ata un máximo de 24.040€ (Subvención equivalente a tributos).
- PROGRAMA REHABILITACIÓN DE FRONTEIRAS: Subvención do 100% a fondo perdido do orzamento protexido de iniciativa municipal e do 40% a fondo perdido do orzamento protexido de iniciativa particular (Subvención equivalente a tributos).
- PROGRAMA REHABILITACIÓN DE LOCAIS: Subvención do 50% a fondo perdido do orzamento protexido ata un máximo de 18.000€ (Subvención equivalente a tributos)

Ao longo destes catro anos a oficina de rehabilitación foi o motor executor deste plan non só tramitando subvencións senón asesorando tecnicamente aos construtores e á propiedade, o que supuxo un avance na rehabilitación e unha maior concienciación tanto da xente como dos construtores de que a rehabilitación se pode facer ben e con gusto. As rehabilitacións acometidas neste período foron:

Tipo de rehabilitación	Número
Fachadas	106
Vivendas	226
Edificios públicos	6
Locais comerciais	22
TOTAL	360

Neste proceso de transformación do Casco Histórico constatouse que este debe ser entendido se vai completado cunha mellora das infraestruturas e do espazo aberto. Unha lectura clara da intervención no espazo construído e a intervención á par no público e no privado, foi quizás a premisa que máis influía na propia rehabilitación do Conxunto Histórico de Allariz. A calidade do espazo-vivenda vén dada por unha previa consolidación do espazo público. A vida é a rúa, a praza, e esta prolóngase ao interior privado e pechado do interior do núcleo. Por tanto, as intervención en espazos públicos neste período foron:

Intervencións no espazo público	Número
Urbanización de rúas	4
Actuacións en prazas	4
Creación de novos espazos abertos	3
TOTAL	11

7.1.2 Programas de rehabilitación no período 2000-2005

Neste período asináronse tres convenios máis co Ministerio de Fomento e co IGVS, encadrados no Plan Vivenda 1998-2001 e 2002-2005.

Durante todo este tempo a poboación está concienciada da recuperación do Casco Histórico e séntese participe dos resultados acadados ata hoxe, o que facilita toda iniciativa



encamiñada á mellora do benestar do pobo. Un pobo que xa se sente entendido na rehabilitación, estando máis identificado coa boa intervención que coa chapuza.

O investimento neste período no que se inclúen a 2º, 3º e 4º fase de rehabilitación e o seguinte:

Tipo de rehabilitación	Número
Fachadas	16
Vivendas	118
Locais comerciais	7
Urbanizacións / Reurbanizacións	5
INVESTIMENTO TOTAL	3.691.878 €

Os programas de subvencións aprobados polo Concello son:

- Programas Fachadas: Intervención Municipal (100% sobre presuposto protexido), Intervención privada ARI (70% ata un máximo de 8.250€), I.G.V.S. (30% ata un máximo de 4.250€), Concello (100% subvención licenza).
- Programas Rehabilitación Vivendas: ARI (70% sobre p.p. ata un máximo de 8.250€), I.G.V.S. (30% sobre p.p. ata un máximo de 4.250€), Concello (100% licenza).

7.1.3 Programa de revitalización social e económica

A recuperación do Casco Histórico non só se centrou no campo da arquitectura. O Concello foi e é consciente que os Cascos Históricos teñen que ser vivos e dinámicos e elo só se consegue con programas encamiñados a incentivar a economía e programas encamiñados a atraer á xuventude.

Para isto asináronse convenios para a rehabilitación de inmobles para xente xove acolléndose ós "Pactos de retrovivenda", consistente na rehabilitación dos inmobles por parte do Concello de Allariz, coa única condición de reversión á propiedade aos 10 anos. A este programa acolléronse 2 vivendas, creando un total de 20 prazas para vivendas de xoves.

O Concello de Allariz incentivou ademais a rehabilitación de baixos para uso comercial creando un banco de iniciativas comerciais e outro de dispoñibilidade de baixos que quixesen acollerse a este programa, consistente na rehabilitación do local cun custo pero para a propiedade e unha cesión mínima co programa de 10 anos, comprometéndose a propiedade a alugar o baixo a un prezo taxado polo Concello que en ningún caso sobrepasaría os 150€/mes. A este programa adheríronse un total de 5 locais.

Pero non só iso, senón que o Concello subvencionaba ao 100% a retirada de antena e a súa conexión á rede de TV por cable.

7.1.4 Proxectos desenvolvidos con posterioridade

No ano 2006, continuouse na liña da promoción da rehabilitación, levando a cabo as seguintes actuacións:



- Remate do 5º convenio (no que se inclúen 30 actuacións).
- Actuacións de Urbanización e reurbanización: Rúa Sur, Praza Fonte San Isidro e Camiño Calzada, Rúa Socastelo, Entorno do Convento.
- Programa de reactivación económica: Acondicionamento de 14 baixos na rúa Fonteiriña e Cruz para dedicalo a centro comercial "OUTLETS".
- Remate rehabilitación edificio para Centro da 3ª Idade.
- Construción Centro asistencial na finca "PEÑAS".
- Continuación da retirada antenas tellados.
- Construción Noria de Sangue.

7.2 ACTUACIÓNS EXECUTADAS

7.2.1 Rehabilitación de fachadas

As obras de rehabilitación de fachadas consistiron basicamente na posta en valor do fronte construído, eliminando na maioría dos casos a súa evolución cara sistemas construtivos moi descoidados e inapropiados. As intervencións máis frecuentes foron:

- Levantamento de enfoscados que ocultan a cantería.
- Picado de falsos encintados.
- Cambios de carpintería non acordes coa linguaxe do Núcleo.
- Recuperar o estado inicial das fachas.





- Recuperación de antigas carpinterías de madeira.
- Novos revocos de morteiros de cal.
- Ocultación de fachadas de ladrillo.
- Cambio de canalóns e baixantes.
- Ocultación ou camuflaxe de cableado.



- Recuperación de aleiros de madeira e cantería
- Arranxo de canzorras de cantería.
- Substitución de peldaños de entrada de terrazo por pedra picada a man.
- Ocultación ou eliminación de contadores.
- Recuperación dos valores arquitectónicos ocultos.



7.2.2 Rehabilitación de locais

A rehabilitación dun casco implica no só recuperar o seu patrimonio artístico e cultural senón crear as ferramentas necesarias e os métodos máis adecuados para que a poboación asente no lugar e tome conciencia de que vive nun casco vivo e potencialmente con futuro.

Para isto o Concello de Allariz creou uns programas encamiñados á revitalización económica do seu núcleo, deste modo rehabilitáronse baixos para adicalos a tendas de venda de produtos artesanais, de arte, de venda e produción de licores da Vila, mercería, tenda de deportes etc. Tamén se rehabilitaron inmobles para dedicalos a hospedaría ou turismo rural e a restaurantes. O



Concello de Allariz sempre pretendeu crear un produto de calidade en tódolos seus campos, un produto que está avalado polo propio Casco Histórico e a xente que o visita.



7.2.3 Rehabilitación de vivendas

As obras dirixíronse á mellora do contido do edificio, á vivenda, núcleo básico da rehabilitación, co fin de lograr calidade de vida. O tipo de actuación foi moi amplo intentando mesturar coa realidade sistemas construtivos modernos e variados procurando introducir novos materiais que desen solución aos problemas xurdidos en obra e ao mesmo tempo mellorasen tanto as prestacións técnicas como as de deseño. A rehabilitación consistiu basicamente en:

- Renovación de cubertas
- Redistribución interior para eliminar espazos insalubres.
- Dotación de elementos hixiénicos.
- Renovación de instalacións.
- Rehabilitación estrutural.



7.2.4 Intervencións en edificios públicos

Grazas aos convenios asinados polo Concello trala aprobación do PECHA e as adquisicións de inmobles durante todos estes anos, dispónse na actualidade dun patrimonio útil e sostible que garante o futuro artístico e cultural de Allariz.

a) GARDERÍA MUNICIPAL

Casa adquirida por convenio coa Congregación Salesiana para dedicala a gardería infantil, encóntrase situada na rúa do Hospital. Tratábase dun edificio dedicado no seu día a teleclub e que nos últimos anos se atopaba abandonado. A súa fachada norte lindaba cunha edificación en ruína que se anexionou á futura gardería reconvertendo un pano que antes tiña tratamento de medianeira en nova fachada con ventá balconeira e galería.





Esta edificación posúe un patio exterior que foi acondicionado para zona de recreo. A ubicación da gardería no casco cumpre un dobre sentido, por unha parte asentar poboación e crear hábito de núcleo e por outra o propio inmoible reunía tódalas condicións para ubicar nel unha gardería.

b) CENTRO SOCIAL E MUSEO DO XOGUETE

Edificio señorial do século XV propiedade do Concello e rehabilitado para albergar nel o Centro Social da 3ª Idade e o Museo do Xoguete. Encóntrase situado na rúa do Portelo no centro do Casco Histórico.



c) 6.3.- A PANEIRA

Edificio adquirido por convenio polo Concello. Trátase dun inmoible adicado no seu día albergar a institución de crédito agrícola entre os sécalos XV e XVIII. Na actualidade emprégase para oficinas municipais na súa planta alta e para museo da evolución do Casco Histórico de Allariz na súa planta baixa. Sitúase na Praza Maior.




d) MUSEO ICONOGRÁFICO "ASER SEARA"

Inmóble sito na rúa Castelaio que foi adquirido por compra para destinalo a museo iconográfico "Aser Seara", donante das pezas que figuran no museo. Na súa rehabilitación só se conservou a envolvente exterior do inmóble e as vigas de castiñeiro que foron reutilizadas. O resto da intervención está asociada a unha idea prefixada de combinación de espazos en función do elemento exposto e a un estudo pormenorizado dos materiais e da súa funcionalidade.



e) FUNDACIÓN VICENTE RISCO

Casa situada na rúa San Lorenzo, que foi vivenda do escritor Vicente Risco e adquirida polo Concello para albergar nela a fundación que leva o seu nome. Esta intervención limitouse a unha conservación e acondicionamento do inmóble para adaptalo a museo e ao mesmo tempo non perdese o seu carácter de vivenda. A súa rehabilitación tivo dúas fases, na primeira tratouse de recuperar o inmóble para vivenda tal como foi nos seus tempos, dotándoa de cuberta nova, carpintería exterior, electricidade, arranxo de solos, dotación de baños e pintado. Nunha segunda fase acondicionouse o baixo para dedicalo ao museo permanente de Vicente Risco e itinerante para exposicións e charlas culturais durante todo o ano.



f) PISCINA CLIMATIZADA

Sitúase este edificio no recinto de Vilanova, levantado sobre as antigas piscinas que xa incumprían coa normativa vixente. Trátase dunha intervención moi estudada dado o espazo onde se posiciona. O volume, os materiais e o propio deseño marcaron a pauta da intervención. Ao igual que tódalas intervencións, a súa situación obedece a un programa de consolidación de núcleo, de mantemento continuado da actividade cotián no casco histórico.



g) CASA DO BOI

Constrúese este inmoble sobre un solar baleiro adquirido polo Concello para dedicalo a Casa do Boi. Aquí albergáronse, na súa planta alta, as oficinas da fundación "Xan de Arzúa", dedicando a planta baixa a catro cortes para gardar os bois durante as festas. Trátase dunha edificación en esquina sita na rúa San Lázaro, cun carácter público remarcado polo seu propio deseño onde se empregaron materiais nobres como a cantería picada a man e a madeira.

Outro dos obxectivos que se perseguíu foi crear un local onde se puideran levar a cabo outras actividades sociais coma talleres principalmente de cara a ambientación histórica, ou mesmo coma local de exposicións culturais, que son postas en marcha pola propia fundación e outros colectivos do concello.



h) RESIDENCIA ESTUDIANTES ALCAI

Edificio adquirido por convenio urbanístico. Está situado na Praza de Abaixo. O inmoible foi rehabilitado para residencia de estudantes coa pretensión de atraer xuventude estudantil, para elo fixéronse prezos por debaixo do mercado e asináronse acordos con Allarbus para facilitar o transporte entre a Vila e Ourense. Na súa rehabilitación tratouse de reutilizar os propios materiais da obra como vigas e pontóns de castiñeiro. Respectouse a súa composición volumétrica e mesmo a carpintería exterior para que non perdesse o seu carácter.



7.2.5 Urbanizacións

Toda rehabilitación de casco vai acompañada dunha recuperación do seu espazo, esta simbiose é necesaria se se quere que o proxecto se manteña dinámico e con perspectiva de futuro. As intervencións foron moi variadas en función do seu espazo e do seu uso:

a) INTERVENCIÓN EN RECUPERACIÓN DE RÚAS.

Consiste esta intervención na recuperación das rúas que debido o seu estudo de desgaste ao longo dos anos, faise dificultoso a súa utilización. Os criterios de intervención adoptados foron diversos en función de certas variables:


- Materias actuais da rúa.



- Materias existentes no mercado.
- Situación da rúa.

Como pauta a seguir primará a reutilización do pavimento existente no caso de ser cantería do país picada a man, noutros casos empregarase pedra do país picada fina de 10 cm. ou ben irase a solucións mixtas do formigón cepillado, lavado con adoquin pardo ou só o adoquin, isto requirirá un deseño moi estudado e integrado no entorno.

- RÚA VILANOVA: Rúa que comunica o recinto de Vilanova co Casco Histórico. A actuación limitouse á demolición do peche de bloque en todo o longo da rúa e á instalación de pérgola metálica coa función de crear un espazo alamedado creado pola cubrición de buganvilla.



- RÚA DO COUTO: Barrio típico do Casco Histórico de carácter máis rural que urbano cuxa rúa era de terra. Procedeuse á súa pavimentación con pedra abufardada de 10 cm. e o soterramento de tódalas instalacións, dotándoa de nova iluminación.



- RÚA FONTEIRIÑA E RÚA DAS HORTAS: Trátase de dúas rúas con empedrado antigo e acubillaban as típicas táxeas por onde discorre o saneamento cos conseguíntes problemas de filtracións e cheiros. A intervención consistiu na recolocación do actual pavimento e no soterramento de tódalas instalacións e serve como exemplo de actuación pouco recomendable debido ás complicacións que presentan o soterramento da rede de B.T., telefonía e iluminación, sendo preferible optar por solucións máis axeitadas como a camuflaxe de instalacións. Tódolos elementos propios



dunha rúa (arquetas, sumidoiros, etc.) foron estudados e integrados no seu espazo e co mesmo material da rúa.



- **RÚA SAN ESTEBAN:** Rúa con rodadura de asfalto e beirarrúas de pedra que lle daban un carácter de urbano "burgués". Recuperáronse as beirarrúas de pedra substituíndo o asfalto por adoquín pardo. O mobiliario urbano foi un elemento potenciador deste espazo. Na entrada á rúa descubriuse unha táxea que permitía o desague do foso da muralla e ao mesmo tempo a entrada pola porta de San Estevo ao interior da fortaleza. Aínda que a súa ubicación non era a mellor, considerouse necesario recuperar este arco de gran valor histórico e artístico como un elemento máis do patrimonio allaricano.



- **RÚA ENTRECERCAS:** Rúa situada no extradós da muralla que nos seus inicios era de terra e no pasado máis recente foi de asfalto. Na actualidade ese asfalto converteuse en adoquín pardo que se combina con franxas de pedra do país picada a man. Como elementos potenciadores do espazo colócanse 5 cipreses apegados ao muro da finca. Cabe destacar a iluminación de solo para resaltar tanto o lenzo da muralla



como o do peche de finca que linda coa rúa. Para evitar o aparcadoiro incontrolado sitúanse elementos urbanos decorativos , ben bolardos, maceteiros ou bancos.



b) INTERVENCIÓN EN ESPAZOS ABERTOS, PRAZAS.

- PRAZA DO COUTO: Espazo público aberto, próximo ao convento, que polo seu carácter máis rural, aínda se mantiña en terra. Ao igual que a rúa do Couto, esta resolveuse con pedra do país de 10 cm. abufardada a máquina. Dotouse de iluminación pública, rede de saneamento e abastecemento.



- PRAZA DOS BRANCOS: Espazo de terra situado próximo ó Castelo con lixeira pendente cara ao sur onde se ubicaba un transformador que foi demolido para ampliar a praza a costa da finca traseira da casa de cultura. A intervención foi atrevida nun primeiro momento ao utilizar o formigón e adoquín como elemento de pavimento, mais a mestura entre a zona verde co mobiliario urbano na zona máis aberta e o tratamento de solo na trama máis urbana danlle un carácter único á intervención.



- **PRAZA DOS CARBÓNS:** Espazo situado no intradós da muralla, composto de pequenas parcelas particulares que foron adquiridas polo Concello para crear unha praza de carácter familiar que permitise un acceso á muralla. Neste espazo leváronse a cabo catas arqueolóxicas durante un ano. Na intervención tratouse de resaltar ese carácter de finca, horta, mantendo as árbores frutais e o céspede. O espazo próximo á muralla resolveuse con muros de formigón visto, que se entremezcla cos de mampostería. As escalinatas son de madeira para darlle un carácter máis lixeiro e “provisional”.



- **PRAZA DO EIRÓ:** Espazo que preside a Oficina de Rehabilitación e que une a rúa entrecercas coa rúa do Hospital. Nesta actuación substituíuse o asfalto por adoquín pardo e bandas de pedra picada a man. A súa parte central pavimentouse con pedra vella do país simulando unha rúa antiga para ubicar a estatua do Boi. Complétase a actuación con mobiliario urbano (bancos, papeleiras, contenedores, todo modelo Allariz) e iluminación.



- ENTORNO SAN PEDRO: Mediante convenio coa Congregación Salesiana, o Concello comprometeuse a liberar o entorno da Igrexa de San Pedro e a demoler o cobertizo apegado á Torre. Delimitouse un espazo de 5 m. na zona colindante co patio do instituto resolvendo o peche con muros de cachotería de 2x2 interrompidos con enreixado da mesma medida, mantendo un ritmo por igual, potenciando o lenzo de cantería con iluminación de solo.



- PRAZA TORRE LOMBARDA: Adquirida mediante convenio e incorporada ao entorno da pousada Torre Lombarda. Resolta con lousa de pedra abufardada mantendo a pendente do terreo, que se combinará co adoquín na zona lindante coa nova edificación. Respectáronse os elementos propios da finca. Esta praza comunica por medio dunha escalinata de ferro e madeira co Parque Etnográfico.





7.2.6 Recuperación das marxes do Río Arnoia

No ano 2004 en base a un convenio coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, recuperáronse as marxes do río Arnoia na súa trama urbana que vai dende a ponte de Vilanova ata a Acearica por ámbalas dúas marxes e dende o recinto de Vilanova marxe esquerda ata a Torre Lombarda.

As obras consistiron en recuperar paseos que antes non existían para poder circular polas beiras, para o que foi necesario a cesións dos terreos por parte dos particulares. Ademais, foi necesario resolver os entronques coa ponte de Vilanova con escalinatas integradas no medio.

No tramo que vai dende o recinto de Vilanova ata o muíño do Burato colocáronse pérgolas e miradoiros. Os peches das fincas leváronse a cabo con muros de cachonería, cancelas e verxa formada por platinas 60x5 e cable de aceiro.



7.2.7 Eliminación de cableado aéreo e antenas

O Concello de Allariz propúxose eliminar a totalidade do cableado aéreo existente incluído os postes de formigón e metálicos, para o que contou coa colaboración da compañía Unión Fenosa e Telefónica, que se brindaron a súa substitución unha vez feitas as obras de soterramento. Noutros casos a solución adoptada foi a de camuflaxe, ben reorientando o seu itinerario, ben camuflando con pintura ou plantas ornamentais.

Para a eliminación de antenas nos tellados creouse un programa específico de subvención xa mencionado.



7.2.8 Mobiliario urbano e sinalización

Para darlle máis personalidade ás intervencións e manter un fío catalizador de tódolos elementos, o Concello conta con deseños a empregar no Casco Histórico de todo tipo de mobiliario urbano tales como:

- Bancos
- Bolardos
- Papeleiras
- Farolas
- Protección de contenedores...





No campo da sinalización e exposición créanse tamén novos elementos como:

- Barandas de protección
- Expositor
- Sinais de tráfico do Casco Histórico...



Dado que no Casco Histórico non se pode aparcар, foi preciso e necesario estudar e racionalizar o tráfico, o que implicaba a colocación de abundantes sinais incompatibles cos criterios estéticos plantexados, o que motivou a creación de novas sinais con soporte metálicos e sinal de PVC cuxa misión é reorientar ou recomendar o tráfico. A todas luces que está funcionando.


8 ANÁLISE SOCIOECONÓMICA

8.1 DEMOGRAFÍA

8.1.1 Evolución

A panorámica demografía de Allariz no seu conxunto ven amosando uns niveis de regresividade acentuada. O Casco Histórico non ía ser moi distinto. De calquera xeito logo dos anos de forte caída demográfica, a partires dos anos sesenta e setenta, parece terse detido a sangría migratoria; non sucede o mesmo co crecemento vexetativo, pois as defuncións superan en varios enteiros aos nacementos, mesmo nos últimos anos.

Evolución demográfica (1960-2020)






A poboación do C.H.A. de Allariz era de 1.049 persoas en 1981 e de só 837 en 1993 (a 31 de Nadal). O descenso é pois importante, un 20,3 % na ducia de anos transcorridos entre esas dúas datas. Pero tamén é significativo o feito de que a partires de finais da década dos oitenta, principios dos noventa non se produce descenso de poboación no Casco e elo, basicamente pola volta de xentes emigradas.

A planificación urbanística e territorial desenvolvida nos anos posteriores traducíuse nun incremento da tendencia demográfica co enriquecemento e fixación de poboación no municipio que continua ata os nosos días, de tal xeito que segundo os últimos datos dispoñibles no IGE, no ano 2021 o municipio de Allariz contaba con 6.314 habitantes repartidos en 16 parroquias entre as que destaca a de Allariz (Santiago) por albergar o núcleo urbano e o Casco antigo.

Parte desa estabilización e lixeiro crecemento que experimenta o municipio proven do núcleo urbano de Allariz do que forma parte o C.H.A, xa que case o 65% da poboación municipal habita no núcleo urbano (4.084 habitantes).

A media de idade dos habitantes do municipio é de 46,64 anos.

CADRO Nº 9.- ESTRUCTURA DE IDADES DA POBOACIÓN DE ALLARIZ (2020)



Comparando as pirámides de poboación correspondentes aos dous escenarios referenciados (anos 1998 e 2020), pode apreciarse que a de 1998 xa amosa unha base moi feble, aínda máis acusada nas mulleres pero que, aínda se conserva certa imaxe piramidal en conxunto, certo é que presenta cunha clara tendencia a se facer rectangular. En 1993 advertimos unha otoria inflexión no estrato correspondente ás persoas comprendidas entre os 20 e os 24 anos.

A distribución por sexos, -que xa en 1998 evidenciaba unha curiosa desvantaxe feminina na poboación menor de 50 anos- segue a amosar unha compoñente masculina maioritaria neses primeiros estratos tamén en 2020. Pola contra, a partires dos 50 ou 55 anos a poboación feminina supera á masculina en tódolos estratos de idade cousa que xa é moi acusada na poboación que supera os 85 anos.



Por outra banda, para analizar o envellecemento poboacional, problema común en todo o interior da comunidade galega, é preciso acudir ao índice de envellecemento do municipio calculado polo Instituto Galego de Estatística. Este sinala a relación existente entre as persoas con máis de 65 anos e os que teñen menos de 15. Como pode observarse existe unha tendencia á súa diminución dende o ano 2008 favorecido polos novos empadroadamentos no municipio, xa que o saldo vexetativo nos últimos anos é negativo (-39 no ano 2020). Cómpre sinalar que, aínda que segue a ser moito máis alto co desexable (situarse por baixo do 20 %) o mesmo índice para a comarca de Allariz-Maceda é de 261,63 para o ano 2020 e de 160,40 para o total de Galicia.


CADRO Nº 10.- ÍNDICE DE AVELLAMENTO DO MUNICIPIO DE ALLARIZ

2003	2005	2010	2015	2018	2020	2021
231,84	221,50	192,05	162,39	162,37	150,58	148,17

A información de poboación oficial dispoñible para o ámbito do Casco Histórico, correspóndese coa aportada polo Concello de Allariz, para entidade do INE 030101 Allariz, sendo conscientes de que este núcleo engloba unha maior extensión que a do propio Casco Histórico. De feito, o ámbito do PECHA representa un 11,6% do total do solo urbano delimitado, polo que aplicárase esta porcentaxe á cifra global achegada.

Na seguinte gráfica pode observarse a evolución da poboación do núcleo de Allariz que case ten duplicado o número o habitantes nos últimos 20 anos.

CADRO Nº 11.- EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NOS ÚLTIMOS ANOS (2000-2021)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos dos Censos de Poboación

A poboación do C.H., como a do conxunto do Concello de Allariz é unha poboación non só en regresión senón tamén, e sobre todo, envellecida.

O PECHA 1995 analizaba o Índice de Dependencia Xuvenil do Casco Histórico (Porcentaxe da poboación entre 1 e 14 anos respecto da poboación entre 15 e 64 anos) que rondaba o 21,03 %, practicamente igual ao do conxunto municipal (21,15 %) ,tendo en conta que o desexable demográficamente falando sería que ese índice non baixase do 40 %.



No caso do Índice de Dependencia Senil (expresado como a porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos respecto da poboación entre 15 e 64 anos) situábase no momento de aprobación do PECHA no 33,40 %, que aínda que se situaba lonxe do case sangrante 49,43 % do conxunto municipal, seguía a ser moito máis alto co desexable (por baixo do 20 %). Na actualidade, e segundo as cifras do IGE para o ano 2021, a poboación de 65 ou máis anos representa o 25% do total municipal.

8.1.2 Nivel de instrución

O nivel de instrución da poboación tense incrementado considerablemente no período que estamos a analizar. Ademais diso, o PECHA anterior identificaba un nivel no C.H.A. moi superior ao do conxunto da poboación municipal, e apuntaba unha melloría espectacular no nivel de instrución da poboación, pois entre 1981 e 1993, a poboación sen estudos case se reduciu no 50 % e a de Bacheleles e Titulados Universitarios case se dobrou. Esta traxectoria continua ata actualidade, mais as últimas cifras publicadas datan do ano 2011 e non permiten detallar o nivel inframunicipal. Neste caso, os datos amosan que máis do 51% da poboación allaricana conta xa con estudos de segundo grao, case un 13% acadaron estudos de terceiro grao, e en porcentaxes similares se atopa a poboación con estudos de primeiro grao e os menores de 16 anos, mentres que as persoas sen estudos apenas superan o 11% da poboación.

CADRO Nº 12.- NIVEIS DE INSTRUCCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE ALLARIZ (2011)

CADRO Nº 13.-

Nivel de estudos	Poboación
Analfabetos e sen estudos	673
Menores de 16 anos	730
Primeiro grao	718
Segundo grao	3.050
Terceiro grao	763
Total	5.935

FONTE: Elaboración propia a partires dos datos do Censo de Poboación de 2011

8.1.3 Previsións demográficas

A continuación realízase un estudo da evolución futura da poboación, co fin de valorar o equilibrio entre o crecemento previsto da poboación e a capacidade do ámbito do PECHA para absorbelo. Para realizar as previsións da evolución demográfica, efectuáronse dúas proxeccións de poboación; realizáronse tomando como base os datos oficiais publicados ata o ano 2021, da poboación para a entidade de Allariz extraída do Instituto Nacional de Estatística, para os anos 2000, 2010 e 2021, minorada na porcentaxe definida con anterioridade para o Casco Histórico.



ÁMBITO	POBOACIÓN (Hab)		
	2000	2010	2021
Casco Histórico de Allariz	254	386	473

Os métodos matemáticos que se aplican no cálculo da poboación futura baséanse nas ecuacións que expresan o crecemento demográfico en función do tempo, dito crecemento medido e expresado nunha taxa ou en porcentaxe de cambio, obtense a partir de observación ou estimación do volume poboacional en dúas ou máis datas do pasado recente. Polo xeral, os censos de poboación, realizados cun intervalo aproximado de dez anos, permiten dita medición.

Unha vez determinada a taxa ou o volume de crecemento do pasado, procedese a extrapolar a curva de crecemento que mellor se adecúe á tendencia observada ou suposta. A extrapolación consiste en prolongar a curva, previamente seleccionada, máis alá da última observación, presente ou pasada, baixo a hipótese de que o aumento observado entre dúas datas anteriores continuarán despois da última observación.

Na aplicación dos métodos matemáticos de extrapolación suponse que o crecemento total da poboación segue un ritmo bastante regular, que se manterá constante no futuro. Isto implica que as características pertinentes da situación económica e social do futuro serán similares que no pasado, ou serán consecuencia dunha avaliación gradual. Se se dispón da estimación da poboación en dous momentos do pasado, pódese elixir entre dous métodos de extrapolación: o uso dunha proporción aritmética ou o uso dunha proporción xeométrica. Se se conta con máis de dúas estimacións, é posible o uso de curvas polinómicas, de segundo ou terceiro grao ou outro tipo de funcións.

O método de cálculo utilizado é o máis conservador: o método lineal, os métodos progresivos ou parabólicos para taxas de poboación positivas estiman crecementos futuros máis elevados.

CALCULO REALIZADO:

$$T.C.A.A. (taxa de crecemento anual acumulativo) = [(Pf/Pi)^{1/n} - 1] \times 100 \text{ sendo}$$

Pf a poboación final dispoñible para os anos de estudo

Pi a poboación inicial dispoñible, para os anos de estudos

e n° o número de anos de diferenza entre ámbalas poboacións

Unha vez realizado o cálculo da T.C.A.A. aplícase a fórmula seguinte:

$$POBOACIÓN PROXECTADA = Pf \times (1 + n^\circ \times T.C.A.A.)$$

Partindo dos datos anteriores para os anos 2000, 2010 e 2021, calculáronse as taxas de crecemento anual acumulativo nos períodos 2000-2010, 2010-21 e 2000-2021, así como as correspondentes proxeccións de poboación, en función dos períodos analizados, para os anos horizonte 2037 e 2039. Os devanditos datos figuran contidos no cadro recollido a continuación:



Ámbito	Período 2000-2010			Período 2010-2021			Período 2000-2021		
	TCAA (%)	Proxección		TCAA (%)	Proxección		TCAA (%)	Proxección	
		2037	2039		2037	2039		2037	2039
Casco Histórico de Allariz	4,27	831	864	1,86	614	632	3,01	700	729

Como resumo das proxeccións realizadas obtense a seguinte conclusión:

Das tres hipóteses consideradas, en ningunha delas diminúe a poboación para o ano horizonte. As taxas de crecemento anual acumulativo sitúanse entre o 1,86 e o 4,27%.

Tendo en conta que a disparidade das proxeccións ven motivada polo forte incremento de poboación no primeiro período (2000-2010) e polo ralentización no segundo período (2010-2021), é preciso considerar a evolución recente da poboación en xeral que, a consecuencia da pandemia sufrida a nivel mundial, está a desprazar poboación das grandes cidades cara ao medio rural.

Polo tanto, e como resumo do exposto anteriormente, debe seleccionarse a proxección estacionaria, na que a poboación do Casco Histórico medrará nos próximos anos a un ritmo intermedio, o que resulta do estudo illado dos datos poboacionais. Será importante ter en conta para a análise tamén as variables estudadas en apartados posteriores, vivenda, sectores económicos,... a efectos de establecer as reservas de solo acordes cos crecementos esperados, que se basean non só no crecemento demográfico senón tamén no habitacional.


8.2 ACTIVIDADE ECONÓMICA

O Casco Histórico de Allariz aínda segue a ser, a partires da expansión recente da vila, o espazo comercial por excelencia. No seu interior existe unha notable diversidade comercial e de servizos.

Aparte da actividade pública, que tamén ten no C.H.A. a meirande parte da oferta, a saber: funcións administrativas (Concello, Correos...), docentes (Instituto, Escola-Obradoiro), Casa da Cultura, Emisora Local, Servizos Asistenciais, etc., no interior do ámbito espacial do Casco Histórico, tal e como este se delimita no Plan Especial, asistimos á presenza de todo tipo de comercio e servizos.

En Allariz vense producindo un fenómeno de progresiva terciarización e transformación en núcleo de residencia para poboación procedente da capital provincial, grazas aos seus valores ambientais e patrimoniais.


A seguinte gráfica reflicte o número de parados/as nos últimos anos. Como se pode observar, en xeral o paro diminúe no período analizado. Se ben, en cifras moi axustadas.



Evolución do número de parados/as

O uso maioritario dentro do C.H.A é o residencial con vivenda unifamiliar maioritariamente en edificación apegada, seguido do uso comercial e sociocultural. A actividade industrial segue sendo reducida a pesar da tradición artesá e a posta en marcha de parques industriais, mentres que a agricultura segue sendo para autoabastecemento na súa meirande parte aínda que destaca a modernización das explotacións agrícolas nos últimos anos grazas a políticas de reconversión das terras abandonadas en explotacións modernas e a integración das explotacións produtivas en empresas de transformación.

Número de afiliados/as por sectores (a xuño de 2021)



Empresas por actividad (2020)	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
	37	47	94	370

Segundo os datos facilitados polo Concello de Allariz, o número de empresas/actividades do CH na actualidade ascende a un total de 206 actividades, desglosadas na seguinte táboa:

GRUPO/EP.	Denominación	Nº de actividades
013	Veterinarios	1
023	Explot. Intensiva Gando Ovino de Cebo	1
032	Interpretes de instrumentos musicais	1
112	Enxeñeiros de minas	1
411	Arquitectos	2
474	Artes Gráficas (impresión gráfica)	1
492	Fab. Instrumentos de Música	1



GRUPO/EP.	Denominación	Nº de actividades
641	Com. Men. Froitas, Verduras	2
656	Com. Men. De bens usados	2
681	Hospedaxe en hoteis e moteis	1
682	Hospedaxe en hostais e pensións	1
685	Aloxamentos turísticos extrahoteleiros	1
712	Axentes e Corredores de Seguros	1
731	Avogados	2
762	Doutores, licenciados, enxeñeiros informat.	1
772	Estenotipistas, Taquimecanógrafos	1
826	Persoal docente ensinanza diversas	1
834	Serv. Propiedade inmobiliaria e industria	1
842	Servicios financeiros e Contables	3
845	Explotación electrónica por terceiros	1
859	Aluguer outros bens mobles ncop	1
861	Pintores, escultores, ceramistas, artesáns	1
873	Expendedores non oficiais apostas	1
899	Outros Prof. Relacionados con servizos	1
912	Servizos forestais pesca e acuicultura	1
943	Consultas clínicas estomat. e odontólogos	1
945	Consultas e clínicas veterinarias	3
951	Asistencia e serv. Sociais diminuídos	1
999	Outros Servizos ncop	2
316.1	Fab. Ferramentas manuais	1
414.4	Elaboración de Xeados e similares	1
419.1	Industria do pan e bolería	2
419.2	Industria Bolería e Pastelería	2
421.2	Elaboración Ptos. Confitería	1
423.1	Elab. Café, Te e sucedáneos	1
455.1	Confec. Art. Téxtiles Fogar/tapicería	2
476.1	Edición de Libros	3
501.1	Constr. Completa, repar. e conserv.	2
501.2	Const. Completa obras civís	1
501.3	Albanel. e peq. Traballos construción	2
504.1	Instalacións eléctricas en xeral	1
504.2	Instalacións fontanería	1
505.6	Pintura e revestimentos en papel	1
612.9	Com.Mai.outros pto. Aliment. Xead.	1
614.2	Com.Mai. Pto Perfumería,Droguería	1
615.6	Galerías de Arte	1
619.8	Compra venta de gando	1
642.4	Com. Men. Carnicerías	1
644.1	Com. Men. Pan, Pasteis, conf. e lact.	2
644.3	Com. Men. Pto. Pastelería Bolería	3
644.6	Com. Men. Masas fritas	3
646.5	Com. Men Tabaco Maquinas Automaticas	2
647.1	Com. Men. Pto Alimeticos e Bebidas	3




GRUPO/EP.	Denominación	Nº de actividades
647.2	Com. Men. Ptos Alimenticios menos 120 m2	1
651.1	Com. Men. Ptos Téxtiles para o fogar	1
651.2	Com. Men. Prendas de Vestir e tocado	18
651.4	Com. Men. Mercería e Paquetería	2
651.6	Com. Men. Calzado e complementos Pel	3
652.1	Farmacias	1
652.2	Com. Men. Ptos. Droguería , Perfumería	1
652.3	Com. Men. Ptos. Perfumería y Cosmética	2
653.1	Com. Men. Mobles (excepto Oficina)	1
653.2	Com.Men aparatos de uso doméstico	1
653.3	Com. Men. Art. Menaxe, ferretería, adorno	2
654.2	Com. Men. Accesorios e recambios vehic.	1
659.2	Com. Men. Mobles e Máquinas de Oficina	1
659.4	Com. Men. Libros, Periódicos, revistas	3
659.5	Com. Men. Art. Xoiería, relojería, xoias de imitación	2
659.6	Com. Men. Xoguetes, Art. Deporte, Armas	1
659.7	Com. Men. Sementes, abonos, flores, plantas	1
659.9	Com. Men. Outros ptos. Ncop	2
662.2	Com. Men. Toda Clase art. En outros locais	1
663.3	Com. Men. Calzado sen establecemento	1
671.4	Restaurantes de dous garfos	4
671.5	Restaurantes dun garfo	4
673.2	Outros cafes e bares	17
677.9	Outros Serv. Alimentación, restauración	1
691.9	Reparación outros benes consumo ncop	1
832.1	Axencias de seguros e corredurías	2
843.3	Serv. Tec. Prospeccións e Xeoloxía	1
849.9	Outros servizos independentes ncop	3
856.2	Aluguer de películas de video	1
861.1	Aluguer de vivendas	2
861.2	Aluguer locais industriais	27
921.3	Exterminio Animais prexudiciais e Desifec.	1
932.2	Ensinanza form. Profesional superior	1
933.9	Outros Activ. Ensinanza	1
961.1	Producción películas cinematográficas	1
963.1	Exhibición de películas cinematográficas	1
965.1	Espectáculos en salas e locais	1
965.4	Empresas de espectáculos	1
966.1	Bibliotecas e museos	1
966.9	Outros servizos culturais ncop	1
971.3	Zurcido e reparación de roupas	1
972.1	Serv. Perruquería Señoras y Cabaleiro	5
972.2	Salóns e Institutos de Beleza	3
973.1	Servizos fotográficos	1
989.2	Serv. Organiz. Congresos, asambleas...	1

Deste tecido produtivo, o 93% correspóndense con actividades empresariais, o 6% con



actividades profesionais e tan só o 1% restante se corresponde con actividades artísticas, e entre elas preto da metade se destinan as actividades comerciais, restaurantes, hospedaxe e reparacións, o que pon de manifesto o potencial económico do sector turístico. A posta en valor do patrimonio urbano, cultural e natural de Allariz que permitiu nos últimos anos unha clara dinamización económica a través do desenvolvemento da actividade turística e recreativa.



Esta aposta polo sector turístico supuxo ademais a atracción de novos modelos de negocio, como a implantación de outlets de marcas de referencia para fomentar, á marxe do atractivo da riqueza patrimonial, cultural e natural, o turismo de consumo. A día de hoxe o Outlet Allariz é marca da vila e desenvolve a súa actividade nun "centro comercial" aberto en tres rúas do C.H.A: Rúa Santo Estevo, Rúa Fonteiriña e Rúa da Cruz.

Segundo os datos recollidos pola Oficina de Información Turística de Allariz, dende xuño ata a ponte de outubro de 2021, un total de 26.500 visitantes pasaron pola instalación municipal. En canto á procedencia dos visitantes, a meirande parte dos mesmos proceden do resto do estado, sobre todo de Madrid ,Castela e León e Levante. En canto aos visitantes galegos, procedían maioritariamente da provincia de A Coruña e Pontevedra.

Patrimonio principalmente, natureza e a rede comercial e hostaleira, así coma o calendario de eventos que se leva a cabo en Allariz durante todo o ano son, entre outros, os atractivos por excelencia que fan de Allariz un destino turístico consolidado e referente en Galicia.

A rede de museos de Allariz bateu todos os récords ao recibir só no meses de xullo , agosto e setembro 8.500 visitas, sendo o Museo do Xoguete o que presentou maior afluencia de visitantes.

En xeral, tras as políticas desenvolvidas polo goberno municipal, observouse unha evidente mellora na calidade de vida dos habitantes, que redundou na estabilización da poboación local grazas ao descenso do desemprego, a mellora na dotación de servizos, e o aumento do orzamento municipal, e na promoción dunha sólida participación dos veciños na toma de decisións e xestión da vida pública municipal.

Actualmente, o municipio sitúase no número 59 entre os que presentan unha maior renda bruta media en Galicia.

En definitiva, obsérvase que se produciu un reposicionamento socioeconómico e cultural no



contexto territorial, grazas a, entre outros factores, a protección e promoción dos valores máis significativos do seu patrimonio e ao fomento da participación cidadá.

9 ESTRUCTURA DA PROPIEDAD


O ámbito do PECHA abrangue preto de 29 Has. Desta superficie, correspóndense con espazos de certa dimensión as dotacións de espazos libres e zonas verdes, que se describen no apartado **¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.** e acadan un total de 6,98 Has, a dotación de equipamento descrita no apartado **¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.** de preto de 5,48 Has e o sistema viario e fluvial que ascenden a 5,53 Has.

Asemade, existen arredor de 2,4 Has que se corresponden con espazos agrarios situados ao norte do Castelo e ao sueste do Convento de Santa Clara. Todos estes espazos abranguen un total de 20,39Has, que descontados do perímetro total do PECHA


O resto da delimitación, 8,45 Has son precisamente os espazos destinados a usos residenciais, formados por un parcelario de pequenas dimensións, que rondan de media os 161m², aínda que esta dimensión varía, loxicamente, segundo o quinteiro no que nos atopemos, cunha desviación estándar de 229,65 m². Destaca polas súas dimensións a parcela situada entre a rúa Santo Estevo, Rúa Nova, Praza Campo dos Brancos e Camiño Socastelo, que conta cunha extensión de 2.615 m², contraposta con parcelas situadas no interior dalgún quinteiro, que non superan os 10 m².

Como se pode apreciar nas gráficas seguintes, practicamente a metade das parcelas do ámbito se corresponden con parcelas inferiores aos 100m², mentres que a porcentaxe de parcelas de titularidade privada se achega ao 90%.

Porcentaxe de parcelas segundo a súa titularidade



Número de parcelas segundo a súa superficie



10 ACTIVIDADE URBANA. USOS DO SOLO

O vixente PECHA estrutura o ámbito en cinco zonas de ordenanza en función do seu tratamento homoxéneo e uso. As ordenanzas establecidas son: Edificación intensiva, edificación extensiva, equipamentos, espazos libres e zonas verdes e usos agrarios.

Segundo o SIOSE, Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España, integrado dentro do Plan Nacional de Observación do Territorio (PNOT) no ámbito predomina o solo artificial.



O espazo do Casco Histórico de Allariz, por riba de calquera outra consideración é un espazo onde viviu e segue a vivir unha parte considerable da poboación allaricana e dentro do que é o uso residencial, a inmensa maioría faino en vivendas unifamiliares. Porén, o Conxunto Histórico-Artístico de Allariz componse non só dun valioso patrimonio edificado senón tamén de patrimonio arqueolóxico e un rico patrimonio inmaterial. Analizarase cada un deles a continuación.

10.1 RELACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO CO SEU BORDE

10.1.1 O solo urbano circundante

O solo urbano consolidado situado nos arredores do C.H.A. atópase en parte consolidado por edificación intensiva fundamentalmente cara ao sur do ámbito, na primeira liña en couzada pechada, para logo pasar a tipoloxías en bloque aberto) e por edificación extensiva de vivenda unifamiliar (illada ou apegada) nas outras direccións.

Atópase pendente de lograr a materialización do vial de circunvalación da zona leste, entre as estradas de Xunqueira e Celanova, que evite o tráfico pesado ou de grandes dimensións polo Campo da Barreira, aínda que este tráfico se viu xa reducido coa apertura da AG- 31..

O PXOM de Allariz contempla un total de 146 áreas de reparto, das cales resultan importantes para o C.H.A. as colindantes co ámbito e que se relacionan de seguido:

- AR-19, xa executado e que destina os terreos ao pé do río a espazos libres e zonas verdes, mentres que na parte posterior se edificaron bloques abertos de vivenda colectiva e vivenda unifamiliar apegada.
- AR31, e AR-36 pendentes de execución, nas que se prevé destinar máis da metade dos terreos (toda a ladeira cara ao río) a espazos libres e zonas verdes e a superficie restante a edificación extensiva.
- AR35, coa urbanización executada, destina os terreos en contacto co Camiño de Arnado, a espazos libres e zonas verdes, permitindo edificación extensiva no extremo norte. Incorpora no ámbito a instalación do equipamento destinado a curhotel previsto polo PXOM.
- AR37, cunha gran extensión de case 3 Has, contempla unha ordenación destinada a edificación extensiva practicamente na súa totalidade, que na actualidade segue sen materializarse.
- AR43, AR44, AR 46, AR-48 e AR-51 situadas ao pé do río, destinan os terreos colindantes co cauce a espazos libres e zonas verdes, e permite a construción de edificación extensiva no bordo norte. De todas elas, poden verse xa consolidada a AR43 e a AR-44.
- AR-66, pendente de execución, propón a edificación extensiva nos terreos próximos ao Convento de Santa Clara, destinado a espazos libres dous espazos ao norte. Trátase dun ámbito extremadamente sensible, cuxa proposta de intervención haberá de responder á calidade da posición que ocupa.



- AR-134, xa se atopa consolidada, coa edificación en bloque aberto prevista pola ordenación, mentres que a AR135 e a AR136, de similares características se non viron polo momento materializadas.

10.1.2 As aldeas de Vilariño e A Frieira

A aldea de Vilariño Tras do Convento sitúase ao leste do solo urbano de Allariz, a menos de 200 metros do Convento de Santa Clara. O PXOM incorpora os terreos que separan o Convento do núcleo rural, como seis sectores de solo urbanizable, todos eles de uso residencial e prevé a execución no seu interior dun vial de circunvalación entre a Estrada de Xunqueira e o vial principal de acceso ao núcleo rural. Porén, unicamente o primeiro deles (SUR-2) ten desenvolvido o seu plan parcial (aprobado definitivamente o 27 de setembro de 2010), sen chegar a materializarse polo momento. Por tanto, o núcleo de Vilariño constitúe un gran potencial para o asentamento de novos usos residenciais, sen necesidade dunha previa xestión urbanística.

Pola súa banda, a aldea de A Frieira sitúase ao norte do C.H., a uns 230 metros da Ponte de Vilanova, a carón do Regueiro de Frieira. Limita polo leste cun sector de solo urbanizable (SUR-1) con plan parcial aprobado definitivamente (26 de novembro de 2010), tamén pendente de execución e co solo urbano industrial de Chorente. Por tanto, o núcleo de A Frieira resulta igualmente idóneo para o asentamento de novos usos residenciais sen necesidade dunha previa xestión urbanística.

10.2 O PATRIMONIO EDIFICADO

Como se expuxo con anterioridade, o ámbito do PECHA inclúe no seu interior a igrexa de Santiago e toda a zona que comprende as prazas e rúas que a rodean; a igrexa de San Estevo co seu atrio e as rúas que o rodean; o convento Santa Clara, o santuario de San Bieito e o campo da Barreira; a igrexa de San Pedro, a praza Juan Bosco e as súas entradas; a rúa Xardín (antiga muralla medieval); zona que comprende as casas e balcón de Amoeiro; a ponte e igrexa (Santa María) de Vilanova co seu alcance da vista sobre o río; a Acea Rica, o Paseo de Arnado e a propia Alameda.

A igrexa de Santiago posúe asemade a declaración individual como Monumento Histórico-Artístico (Decreto do 3 de xuño de 1931), mais a importancia histórica e cultural da vila de Allariz déixase ver noutros puntos do municipio como é o caso da Igrexa de San Martiño de Pazó, Monumento Histórico-Artístico (Decreto do 3 de xuño de 1931) e o seu contorno (Decreto 41/1998 do 30 de xaneiro de 1998).

a) AS EDIFICACIÓNS RESIDENCIAIS

A intervención conxunta e planificada de valorización de continente e contido outorgan á vila alaricana un sobranceiro protagonismo na recuperación das paisaxes culturais, que toman forma na imaxe idílica da vila co Arnoia nun primeiro plano e a ponte medieval, coroada pola silueta imaxinaria do castelo, ata os contemporáneos xardíns do seu festival internacional.



Contribúen á formación desa imaxe todas e cada unha das 665 parcelas catastrais do ámbito, que acollen usos residenciais nun 90% dos casos. No patrimonio arquitectónico de uso residencial, maioritario no ámbito do PECHA, destaca a vivenda urbana construída entre medianeiras con alturas de dúas a catro plantas cuxa planta baixa se destina a outros usos como pode ser o comercio. Trátase dunha tipoloxía de vivenda tradicional con muros de pedra (moitas delas resoltas con canteiría), estruturas e carpintarías de madeira e cubertas a base de tella curva, compostos de elementos singulares como corredores, balcóns, galerías ou miradoiros. Estas construcións consolidan o 81% das parcelas de uso residencial, con porcentaxes de ocupación media en parcela que rondan os 0,84 m² ocupados por cada m² de parcela, e edificabilidades en torno ao 1,96 m²/m².

b) AS EDIFICACIÓNS DOTACIONAIS

As edificacións dotacionais caracterízanse fundamentalmente pola dimensión cultural dos mesmos. O patrimonio da vila é rico e variado nestes, o que permite denominar ao C.H.A vila-museo de Allariz.

Destaca o complexo do Parque Etnográfico do Río Arnoia, exemplo de recuperación e integración dos elementos do patrimonio etnográfico que aínda subsisten, pertencentes ás actividades económico-culturais xeradas arredor do río, principalmente o curtido de peles e a transformación de gran de cereal. Como se dixo anteriormente, o forman os museos do Coiro, e do tecido e o Muíño do Buraco.

O Museo de Arte Sacra de Santa Clara, que abrangue tres pequenas dependencias barrocas do convento, foi construído no século XVIII pero cunha estrutura interior que data do século XIII e pertence á orde das irmás clarisas.

O Museo Iconográfico de Arte Sacra de Allariz, que presenta a colección exposta, propiedade da Fundación Aser Seara, formada por máis dun centenar de obras relixiosas de temática mariana, cristolóxica e haxiográfica.

O Museo Galego do Xoguete, localizado na planta baixa do pazo dos antigos xulgados, creado en 1995 polo Concello de Allariz grazas á doazón da colección de Alberto Oro Claro, veciño da vila, que durante anos foi quen de buscar, mercar e conservar máis de 600 pezas e que hoxe chegou a preto de 1.500 pezas representativas dos xoguetes do século XX.

Ademais do Museo da Moda e da Casa Museo de Vicente Risco.

Os restos do castelo de Allariz atópase no denominado Penedo da Vela . As súas boas defensas artificiais e naturais permitiron resistir o asedio das revoltas lmandiñas sendo unha das poucas en conseguilo. Xa a finais do século XIV e principios do XV sofre unha gran reforma. Daquela contaba cunha planta rectangular e catro torres circulares nas esquinas. En 1848, poxáronse os restos do castelo, sendo comprados polo concello. Coa súa pedra construíuse o caserío que se atopa xunto á atalaia e gran parte do empedrado da vila.

Nos restos que existen da muralla destacan tres sepulcros encaixados baixo arcos de descarga no muro sur ou os canecillos románicos do aleiro.

Nas inmediacións da igrexa de Santo Estevo de Allariz atopáronse os restos dunha



canalización con cuberta de bóveda de canón en granito que servía ao convento de Santa Clara.

Porén, existen outros edificios dotacionais como o propio Concello de Allariz, a escola infantil e o instituto ou os centros e residencias de maiores. En xeral, trátase de construcións que consolidan o 58% das parcelas de uso dotacional, con porcentaxes de ocupación media en parcela que rondan os 0,32 m² ocupados por cada m² de parcela, e edificabilidades en torno ao 0,57 m²/m².

En síntese, as grandes cifras do patrimonio edificado extraídas da información catastral, amósanse no cadro seguinte, e correspóndense cun total de 157.556,83 m² construídos.

Uso residencial	597	89,77%	Ocupación media en parcela	Edificabilidade media
Parcelas baleiras	42	7,04%	0 m ² /m ²	0 m ² /m ²
Parcelas ocupadas	555	92,96%	0,8421 m ² /m ²	1,9662 m ² /m ²
Uso dotacional	68	10,23%		
Parcelas baleiras	24	35,29%	0 m ² /m ²	0 m ² /m ²
Parcelas ocupadas	44	64,71%	0,3156 m ² /m ²	0,5749 m ² /m ²
Total	665	100,00%	0,7743 m ² /m ²	1,7868 m ² /m ²

10.3 O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

No tocante ao Patrimonio Arqueolóxico, o PXOM de Allariz identifica dentro do ámbito do PECHA dous elementos:

- O Castelo (identificado co código GA32001005): situado na xénese do nacemento da vila, no que se ubicou un castelo medieval (S.XI) que contaba con sólidas defensas naturais (rio, fortes pendentes do monte...) Con anterioridade puido localizarse un asentamento castrexo, posteriormente romanizado.
- A Necrópole da Igrexa de Santiago (co código GA32001006): na que se acharon un total de 15 tumbas antropomorfas escavadas na rocha, así como distinto material cerámico de procedencia medieval e galaico-romanda.



Polo C.H.A. de Allariz discorre de sur a norte en dirección a Ourense o Camiño de Santiago, de relevancia histórica e universal, que mediante a Vía da Prata prolonga a calzada romana que unía Mérida con Astorga, entra en Galicia pola Mezquita e continúa ata Fisterra.



10.4 O PATRIMONIO INMATERIAL

A complexidade da actividade urbana co C.H.A. de Allariz, con todo, non se cinxe aos usos que acubilla a edificación, senón que tamén hai unha vida urbana de certa intensidade nos espazos baleiros. O Casco Histórico é o espazo da feira, da festa e do lecer. O Campo da Barreira, a Alameda, o Arnado, o Castelo e todo o entramado de rúas e prazas do C.H.A. constitúen espazos cheos de vida en diferentes momentos do ano (festas, vacacións), do mes (feiras) ou do día, que dotan a Allariz dun numeroso patrimonio inmaterial, entre o que cómpre citar:

- A Festa do Boi, tradición celebrada de forma ininterrompida desde 1317, que se desenvolve tódolos anos a fin de semana antes do xoves de Corpus, e que conta co boi como elemento central percorrendo as rúas de Allariz.
- As tradicionais festas de San Bieito que se celebran a segunda fin de semana de Xullo.
- Festa da Empanada: tradición celebrada desde 1971 ao lado do río Arnoia en homenaxe aos emigrantes ausentes nas festas patronais por motivos de traballo.
- Festival Internacional de Xardíns de Allariz: Situado no Paseo Portovello, ao lado do Museo do Coiro, trátase dunha iniciativa singular que brinda desde o ano 2010 a posibilidade de desfrutar dun novo espazo recuperado para uso público, na marxe dereita do río Arnoia, facendo deste río un elemento de identidade, de ocio, de gozo da natureza e tamén de dinamización económica.
- O Feirón: A tradicional feira de Allariz dos días 1 e 15 de cada mes, que está a celebrarse desde o ano 2020 tódolos sábados, propiciando un fluxo constante de público cada semana ao interior do C.H.
- Xornadas de Carne de Boi de Allariz. Celebradas no mes de setembro desde o ano 2011, ten por obxecto a degustación deste produto local.
- Feira de Outono: evento gastronómico anual co obxecto de promocionar, potenciar e valorizar os produtos de outono.
- Feira da Artesanía “Arte de man”: na que teñen cabida mostras cerámicas, traxes, pinturas, xoias, xoguetes de madeira, gravados, esculturas e outras especialidades.
- Feira de produtos apícolas: celebrada desde o ano 2018 (suspendida no 2020 por mor da COVID), busca consolidarse como evento de referencia do sector apícola en Galicia.



En resumo, habería que salientar o que xa, implícita ou explicitamente, vimos dicindo: o Casco Histórico de Allariz é un espazo urbano onde a diversidade de usos é notoria. É un espazo no que se vive, se traballa, se resolven cuestións administrativas, se estuda, e se pode desfrutar do lecer. E todo elo dentro dun marco no que a calidade de vida é notoriamente alta, tanto pola ausencia de aspectos claramente negativos -tensión- como pola presenza de aspectos



positivos: oferta dotacional moi ampla e de calidade.

11 INFRAESTRUTURA URBANA

11.1 COMUNICACIÓNS, TRÁFICO E MOBILIDADE

Allariz foi un cruce de camiños xa dende tempos moi antergos, alomenos, dende a etapa da dominación romana. Punto neurálxico das comunicacións entre o leste e o oeste, isto é, entre a Meseta e Ourense, e tamén punto de enlace entre o sur e o norte da provincia ourensana, Allariz ten nese posicionamento moitas das explicacións ao seu desenvolvemento histórico. A vella ponte de San Isidro, que continuaba pola Calzada ou a ponte de Vilanova, aínda existente, son testemuñas da importancia das comunicacións na historia da vila.

Pero o que resulta máis importante é o feito de que o legado histórico das comunicacións non é algo pertencente só ao pasado, senón que segue a ser parte senlleira do sistema de comunicacións propio do Casco Histórico e, xa que logo, da propia vila.

Así, a circunvalación do Casco séguese a facer pola rúa Pardo Bazán -vella estrada de Castela- e a Barreira; as pontes de San Isidro e Vilanova seguen a ser pezas importantísimas para acceder e saír do C.H.A. e, mesmo, para a comunicación entre diversas zonas do Casco. Asemade, os eixos Portelo-Castelao, Hospital-Cruz-Vilanova ou Hospital-Cruz-Cárcere-San Estevo, aínda se configuran como antano, constituíndo pezas básicas da comunicación interna do Casco.

A apertura da variante da N-525 levou ao tráfego de paso fora da vila ao substituír o trazado que baixaba polas Picotas e Nanín ata a vila, seguindo polo Piñeiro, Orraca e Gundiás a Taboadeia, deixando Boa Madre á dereita. A construción da variante uniu A Padela con Gundiás pasando por Agüín e O Mato, construíndo unha nova ponte sobre do Arnoia, logo de ter cruzado a estrada de Xunqueira.

O novo trazado, pouco afortunado, alonxou á vila das comunicacións e provocou un léxico desplazamento cara á nova estrada de certos usos (hostelería, hoteis, algún comercio, gasolineras, artesanía e mesmo vivenda unifamiliar).

O interior do ámbito do PECHA pode considerarse, en termos de mobilidade, como non motorizado, ou de mobilidade preferente peonil. A extensa peatonalización do casco e as diversas sendas, camiños fluviais e espazos libres proporcionan unha boa cobertura na mobilidade camiñando. A mobilidade motorizada efectúase a través dun viario perimetral na parte suroeste, sur e sueste. Este viario está formado polas estradas OU-320 e OU-0152 que se intersecan nun punto, polo que a optimización no funcionamento da mesma é factor clave para que non se colapse o viario.

Ademais destes viarios, o PXOM contén na súa redacción un viario que pechará a variante de Allariz, unindo a rúa Arqueta coa Estrada da Xunqueira, sempre relevante na mobilidade motorizada.

A intersección, de 3 ramas, divide a OU-320 en norte e sur, e ten inicio a OU-0152. Antes da intersección, a OU-320 no seu tramo norte, recibe o tráfico da OU-0151 e da OU-300.



Na actualidade, existen datos de aforo autonómicos e provinciais, para todas estas estradas, polo que se pode prever en base aos mesmos, as IMD medias que afectarán á intersección, e que serán as seguintes:

- Rama 1 (oeste): $OU-320(12)+OU-300(1)+OU-0101 = 3519 \text{ veh/d}$
- Rama 2 (sur): $OU-320(6) = 145 \text{ veh/d}$
- Rama 3 (norte): $OU-0152 = 4.321 \text{ veh/d}$

Observando isto, é fácil deducir que a dirección principal no cruce é a oeste-norte, polo que, tras observar a actual configuración da intersección, esta beneficia aos movementos sur-norte, o cal contradi os datos aportados polos aforos.

Asemade, a intersección está configurada sen carrís centrais de aceleración, o que provoca que para efectuar os cruzamentos a esquerda, se deban de atravesar ambos carrís nun movemento. Este fenómeno, provoca que o tempo de espera se incremente en máis do 100%, e pode provocar que as illas centrais de agarda ou o carril de xiro a esquerda, excedan a súa capacidade, colapsando o carril de movemento á fronte.

Pero ademais, a futura variante prestará servizo directo á zona sur de Allariz, a cal está próxima á mesma, proporcionando un movemento ao norte e oeste paralelo ao actual. Desta maneira, a intersección actual favorecería unha mobilidade máis fluída na mesma dirección que a variante, duplicando o viario en detrimento de favorecer a conexión OU-320 coa OU-0152.

Respecto da mobilidade alternativa, o ámbito do PECHA conta cunha excelente oferta de mobilidade peonil, debido a súa extensa peatonalización ou zonas de mobilidade preferente para peóns. Na parte máis exterior do ámbito do PECHA conta con grandes espazos libres con camiños de terra ou en estado natural. Porén, non é tan boa opción para a mobilidade ciclista. Aínda que certamente as vías de mobilidade non motorizada representan unha vía de mobilidade ciclista, capaz de moverse en calquera viario, a libre organización de ambos tráfico non é unha das situacións máis recomendables nos presentes tempos polos seguintes motivos, e para o caso expreso de Allariz:

- O carácter de conxunto histórico de Allariz, leva a que moitas das rúas contén nalgún punto con empedrado de grandes pedras a distintos niveis, escaleiras ou cambios de alturas. Estes puntos son infranqueables para a mobilidade ciclista.



- Por outra banda, a concentración de mobilidade ciclista nas rúas con posibilidades, provoca, debido ao incremento no uso deste medio, unha situación perigosa para os peóns se non se organiza axeitadamente, debido ás altas diferencias nas velocidades relativas.

11.2 ABASTECIMENTO DE AUGA

Todo o ámbito do PECHA conta con rede de abastecemento de auga en boas condicións de subministro. Segundo os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais da Deputación de Ourense (en diante EIEL), a rede de abastecemento conta cun colector que discorre preto de 700 m polo interior do PECHA, pasando por Rúa Vilanova e pola rúa Rúa Emilia Pardo Bazán. Pola súa banda, a rede de distribución conta cunha extensión de 4.250 m.l. e abarca a maior parte do Casco Histórico. Tal e como se reflicte no plano de información, unicamente carecen deste servizo, aquelas rúas nas que non existe edificacións destinadas a usos principais, tales como Camiño do Cemiterio, Camiño do Castelo ou Camiño Socastelo. Asemade, existen zonas nas que as edificacións dan fronte a dúas rúas e que polo tanto, só unha delas conta con abastecemento. Deste xeito, carecen tamén de servizo de abastecemento a Rúa Nova e a Rúa Oliveira..

11.3 SANEAMENTO

Aínda que os datos da EIEL unicamente revelan a existencia de dous colectores principais nas marxes do río Arnoia que levan ata a estación depuradora situada augas abaixo da vila, e o trazado da rede de saneamento sobre a rúa Emilia Pardo Bazán, Pepe Puga e Estrada de Xunqueira cara ao Camiño Aceñas, a realidade física é ben distinta, pois a rede de saneamento do Casco Histórico é tan extensa como a de abastecemento, e unicamente carecen do servizo as zonas entorno ao Monte do Castelo sen edificacións principais.

11.4 ENERXÍA ELÉCTRICA E ILUMINACIÓN PÚBLICA

A EIEL revelan os puntos onde existen iluminación pública, e por tanto, enerxía eléctrica. Como se pode apreciar, todo o Casco Histórico dispón deste servizo mais nos últimos anos estiveron a realizarse numerosas actuacións de mellora e integración do servizo no Casco Histórico, soterrando o cabreado aéreo ou apegándoo ás fachadas, eliminando cruces no tendido existente, así como numerosos postes que provocaban fortes impactos na escena urbana.

No tocante á iluminación pública no interior do Casco Histórico, identificáronse un total de 226 puntos de luz, o que representa una media de 1 punto de luz por cada 25-30 metros de rúa..

11.5 REDES DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS E OUTROS SERVIZOS ADICIONAIS

O Casco Histórico conta na súa totalidade con redes de comunicacións electrónicas por cable, logo de diversas actuacións para acadar a total desaparición das antenas das cubertas. Debe terse en conta, que o miradoiro principal do ámbito, o Monte do Castelo, proporciona unha imaxe do Casco Histórico focalizada nas súas cubertas, e por tanto estas, deben ser consideradas como unha fachada máis.



Respecto dos residuos sólidos urbanos, todo o ámbito conta con puntos de recollida selectiva, e mesmo con zonas de compostaxe comunitario perfectamente integrados no entorno.

12 DOTACIÓNS URBANÍSTICAS

Apesares da expansión urbana producida nas tres últimas décadas como consecuencia da acción conxunta dos cambios experimentados na súa estrutura produtiva, nas infraestruturas de comunicación ou, na propia demografía municipal, na vila de Allariz o Casco Histórico aínda é a peza urbana capital. E iso amósase non so na actividade -económica e social-, senón tamén nas dotacións urbanísticas.

No espazo delimitado como Casco Histórico ten a súa ubicación boa parte dos equipamentos e as mellores dotacións en espazos libres e zonas verdes de toda a Vila.



12.1 EQUIPAMENTOS

As necesidades de equipamento dentro do ámbito do PECHA atópanse máis que cumpridas coas dotacións actuais, que dan resposta a usos sanitario-asistenciais, deportivos, educativos, culturais, de servizos públicos, relixiosos e de relación social. De entre todos eles, destaca por envergadura o Convento de Santa Clara, seguido do espazo ocupado polo IES de Allariz e do Fogar dos Maiores, excelente exemplo de intervención no interior do quintero. Cara ao norte, destaca a presenza das piscinas municipais a carón da Igrexa de Santa María de Vilanova e do cemiterio municipal, cuxa ampliación foi xa contemplada no PXOM.

A continuación achégase unha táboa dos equipamentos existentes, identificando o seu código, nome, superficie en metros cadrados e estado actual.

Código	Nome	Estado	Superficie m2
DPv-EQ-AS-01-Ex	Residencia de maiores / Fundación San Rosendo	Bo	383,33
DPv-EQ-REL-01-Ex	Igrexa de Santiago	Bo	359,14
DPv-EQ-REL-02-Ex	Igrexa de Santo Estevo	Bo	659,64
DPv-EQ-REL-03-Ex	Igrexa de San Bieito	Bo	1.048,51
DPv-EQ-REL-04-Ex	Convento de Santa Clara	Bo	25.541,36
DPv-EQ-REL-05-Ex	Igrexa de San Pedro	Bo	322,44
DPv-EQ-REL-06-Ex	Igrexa de Santa María de Vilanova	Bo	269,46
DPv-EQ-REL-07-Ex	Cemiterio de Santa María de Vilanova	Bo	1.777,63
DPv-EQ-REL-08-Ex	Cemiterio	Bo	1.112,03
SL-EQ-DM-01-Ex	Dotacional múltiple na praza Campo dos Brancos	Bo	150,57
SL-EQ-DM-02-Ex	Dotacional múltiple en Aceñas	Regular	80,67
SL-EQ-SC-09-Ex	Centro cívico "A Fábrica"	Bo	303,87
SL-EQ-SC-12-Ex	Casa do Boi	Bo	64,76



Código	Nome	Estado	Superficie m2
SL-EQ-SC-13-Ex	Futuro Museo Medieval	na	334,56
SX-EQ-AD-03-Ex	Información turística - Caseta do Camiñeiro	Bo	44,49
SX-EQ-AD-02-Ex	Oficina de rehabilitación e urbanismo	Bo	96,24
SX-EQ-AD-01-Ex	Casa do Concello de Allariz	Bo	327,82
SX-EQ-AS-01-Ex	Fogar dos Maiores	Bo	2.634,43
SX-EQ-DE-01-Ex	Piscinas municipais	Bo	3.192,79
SX-EQ-ED-01-Ex	IES Allariz	Bo	7.865,98
SX-EQ-ED-02-Ex	Gardería infantil	Bo	872,92
SX-EQ-SC-01-Ex	Museo galego do xoguete e Centro de promoción económica	Bo	540,29
SX-EQ-SC-02-Ex	Centro sociocultural Torre Lombarda	Bo	918,90
SX-EQ-SC-03-Ex	Centro de maiores	Bo	276,40
SX-EQ-SC-04-Ex	Muiño do Burato (Parque etnográfico do Río Arnoia)	Bo	105,62
SX-EQ-SC-05-Ex	Muiño do Borrelo (Parque etnográfico do Río Arnoia)	Bo	145,24
SX-EQ-SC-06-Ex	Museo Iconográfico de Arte Sacro	Bo	216,03
SX-EQ-SC-08-Ex	Museo da moda	Bo	281,68
SX-EQ-SC-09-Ex	Fundación Vicente Risco	Bo	424,56
SX-EQ-SC-11-Ex	Museo do coiro "Familia Nogueiras"	Bo	1.055,98
SX-EQ-SC-14-Ex	Casa da Cultura e Biblioteca	Bo	389,47
SX-EQ-SP-08-Ex	Cemiterio municipal	Bo	2.386,21

Visto que o sistema xeral de equipamento acada un total de 21.987,57 m², o sistema local os 3378,83 m² e que estes se ven reforzados por 31473,39 m² de dotacións privadas de equipamento, non é desmesurado afirmar que o Casco Histórico de Allariz ten, ten un nivel de dotacións equipamentais de primeira magnitude.

Ademais, deste cadro despréndese unha superficie total de equipamentos públicos de 25.995,68 m². Debe destacarse tamén o elevado grado de mantemento destes espazos, que unicamente precisan mellorar nas edificacións existentes en Aceñas.

12.2 ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

Como se ten visto en apartados anteriores, a oferta de Allariz no relativo a espazos libres e zonas verdes é excelente. Os grandes espazos libres constitutivos do sistema xeral sitúanse no interior do PECHA. Destaca pola extensión de máis de 1,5 Has o Monte do Castelo, se ben debido á súa abrupta topografía, é a dotación da que menos uso fai a poboación. Séguelle en orde decrecente, area recreativa de Vilanova, centro neuráxico do lecer e espaxamento, e o Campo da Feira "A Barreira", acotío empregado como aparcadoiro. O Parque de Portovello e A Alameda complementarios da área recreativa de Vilanova, superan a hectárea de superficie.

A continuación achégase unha táboa dos espazos libres e zonas verdes existentes, identificando o seu código, nome, superficie en metros cadrados e estado actual.

Código	Nome	Estado	Superficie m2
SL-EL-ARP-02-Ex	Espazo libre na Praza Campo dos Brancos	Bo	817,22



Código	Nome	Estado	Superficie m2
SL-EL-ARP-01-Ex	Área de intramuros	Bo	686,94
SL-EL-PAR-07-Ex	Espazo libre no cemiterio de Santa María de Vilanova	Bo	580,23
SL-EL-PRA-02-Ex	Praza dos Cruceiros	Bo	739,08
SL-EL-XAR-04-Ex	Área axardinada na estación de Buses	Bo	109,85
SX-EL-PAR-01-Ex	Parque do Portovello	Bo	5.847,84
SX-EL-PAR-02-Ex	Área recreativa de Vilanova	Bo	12.912,98
SX-EL-PAR-03-Ex	Monte do Castelo	Regular	13.795,83
SX-EL-PAR-05-Ex	Parque no paseo do Arnoia	Bo	1.089,35
SX-EL-PAR-06-Ex	Parque do Portovello	Bo	1.221,12
SX-EL-PAS-01-Ex	A Alameda	Bo	14.312,75
SX-EL-PRA-01-Ex	Campo da Feira "A Barreira"	Regular	14.878,85
SX-EL-XAR-01-Ex	Xardín en Acearica	Bo	10.928,10

Deste cadro despréndese unha superficie total de espazos libres e zonas verdes de 77.915,18 m², dos cales o 96% se corresponde aos sistemas xerais. Pode verse tamén o elevado grado de mantemento destes espazos, que unicamente precisan mellorar no entorno do Castelo e na pavimentación de A Barreira.

12.3 INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS

No ámbito do PECHA identifícanse como infraestruturas de comunicacións os seguintes:

Código	Nome	Superficie	Estado
SL-IC-VIA-02-Ex	Aparcadoiro Vilanova	1.502,07	Bo
SX-IC-VIA-01-Ex	Estación de Buses	1.169,92	Bo

12.4 INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

As infraestruturas de servizo delimitadas correspóndense unicamente co centro de transformación situado a carón do Castelo.

Código	Nome	Superficie	Estado
SX-IS-ELE-01-Ex	Centro de transformación	18,53	Bo

13 EDIFICACIÓNS

13.1 DATOS XERAIS

A edificación do C.H.A. de Allariz é, sen lugar dúbidas o seu elemento máis significativo.

Logo da realización dunha cartografía a escala 1:500 para a elaboración do presente PECHA; pode concluírse que, do total superficial do C.H.A. -32,70 Has-, coma xa apuntábamos no apartado 10.2 da presente Memoria, só 27 Ha. constitúen o que, en sentido estrito poderíamos chamar espazo urbano. Deses aproximadamente 271.211 m² de espazo plenamente urbano, o



que son propiamente parcelas privadas, ou sexa non afectas a espazos libres, equipamentos, viario, nin a elementos naturais -coma o río-, ocupan unha superficie de 97.078,66 m². E dentro destas, a edificación de todo tipo, ocupa en planta unha superficie de 51.268,97 m², dos que 47.417,01 m² constitúen a edificación que decote coñecemos como principal (vivenda, comercio, artesanía, servicios, equipamentos, etc.); e 3.851,96 m² corresponden á edificación chamada auxiliar ou secundaria (hórreos, alpendres, adegas, cortes, cortellos, garaxes, etc.). A superficie ocupada pola edificación no conxunto do ámbito (incluíndo as parcelas dotacionais) ascende a 192.127,47 m².

A superficie total construída para os usos principais (incluídos os dotacionais) acada os 156.79,68 m² repartidas nunha media, aproximada, de 1,99 plantas por edificación e unha edificabilidade de 1,79 m²/ m² se a referimos ao total da superficie das parcelas privadas; de 0,73 m²/ m², se o referimos ao espazo urbano en sentido estrito; e de 0,48 m²/ m² se a referimos ao total do ámbito delimitado no presente Plan Especial.

Das 579 edificacións dedicadas a usos principais -ocupadas e baleiras- 28 teñen unha soa planta (a baixa); 296 teñen dúas (baixa e primeiro andar ou baixa e soto), 233 teñen tres (alguna delas con sotos), 21 teñen 4 plantas, 1 ten cinco plantas. Por tanto, a maioría das edificacións - 51 % - correspóndense con edificacións de dúas plantas.

De acordo coa información recompilada, a inmensa maioría das unidades parcelarias -408 dun total de 669-, son merecentes dalgún tipo de protección (integral, estrutural ou ambiental) polos seus valores histórico-artísticos, arquitectónicos, ambientais etc. e, por tanto, inclúense no correspondente Catálogo.

Para o conxunto da edificación catalogable, o estado da edificación pódese dicir que é bo.

13.2 VALORACIÓN DA EDIFICACIÓN

Polos seus valores históricos, arquitectónicos, tipolóxicos, construtores urbanísticos a inmensa maioría da edificación, como xa vimos no apartado interior, é merecente dalgún tipo ou grao de protección.

A edificación de meirande vellez e valor, sitúase dentro do recinto de murallas. Pero fóra do terceiro recinto medieval tamén se localizan elementos de grande significación como poden ser: O Convento de Santa Clara, as Igrexas de San Bieito, Santa María de Vilanova ou Torre Lombarda.

Dentro do recinto medieval, ademais dos restos do Castelo -practicamente desaparecido na súa totalidade-, hai que salientar: as tres igrexas: Santiago, San Estevo e San Pedro, e as seguintes edificacións: O Colexio da Asunción, tamén coñecido como Cárcel, edificio no que hoxe, unha vez adicada por enteiro na actualidade a Casa da Cultura e Biblioteca; a casa dos Enríquez, como a anterior situada na Praza Maior, cos seus soberbios canzorros e balconada; A Paneira, onde hoxe ten ubicación a Fonte; a primitiva casa medieval dos Amoeiro, unida á que da ao río por medio da edificación situada enriba do Arco que cruza a Rúa que, precisamente, leva o nome de Balcón de Amoeiro; a Casa de Arcai, a cabalo entre as Prazas Maior e de Abaixo, a Casa de González Ojea, edificada a mediados do século XVIII sobre do vello solar dos Castro; A Casa do Indiano ou Pazo do Xulgado, na Rúa do Pórtelo...



Pero as edificacións de interese non se esgotan no relatorio máis antigo que vimos de facer. Así a Casa dos Salgado, na Praza Maior ou as do Pórtelo situadas por riba das de Ojea, así como os conxuntos en feira inzados sobre da Muralla (Hortas, Entrecercas, Socastelo e Rúa Nova) os continuos da edificación existente nas rúas Hospital, San Lázaro, de Abaixo ou Ferrería; a edificación que conforma o arrabalde do Couto (fora de Murallas), o caserio da rúa Viianova, ou a edificación burguesa inzada na Barreira, na vella rúa Xardín no Pórtelo ou en Pardo Bazán...; e un longuíssimo etcétera, son mostras dunha edificación de indubidable valor arquitectónico e construtivo, testemuñas que reflictan xeras pasadas, pero tamén elementos que transcenden dun tempo e, dunhas funcións para facérense bens de interese cultural.

A diversidade de estilos, de tipoloxías, de patróns arquitectónicos, de técnicas construtivas, de disposicións, de tamaños, de fasquías de usis etc. é realmente impresionante.

A beira de edificios orixinariamente inzados nos séculos XII, XIII e XIV temos outros do XIX e do XX de grande valor. A beira da edificación monumental dun porte incrivelmente grande, pero integrado no conxunto da vila, como poden se-los máis de doce mil cincocentos metros cadrados do Convento das Clarisas en mostras maravillosas que non chegan a acadar os 100 m, como é o caso da edificación que fai esquina á rúa da Cruz e ao Portelo ou casiñas sobre da muralla que non ocupan máis de 57 m² en planta, como é o caso da que fai esquina a Pardo Bazán e á rúa das Flores. A beira da edificación construída con depurada fábrica de sillares de pedra, temos as máis humildes mamposteras, pero non por elo menos importantes dende a perspectiva arquitectónica. A beira da edificación claramente urbana e burguesa aínda son importantes as mostras de edificación onde os patróns arquitectónicos revelan os pasados usos agrarios. Xunto ao porte da edificación relixiosa, ata hai pouco tempo a única que se inzaba sobre do conxunto, asistimos ao porte dos edificios que acollían usos industriais: os do coiro como as Fábricas de Nogueira, Alameda, Vilanova ou a Lombarda; os do pan, como a Acearica. Conviven os paramentos lisos, con apertura de ocos cara dentro ou cara fora, cos paramentos onde voan balcóns e miradoiros, ou con solucións onde prima a solaina e o patio. A madeira e o ferro conviven en harmonía, como o. poden facer a pedra vista (sillares, manipostería concertada) coa pedra enfoscada, enlucida e pintada. Ou o xogo das cubertas que con distintas augas e pendentes, pero coa unicidade na estrutura (adoito de madeira) e na cubrición (case sempre de tella curva de barro cocido, do país), é un reflexo fiel do parcelario e unha imaxe de distintas sensibilidades: a de antano e a día de hoxe.

E xunto á edificación principal, o Casco Histórico aparece, aínda agora, cargado de edificación complementaria: hórreos, adegas, alboios, alpendres, cortes, cortellos, celeiros, almacéns, garaxes, cubertos de todo tipo e tamaño, que son igualmente testemuñas dunhas funcións que na súa meirande parte xa son historia, pero que, polo mesmo, deberían ser conservadas.

Nas últimas décadas téñense producido alteracións de certa importancia no patrimonio edificado. Moitos edificios desapareceron para seren substituídos por outros, na maioría dos casos de baixa calidade construtiva e de escaso valor de adaptación ao medio. Noutros casos téñense producido alteracións graves coa substitución de carpinterías coa modificación de ocos, coa adición de plantas e recuados ou coa construción de engadidos aparelados a primixenia edificación; co troco indebido de cubertas, coa construción de terrazas impropias...;



o listado é enorme.

A este mostrado de despropósitos é ao que lle vai tentar que poñer couto a Normativa do Plan Especial. Non se trata de construír só dun xeito mimético cando se poida abordar obra nova, senón de saber integrar como é debido modernidade e tradición, fuxindo dunha falsa modernidade que non é máis coa unha copia descarada e mal feita dos resultados máis noxentos da construción actual, que é a peor das mímese imaxinables.

14 VALORACIÓN CRÍTICA

Finalizada a descrición analítica e sintética da situación histórica e actual, é posible establecer de xeito resumido, aqueles factores que inflúen ou poden influír no C.H.A, tanto positiva como negativamente.

14.1 PROBLEMAS

A presión urbanística no ámbito para a construción de vivenda colectiva e a crise experimentada polo sector da construción pon en risco o mantemento das tipoloxías tradicionais, e por extensión, do patrimonio existente.

O crecemento urbano expansivo, realízase habitualmente de costas ao C.H.A, polo que tende a abandonarse o mantemento e conservación das infraestruturas de servizos existentes no ámbito.

O excelente desenvolvemento do sector turístico, configúrase como un punto de atracción de poboación ao C.H.A, en ocasións causando especiais aglomeracións, mais non redunda nun incremento da poboación municipal. Os cambios funcionais que o turismo leva aparelado (a presión dos visitantes, o incremento do tráfico ou o aumento dos lugares de ocio) pode provocar certo despoboamento e á ruptura do equilibrio social.

O PECHA vixente establecía uns obxectivos e criterios xerais para o ámbito sen afondar na análise da paisaxe, da súa percepción externa, limitándose á percepción interna como identidade cultural.

O espazo destinado a aparcadoiro de vehículos é reducido no interior do ámbito, limitándose unicamente ao Campo da Barreira e en menor medida no fronte da Igrexa de Santa María de Vilanova. O vehículo privado debe circular polos bordos do C.H.A. na procura dun estacionamento, o que supón un condicionante para o tecido residencial, mentres que o espazo para outros medios de transporte, como a bicicleta non foi considerada a día de hoxe no ámbito, a pesares de contar con sendas aptas para a coexistencia do uso peonil co uso ciclable de baixa velocidade.

14.2 RETOS

A revisión do PECHA debe constituír unha aposta polo mantemento, conservación e construción de calidade.

Debe manterse a oferta de servizos do C.H.A. dentro do contexto rural do concello, así como o interese turístico e o valor do seu patrimonio tanto material como inmaterial. As infraestruturas básicas de abastecemento, saneamento e electricidade deben proporcionar un adecuado



servizo á poboación.

Seguir apostando pola diversificación das actividades existentes e polo desenvolvemento de sectores produtivos propios e diversos contribuiría a minguar o despoboamento do medio rural, mentres que as prácticas turísticas e culturais deben asumir que C.H.A. é un ben de todos e deben estar abertas ao seu uso respectuoso.

Entender o C.H.A. como unha "paisaxe cultural" sobre a que definir actuacións e medidas de control da transformación sobre el debe contribuir a unha preservación da configuración espacial e á identificación das contornas críticas sobre os que actuar.

Mellorar a oferta de aparcadoiro nas proximidades do ámbito, sen producir impactos no BIC e valorar outros medios de transporte sostibles no espazo.

14.3 OPORTUNIDADES

As rehabilitacións realizadas no entorno do río (Vilanova, Nogueira e Lombarda) son un excelente exemplo de como reutilizar vellas construcións para novos usos sen perder a esencia do que no seu día foron. As novas posibilidades edificatorias e de rehabilitación que o PECHA permita, haberán de manter esta identidade de calidade que a vila de Allariz leva asociada.

Os trazados das redes de servizos (abastecemento, saneamento e electricidade) permiten a súa substitución ou mellora, sen mais obstáculo que as posibles molestias ocasionadas durante as obras, e o necesario levantamento dos pavimentos existentes.

As actividades artesanais, constitúen non só no plano social ou cultural, un fito con capacidade de xeración de emprego e riqueza e unha oportunidade para o fomento da comercialización da artesanía galega e o impulso da competitividade. O desenvolvemento dos *outlets* comerciais e das explotacións gandeiras e agrícolas ecolóxicas no entorno circundante, poden contribuir a unha mellora da oferta comercial do C.H.A, a acadar unha realidade urbana viva, pero tamén ao incremento poboacional do municipio, tanto no núcleo urbano como no rural.

O mantemento do vehículo privado na periferia do C.H.A. supón a recuperación de espazo para as persoas, de garantir encontros entre os seus veciños, de vertebrar as rúas con espazos de lecer, e de poñer estes espazos a disposición de actividades e eventos socioculturais.

14.4 NECESIDADES

O PECHA debe contar cunha normativa orientada á construción de calidade, prohibindo o emprego de solucións tipolóxicas e materiais desconformes co ámbito actual.

A análise do estado das redes de abastecemento, saneamento e electricidade permitirán concretar no PECHA as actuacións de mellora a realizar nestas.

Asemade, o recoñecemento ás actividades artesanais que configuraron boa parte da historia local, debe materializarse no C.H.A. coa promoción de feiras e mercados que permitan a apertura a novos clientes potenciais.

O PECHA debe incidir especialmente nos usos permitidos no ámbito, logrando a reutilización funcional do seu rico patrimonio, relacionándoo cos usos existentes na periferia e debe articular



ALFONSO
BOTANA



estes cos establecidos no PXOM e cos mecanismos de revitalización dos núcleos rurais que se están levando a cabo no concello.

As análises dos valores paisaxísticos do ámbito permiten identificar os ámbitos singulares sobre os que é preciso reorientar a súa transformación ou proxectar unha intervención restauradora.

O PECHA afondará no estudo da mobilidade do ámbito, e estendido ao solo urbano de Allariz, co fin de determinar as mellores articulacións do tráfico rodado, peonil e ciclista.

Asinan:

Alfonso Botana Castelo

Arquitecto

Beatriz García Becerra

Arquitecta

Paula Fernández Otero

Bióloga